



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 32

**Sesión plenaria**  
4 de decembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-jEfrGBQL-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 3. Proposicións non de lei

#### 3.1 3504 (12/PNP-000389)

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

#### 3.2 13110 (12/PNP-001073)

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha en materia de vivenda de protección pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f1, do 17.10.2024

#### 3.3 13871 (12/PNP-001159)

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Candia López, María Elena e nove deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f1, do 05.11.2024

#### 3.4 14589 (12/PNP-001233)

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de materializar a transferencia competencial e o traspaso efectivo de funcións e medios en materia de servizos meteorolóxicos e estudos oceanográficos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

#### 3.5 14608 (12/PNP-001234)

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e un deputados/as máis**

Sobre a demanda de apoio por parte do Goberno galego á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia, rexistrada novamente nesta lexislatura polo Grupo Parlamentario do BNG

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024



**3.6 14657 (12/PNP-001239)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta respecto da capacidade da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica de Galicia para o cumprimento dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

**Punto 4. Interpelacións****4.1 3470 (12/INT-000236)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

**4.2 13351 (12/INT-000586)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

**4.3 14234 (12/INT-000624)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 14958 (12/POPX-000025)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de respecto ao labor das institucións de Galicia por parte do presidente do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024



**5.2 14959 (12/POPX-000026)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 14148 (12/POP-002103)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre as novidades introducidas na revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

**6.2 13746 (12/POP-002038)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 30.10.2024

**6.3 14946 (12/PUP-000060)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a oportunidade que ten a Xunta de Galicia de adquisición do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, para convertelo nun centro socioasistencial de carácter público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

**6.4 14945 (12/PUP-000058)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a titulación de acceso ás prazas de educador ou educadora social da escala de técnicos facultativos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

**6.5 14462 (12/POP-002128)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024



**6.6 14465 (12/POP-002129)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da cobertura das prazas vacantes de pediatras no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

**6.7 14509 (12/POP-002133)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024

**6.8 14923 (12/PUP-000057)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre a posible transferencia en Galicia dos usuarios de Muface á sanidade pública

**6.9 14547 (12/POP-002139)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia ante o expediente de regulación de emprego presentado pola empresa Circet

Publicación da iniciativa, BOPG nº 118f2, do 20.11.2024



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de respecto ao labor das institucións de Galicia por parte do presidente do Goberno galego.** (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 16.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das persoas maiores.** (Punto quinto da orde do día)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

*A señora Pontón Mondelo (BNG) observa determinadas inexactitudes no discurso do señor presidente da Xunta de Galicia, polo que pide a palabra. O señor presidente dálle a palabra para que esclareza o contido desas inexactitudes.* (Páx. 23.)

*O señor presidente da Xunta de Galicia responde á intervención da señora Pontón Mondelo.* (Páx. 23.)

*O señor presidente dá paso ao punto sexto da orde do día e informa dun erro de transcripción que se soluciona comezando polo punto 6.5 daquela.* (Páx. 23.)

**Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia.** (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 24.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 26.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 27.)

*O señor presidente comunica que se vai substanciar a pregunta 6.9 (documento número 1.4547), que polo erro de transcripción anterior non se pudiera levar a cabo.* (Páx. 27.)



**Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia ante o expediente de regulación de emprego presentado pola empresa Circet. (Punto sexto da orde do día)**

Intervención do autor: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 28.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 29.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 30.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez). (Páx. 30.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha en materia de vivenda de protección pública. (Punto terceiro da orde do día)**

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. López Font (S). (Páx. 32.)

Intervención do grupo parlamentario emendantes Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención) (Páx. 37.) e Sra. Deza Martínez (P). (Páx. 37.)

O señor López Font (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 40.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal. (Punto terceiro da orde do día)**

O señor presidente comunica a autoemenda presentada polo propio grupo autor da proposición non de lei e as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Candia López (P). (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Méndez López (S) (Páx. 45.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención). (Páx. 50.)

A señora Candia López (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 50.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de materializar a transferencia competencial e o traspaso efectivo de funcións e medios en materia de servizos meteorolóxicos e estudos oceanográficos. (Punto terceiro da orde do día)**

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 54.)





Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 57.) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 57.)

A señora Prado del Río (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 59.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e un deputados/as máis, sobre a demanda de apoio por parte do Goberno galego á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia, rexistrada novamente nesta lexislatura polo Grupo Parlamentario do BNG. (Punto terceiro da orde do día)**

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 62.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 66.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 67.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 69.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta respecto da capacidade da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica de Galicia para o cumprimento dos seus obxectivos. (Punto terceiro da orde do día)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención) (Páx. 73.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 73.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 77.)

Nova intervención do señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 80.)

O señor Rodríguez Martínez (P) fai uso da palabra por alusións e pídelle á señora Iglesias Rey (S) que retire determinadas expresións. (Páx. 82.)

A señora Iglesias Rey (S) pide a palabra en relación co decoro e coa dignidade, mais o presidente non lla concede e esta non retira as expresións referidas. (Páx. 84.)

### **Votación das proposicións non de lei**

A señora Castro Rey (S) pide a palabra e intervén para solicitar, pola súa propia iniciativa, a votación do punto número 2 por separado do resto de puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, que é aceptada. (Páx. 85.)





Votación do punto número 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación dos puntos non votados da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero: *rexeitados por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha en materia de vivenda de protección pública: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 86.)

O señor Castro García (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación do punto número 3 e do punto número 4 por separado do resto de puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da señora María Elena Candia López, que non é aceptada. (Páx. 87.)

A señora Candia López (P) fai uso da palabra para manifestar que se acepta a votación do punto número 8 por separado, mais non dos puntos números 3 e 4. (Páx. 87.)

Votación do punto número 8 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal: *aprobado por 64 votos a favor, 0 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 87.)

Votación dos puntos non votados da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal: *aprobados por 72 votos a favor, 0 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de materializar a transferencia competencial e o traspaso efectivo de funcións e medios en materia de servizos meteorolóxicos e estudos oceanográficos: *aprobada por 64 votos a favor, 0 votos en contra e 8 abstencións* (Páx. 88.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e un deputados/as máis, sobre a demanda de apoio por parte do Goberno galego á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia, rexistrada novamente nesta lexislatura polo Grupo Parlamentario do BNG: *rexeitado por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. .)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta respecto da capacidade da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica de Galicia para o cumprimento dos seus obxectivos: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. ũŸ.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro.*

### ***Alteración da orde do día***

*A señora presidenta (Candia López) comunica a solicitude, por parte da Xunta de Galicia, de aprazamento da pregunta 6.2 (documento 1.3746) e dá o paso á seguinte pregunta da orde do día, a 6.4 (documento 1.4945).* (Páx. 89.)

**Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a titulación de acceso ás prazas de educador ou educadora social da escala de técnicos facultativos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia.** (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S).* (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-prado).* (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S).* (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-prado).* (Páx. 93.)

### ***Alteración da orde do día***

*A señora presidenta (Candia López) comunica o debate acumulado das preguntas ao Goberno 6.6 (documento número 1.4465) e 6.7. (documento número 1.4509), en aplicación do artigo 159.1 do Regulamento.* (Páx. 94.)

**Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da cobertura das prazas vacantes de pediatras no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras** (Punto sexto da orde do día)



**Pregunta de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras. (Punto sexto da orde do día)**

Intervención do autor e da autora: *Sr. Fernández Fernández (BNG) (Páx. 94.) e Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 95.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 96.)*

Réplica do autor e da autora: *Sr. Fernández Fernández (BNG) (Páx. 98.) e Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 99.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 100.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a posible transferencia en Galicia dos usuarios de Muface á sanidade pública. (Punto sexto da orde do día)**

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 101.)*

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. 103.)*

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 104.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño). (Páx. .104)*

*Remata a sesión ás catro e cincuenta e un minutos da tarde.*



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión co punto 5 da orde do día, que é o de preguntas para resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de respecto ao labor das institucións de Galicia por parte do presidente do Goberno galego**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Moitas grazas, presidente.

Bos días.

Señor Rueda, ¿en que medida cre vostede que respecta o labor das institucións de Galicia? Eu, que son un convencido de que, efectivamente, o sistema institucional pode ser reformado e modernizado, tamén son un convencido de que fóra deste sistema institucional todo sería moitísimo peor. Hai xente que non cre que isto sexa así; por certo, xente moi próxima ao seu partido. Pero, bueno, a democracia non é soamente votar, aceptar o resultado dunhas eleccións, lexitimar ese resultado, senón que supón tamén exercer dereitos, protexer e cumprir coas obrigas, e vostede, como presidente da Xunta de Galicia, ten máis obrigas que o resto de galegos e de galegas.

Neste Parlamento estase celebrando unha comisión de investigación que trata de saber e de averiguar por que vostedes construíron un hospital en Vigo máis pequeno, pero 470 millóns de euros máis caro. E, en segundo lugar, para averiguar por que moitos dos contratos da Xunta de Galicia benefician a familiares do Partido Popular. ¿Que foi o que fixo vostede? Pois vetar comparecencias que plantearon outros grupos parlamentarios, vetar información que solicitaron tamén outros grupos parlamentarios e soamente quedar cos comparecentes e coa información que pedía o Partido Popular, para pechar xa o círculo dunha forma definitiva e ocultar a verdade.

O resultado, entre outras cousas, é que vostede sinalou o seu partido como culpable nesa comisión de investigación e sinalou tamén a Alberto Núñez Feijóo como cabecilla de toda a operación. E isto responde non a unha situación anormal, senón a unha estratexia habitual, e é un *modus operandi* do Partido Popular.

En materia de información transparente, vostedes teñen a triste honra —vostede ten a triste honra— de formar parte dun goberno condenado polo Tribunal Superior de Xustiza por ocultar información. Era aquel famoso documento da fusión das caixas que non chegou a este Parlamento aínda hoxe; unha comisión, por certo, que segue aberta desde o 2013.



En relación coa información que lle solicitou o Grupo Socialista nestes escasos sete meses de inicio de lexislatura, xa temos 201 preguntas sen contestar e 77 solicitudes de información, variada, de todo tipo: planificación eólica, dependencia, sanidade, educación, coidados... Todas, sen contestar.

En materia de transparencia orzamentaria, o último dato que temos é o do orzamento do 2022. Batemos un novo récord, Galicia é a comunidade autónoma que, en proporción ao seu orzamento, máis contrata a dedo, con contratos menores: 2.200 millóns no orzamento do ano 2022. E non damos datos do 2023, porque aínda a decembro do 2024 non temos ese resultado.

Transparencia nos medios públicos. Acaban de aprobar —e aprobarán, sen lugar a dúbidas— unha lei na que se manteña, se consolide e se amplíe a manipulación dos medios públicos de Galicia. Con este ritmo, neste partidismo lamentable que practica o seu partido, señor presidente, xa só lle falta levar os platós dos informativos á sede do Partido Popular.

E fronte a todo isto, señor Rueda, creo que hai que adoptar e tomar medidas e decisións. Creo que debemos ser capaces de regular cuestións como os *lobbies* no ámbito da influencia da contratación da Administración pública aquí, en Galicia; creo que podemos regular máis e mellor un acceso veraz e máis útil e áxil dos mecanismos de transparencia e información deste goberno e das nosas administracións; e finalmente debemos endurecer as medidas de conflito de intereses, todo aquilo que teña que ver con conflito de interese no ámbito da contratación pública.

Pero, sen lugar a dúbidas, a medida máis relevante debe ser estar convencido de que se apostamos por máis transparencia estaremos fortalecendo o noso sistema institucional. Se non se está convencido, é tontería facer nada. Nós estamos convencidos de que iso vai redundar nunha mellora do noso sistema institucional e da nosa democracia. ¿Comparte vostede esa decisión e esta opinión, señor Rueda? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, claro que a comparto. ¡Que pregunta máis fácil para unha resposta sinxela! E, á parte de compartila, practícoa; é a enorme diferenza.

Eu no seu grupo non sei se vostede prepara as preguntas ou se llas preparan. Desde logo, se llas preparan, hai alguén que non o quere ben, ¡eh!, porque vir aquí falar de respecto ás institucións coa que vemos que está caendo diariamente no seu partido —e vostede lle aplaude— é non estar conectado coa realidade, señor Besteiro. (*Aplausos.*) ¡É non estar conectado coa realidade!



Mire, está claro, cada día máis claro, que a vostede non lle gusta como vai esa comisión de investigación á que se adheriu, que frecuenta tanto coma min, unha vez. (Risos.) Bueno, ese é o interese: junha vez! (Risos.) E xa sacou todas esas conclusións. Supoño que llas contarán, coma min, porque eu só puiden ir unha vez; e vostede tamén, no seu traballo parlamentario, só puido ir unha vez, (Risos.) e cóntannos cousas diferentes, señor Besteiro, cousas absolutamente diferentes.

Como diferentes son as cifras, se llas pasasen ben. Mire, falaba tamén —teño aquí as cifras, na documentación para preparar esta pregunta— de respostas parlamentarias. Mire, temos que comparar coa lexislatura na que vostedes gobernaron: 967 preguntas recibidas: tramitadas 617, pendentes 350. Voume á última lexislatura, á anterior, onde gobernamos nós: recibidas 1.432: tramitadas 1.235, pendentes 197, o 86,2 por cento; vinte puntos máis de transparencia deste goberno que do Goberno do Bipartito, señor Besteiro. (Aplausos.) Polo tanto, que lle dean ben esas cifras, polo menos.

Eu respecto enormemente estas institucións, tanto que estou aquí cumprindo a miña obriga, como non podía ser doutra maneira, respondendo as preguntas. Xa llo dixen a última vez, podía inventar viaxes, dicir que esas viaxes me impiden comparecer, e quedaría o Parlamento sen sesión de control. ¿Sóalle a algo iso, señor Besteiro, repetidamente? Vostede aplaudiu iso esta fin de semana tamén, igual que aplaudiu dicir que dá igual ter orzamentos que non, porque iso non é algo que teña que aprobar o Parlamento, dá igual gobernar co Parlamento que gobernar sen o Parlamento. ¿Sóalle todo iso como respecto ás institucións?

Mire, o señor Sánchez non vén a Galicia dende as eleccións de febreiro do 2024. Non me es-traña, sinceramente. Despois de estar practicamente todos os días de campaña, non volveu aparecer, ¡que curioso!

Cando veñen os seus ministros, ou cando estivo el antes, nunca avisan, por suposto, a ningún membro da Xunta de Galicia. ¿Iso parécelle respecto institucional, señor Besteiro? Porque podemos poñer exemplos reais.

Fala de pluralidade nos medios de comunicación. Onte nomearon o xefe de prensa do Partido Socialista e secretario de Estado de Comunicación e votaron o mesmo día da dana en Valencia copar-ocupar o Consello de Administración de Radio e Televisión Española, señor Besteiro. ¡E vén poñer exemplos e vén falar aquí de respecto institucional!

Mire, agora temos un acto en Vigo do AVE, ao que invitamos, por suposto, ao alcalde de Vigo —que, por suposto, non vai ir—, e respondeu dicindo que o alcalde do Porto lle tiña que pedir perdón. Por vivir practicamente; igual ca min. ¿Parécelle respecto institucional iso, señor Besteiro?

Mire, non sei se esta pregunta responde a unha instrución de Ferraz, como tantas que acatan vostedes, pero, dende logo, quero pensar que é así. Quero pensar que é así; e, se é así, creo que hai que poñer pés en parede algunha vez e dicir basta. Se empezan a dicir basta, ao mellor, empézanos a respectar. E iso si que será respecto institucional e do outro, para vostedes, que creo que lles convén, porque, se non, como lles digo sempre, así lles vai.





Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Bueno, imos ao asunto, para evitar ese despiste xeral que plantexa sempre o señor Rueda.

Mire, explicáballo en relación coa condonación da débeda e voulo explicar tamén co hospital de Vigo, para que entenda a cuestión.

O razoamento que fan vostedes, ¿cal é? Voulo explicar eu sinxelamente. É que o problema era que, como había crise económica, pois a solución ¿cal foi? Facer un hospital máis caro. Isto é o que se deduce de todas as comparencias desa comisión de investigación.

Como lle expliquei un día, explíquelles vostede aos cidadáns que condonar a débeda de Galicia é malo para Galicia. Pero, bueno, nesa cuestión está vostede, nesa liña, e, por tanto, eu respéctoa, pero non ten sentido: facer un hospital máis cativo coa desculpa de que había crise, e teñen uns sobrecustos de 470 millóns de euros.

En relación co propio hospital de Vigo tamén, encargaron un informe á consultora que lles cobrou 20.000 euros —1.000 euros por folla—, para xustificar esa nova decisión que tomaban en relación co hospital de Vigo.

Por tanto, nese sentido, señor Rueda, en relación coa transparencia, deixa moito que desexar. Cando un bloquea comparencias, cando un bloquea acceso á información, o que está bloqueando é unha comisión de investigación e o que está bloqueando é o coñecemento da verdade. Se un non lle ten medo á verdade, ¿que problema hai en que compareza todo o mundo que se considere oportuno e coa documentación que se considere oportuna?

Mire, cando lle digo que en sete meses faltan aínda 201 preguntas que lle formulamos ao seu Goberno e que están sen contestar, é un problema que se debe facer mirar, e non vir cuns datos de hai quince anos. Bueno, se vostede quere xustificarse así ou co plantexamento que hai no Congreso dos Deputados, pode facelo, pero eu preguntolle aquí, en Galicia, ¿onde está a súa responsabilidade? Non fuxa e non lance responsabilidades fronte a outros. Alí haberá xente que poida defenderse. Ao mellor, o señor Alberto Núñez Feijóo prefire comparecer nas comisións de investigación múltiples que hai en Madrid. Pero aquí non quixo vir, e non quixo vir porque o protexeron vostedes, (*Aplausos.*) e cando o protexen vostedes, é porque consideran que o poden manchar, e están indicando quen é o culpable.

A transparencia ou se ten ou non se ten, compártese ou non se comparte; non fai falta xustificala co que pasa en Ucraína ou co que pasa noutros parlamentos. Non, faga o que ten que facer aquí, estea á altura das circunstancias, fortaleza esta democracia e non considere as institucións como se fosen o salón da súa casa.





E cando sae un informe do Consello de Contas, ¿sabe o que dixeron algúns inxentes responsables daquela época? Vóullelo ler. O responsable de Recursos Económicos do Sergas do momento dixo que non entendían de onde saíu iso, en relación co informe do Consello de Contas. Ou a exconselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, que dicía que eses informes non dicían verdade.

Todas esas cuestións son o plantexamento da negación e o sinalamento da culpabilidade dun Partido Popular que está manipulando esa comisión de investigación, e sobre a que eu xa lle fixen unha valoración previa —e creo que non me estou equivocando en absoluto—. Cambien, aposten pola transparencia, e, se non, evidentemente, no próximo período de sesións, nós traeremos un texto lexislativo para ver se vostede quere abrazarse á transparencia e a todo o que supón fortalecemento da democracia, aquí, desde Galicia, pero tamén desde Galicia para o mundo, tamén para España, ¿por que non?

Pois esa é a proposta que nós imos facer. Vexamos onde está vostede nese momento. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, non, non; non fale comigo da Comisión de Investigación, vaia á Comisión de Investigación. *(Risos.) (Murmurios.)* É vostede deputado en dedicación exclusiva e podía estar alí dicindo iso tamén. *(Aplausos.)*

Eu xa estiven, xa me contou todo iso e xa lle respondín. Polo tanto, se quere vir aquí, porque ir todos os días á outra se lle fai moi duro, non é o meu problema. ¡Non é o meu problema, señor Besteiro!

Mire, eu ía ir á Comisión de investigación, por certo, do Congreso. Citáronme, ía ir, pero, como tantas cousas raras que pasan nesta lexislatura nese Congreso, pois de repente disolveuse a Comisión e xa non fomos ninguén, e todo o urxente que era que foramos alí pois xa nunca máis soubemos diso. Aquí somos máis serios e, polo tanto, esta comisión está servindo para que a xente vaia aí explicarse e dea as súas razóns. Outra cousa é se non lle gustan. Ás veces a verdade non gusta, pero é a verdade o que se está escoitando alí, por moito que vostede a terxiverse. E, por certo, non pode facer unha pregunta, sinceramente, de transparencia e dicir que todo o que está pasando no noso país, e que polo tanto nos afecta a todos, é simplemente desviar a atención ou falar dos líos —páreceme que dixo—. Non, non, é moi grave, señor Besteiro. Vostede pregúntame por transparencia e por respecto ás institucións, ao mesmo tempo que están colonizando o CIS, que están colonizando a Fiscalía, que están colonizando o Consello de Televisión Española e que están colonizando todo o que poden, señor Besteiro. E, polo tanto, o respecto ás institucións, que tamén son as nosas institucións, tamén significa iso.



E vostede apláudeo, e sábeo; estivo aplaudindo en Sevilla todas esas cousas, estivo aplaudindo non falar dos casos gravísimos que estamos coñecendo, non falar desa colonización das institucións, non falar de cousas que afectan Galicia. Agora temos conferencias de presidentes e falaremos dese cupo que nos van impoñer, que cada vez está máis claro. E vostede aplaudía coas orellas —se me permite a expresión—, porque lle dá igual todo; ¡dálle igual todo! Teñen que aplaudir, aplauden e xa está, aínda que ese aplauso signifique non respectar as institucións.

Mire, eu sei que é difícil ser cada día máis intrascendentes, que é difícil recibir instrucións, que é difícil executalas, pero vólvolle recomendar un pouco de dignidade. E mentres, nós imos gobernar.

Mire, esta última semana, por poñerlle un exemplo do que é respectar as institucións e non estar perdendo o tempo —como está perdendo o tempo o seu goberno en todo, menos en atender o importante, que é facelo e xestionar, que para iso nos puxeron os cidadáns—, fixemos un plan para a gripe e as enfermidades respiratorias, un plan para favorecer que as mulleres poidan acceder na sanidade pública á fecundación artificial, un plan para seguir avanzando nas vivendas, un plan para axudar á automoción, un plan para seguir protexendo os nosos sectores produtivos e un plan para axudar ao comercio. Por certo, mire, nesta mesma ponte —e pódollo dicir, para que vexa, porque son estas cousas que, se o Goberno é cercano e cho pide a xente, podemos facer— imos facer unha nova edición do bono Comercio. Son 2,5 millóns de euros máis que se engaden a todos os que tivemos ata o de agora. *(Aplausos.)* Todo para que se poidan seguir movendo os autónomos, para que a xente que o descargou e non o puido utilizar o utilice, para que os que non se adheriron aos comercios o poidan facer; en definitiva, para que se mova a economía, a pequena economía, a que necesita dos gobernos, a que necesita institucións que respecten e se fagan respectar.

Iso é gobernar, iso é respecto, iso é o que facemos e iso é o que debería facer vostede, aínda que estea na oposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das persoas maiores**

**O señor PRESIDENTE:** De dona Ana Pontón Mondelo, perdón. Ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Grazas, presidente.

Ana Belén, sen ningún problema. É o nome que me puxeron meus pais, e encantada de que o utilice.



Ben, señorías, señor Rueda, quero empezar denunciando algo que é gravísimo: o seu goberno está vulnerando os dereitos das persoas maiores e o seu goberno está deteriorando a calidade de vida da xente maior do noso país e tamén de quen a coida, que na súa inmensa maioría son mulleres. É gravísimo o que están facendo. *(Aplausos.)*

Fíxense, unha persoa maior neste país ten que agardar 378 días de media para tramitar a dependencia; é o dobre do que recolle a lei. Non sei se imaxina a angustia das familias que necesitan esa axuda para coidar unha nai ou un pai. Hoxe hai 2.703 persoas agardando no sistema de dependencia, esperando por unha valoración de grao, esperando pola resolución das axudas ou polo acceso a unha prestación á que teñen dereito. E estes non son datos do BNG, son datos que acaba de publicar o Imsero no pasado mes de outubro.

Galiza é a cuarta comunidade con maior tempo de espera, e non deixa de medrar; de feito, somos a comunidade na que máis se incrementou este tempo. E isto, señor Rueda, ten consecuencias para a vida real das persoas reais, porque é que non estamos falando nin de números nin de frías estatísticas, estamos falando de persoas que teñen problemas. *(Aplausos.)* Persoas, señor Rueda, como Luísa, que é unha viúva de 85 anos que vive soa na provincia de Lugo, sen fillos, nin rede de apoio. Solicitou a axuda a domicilio o 10 de maio do 2023. Quince meses despois segue agardando, señor Rueda. Ou como Pedro, que vive só e cada vez en peor estado de saúde. Solicitou o SAF en xaneiro de 2023, hai case dous anos, e está no posto 50 na lista de espera do seu concello.

Señor Rueda, a lista de espera do SAF só dá altas por falecemento. Esta é a situación que están padecendo as persoas maiores no noso país. Para recibir a axuda no seu domicilio teñen que esperar a que outra faleza; é dunha crueldade intolerable. *(Aplausos.)*

Teñen o SAF colapsado, pero vostede veta incrementar de 12 a 20 euros o seu financiamento. Foi unha proposta que trouxo o BNG a esta Cámara, e o Partido Popular e vostede, señor Rueda, votaron non. Ten que deixar de dicirlles non ás persoas maiores, porque non garanten a atención a domicilio, pero tampouco garanten prazas públicas en centros de día ou residencias. Fíxese, hai 1.500 persoas maiores agardando por unha praza pública nunha residencia, pero o seu goberno non incrementa a rede de maneira substancial e o que fai é apostar por un modelo privatizado.

Voulle ler o que di unha profesional de Traballo Social de Lugo: «Só resolven emerxencias. Non lembro ninguén que entrase nunha praza pública que non fose por emerxencia».

Señor Rueda, por todo isto, preguntolle, ¿cando vai empezar a cumprir coa xente maior e deixar de vulnerar os seus dereitos? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.



Señora Pontón, quero empezar como sempre, porque vostede sempre empeza igual, facendo unha denuncia gravísima, baseada en datos que vostede manexa ao seu antollo, citando casos concretos —que non lle nego— para poñelos polo todo, e, ao final, facendo o de sempre. É difícil en tan pouco tempo rebaterlle tanta terxiversación e explicar tanto traballo que estamos facendo.

O primeiro que vou facer é recoñecerlle, como en todas as comunidades autónomas, que a atención á dependencia é un problema por resolver, polo menos para facer unha atención integral. Agora, viría moi ben que vostedes, nesas exixencias que fan e que non lles atenden, estivesen tamén a dicirlle ao Goberno central que cumpra a súa parte. Non llo reclamaron en ningún caso, señora Pontón, e así é moito máis complicado.

Polo tanto, veñen exixir aquí que fagamos o noso traballo e que fagamos tamén o traballo que ten que facer o Goberno central, pero sería moito máis sinxelo que aportase o Goberno central as súas cantidades en recursos e persoal e en todo o que é necesario para facer unha atención óptima. Non serviría de nada, porque non lle están facendo caso en nada do que se comprometeron, pero, polo menos, axudaría e sería un xesto de preocupación, máis alá do posturo.

Mire, en oito anos e medio é a terceira vez —e preocupeime de ver os datos— que vostede pregunta polos maiores. Benvido sexa, se é unha das conclusións dese congreso —por certo, felicidades— do que vostede saíu tan contenta —vai intentalo por cuarta vez, a ver se a xente en Galicia aprende a votar dunha vez; despois de vinte anos no Parlamento, está vostede totalmente feliz; eu desexáballe sorte, e todos contentos—, e moito máis se unha das conclusións é empezar a atender a xente maior, pero con respecto, con respecto, non méntendose con eles porque votan o PP, como fan moitos do seu partido.

Mire, vuelle recordar —xa que vostede le testemuños—, un testemuño do partido que agora están metendo para dentro outra vez, Anova: «Estraño pobo o noso: escravos que votan o amo... Pobo alineado e ignorante; a xente maior, que vota o PP». Respecto para todos eles, e, a partir de aí, hai que empezar a traballar e empezar a falar en serio. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, somos a terceira comunidade autónoma con máis *ratio* de atención á dependencia. Son perfectamente consciente de que hai xente en lista de espera, pero hai tamén un 98 por cento dos galegos con dereito a prestación que xa a teñen recoñecida e que están atendidos. Agora, efectivamente, hai que seguir axilizando ese proceso de recoñecemento, pero axudaría moitísimo que a parte que non se está aportando dende o Goberno central —2.500 millóns de débeda, nada máis e nada menos— se aportase.

É certo tamén que as solicitudes seguen medrando, que tamén é un sinal de confianza e de que se poden dar eses recoñecementos, e, polo tanto, a xente pídeos cada vez máis. Mire, no que levamos do ano 2024, as solicitudes aumentaron un 40 por cento, e aínda así estamos baixando os tempos. Son perfectamente consciente de que hai que baixalos aínda máis, son perfectamente consciente de que hai que mellorar e son perfectamente consciente de que vostedes non pensan axudar en absoluto a iso, como non pensan axudar practicamente en nada.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Rueda, o que nunca cambia é vostede. Hai un problema, «a culpa é do BNG», esa é sempre a súa máxima. (*Aplausos.*) ¡Incríble, señor Rueda! Catorce anos gobernando, e a culpa dos problemas na atención ás persoas maiores é do BNG. ¡En fin...!

Mire, claro que o sistema de dependencia necesita un maior financiamento. Estamos de acordo, señor Rueda, pero eu preguntolle: ¿onde estaba vostede cando o señor Mariano Rajoy recortaba os dereitos da dependencia e recortaba os recursos da dependencia? Dígolle eu onde estaba vostede, señor Rueda: estaba no Consello da Xunta e no Goberno da Xunta; calado, sen dicir absolutamente nada e votando en contra das propostas que traía o BNG (*Aplausos.*) para pagar a débeda histórica e para pagar tamén a situación da dependencia. (*Aplausos.*)

Porque, mire, isto é para vostedes o mesmo *pim, pam, pum* de sempre. Dálles exactamente igual a situación das persoas dependentes. A vostede o único que lle importa é ser útil na estratexia de confrontación que lle marca o Partido Popular desde Madrid.

E, mire, dígame exactamente cal dos datos que lle dei é falso. Son todos datos oficiais que saen das estatísticas oficiais, señor Rueda; estatísticas oficiais que din que Galiza é a terceira comunidade que menos inviste por habitante en dependencia; datos oficiais que din que o tempo de agarda leva subindo nos últimos anos e que Galiza é unha das comunidades nas que máis subiu; datos oficiais que nos din, señor Rueda, que en Galiza as persoas dependentes esperan de media 378 días, máis do dobre do que marca a lei. Non sei se vostede pode sentir a angustia que senten as familias que necesitan esa axuda e que non a teñen. Ou datos que nos din, señor Rueda, que o servizo de axuda no fogar está absolutamente colapsado.

Miren, as persoas maiores teñen todo o noso respecto. Se tivesen o seu, non virían aquí utilizar a súa pregunta para falarnos de todo menos do asunto que hoxe temos sobre a mesa. E eu quero deixarlle aquí toda unha serie de propostas para que o seu goberno cumpra coa xente maior deste país:

A primeira, duplicar os equipos de valoración da dependencia, porque é a única forma eficaz de poder reducir as listas de espera e de atender as persoas en tempo e forma, como marca a lei.

En segundo lugar, incrementar os recursos do SAF. Podemos chegar aínda a un acordo nos orzamentos para que, en vez de pagar a 12 euros a hora, se pague a 20, e que atendamos as persoas no seu domicilio, señor Rueda, porque a xente maior ten dereito a pasar esa etapa cos seus.

E, en terceiro lugar, señor Rueda, hai que apostar por ter unha rede pública de centros de día e tamén de residencias, porque é un recurso que, aínda que debe ser o último, debe estar aí dispoñible.



E quero pedirlle que rectifique. Van recibir nos próximos meses tres novas residencias construídas pola Fundación Amancio Ortega. Garanta que van ter unha xestión cen por cento pública, señor Rueda, porque os nosos maiores non son unha mercadoría para facer negocio.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Rectifique, señor Rueda, e atenda os dereitos das persoas maiores. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vaia por diante que estou encantado de que por cuarta vez en nove anos vostede se preocupe pola xente maior e fale deles con respecto, que é o que hai que facer. Despois sae de aquí e escoitamos outras cousas, pero, polo menos, aquí fale deles con respecto, e dos seus problemas.

Entón, tamén, se fala con respecto, fale con obxectividade. Eu xa non vou entrar nas cifras, vostede sempre di «cifras oficiais» e manéxaas ao seu antollo. Xa a coñecemos, fai sempre o mesmo; fai sempre o mesmo, e xa a coñecemos todos e todas. *(Murmurios.)*

Pero, polo menos, mire as súas propias cifras. Está pedindo que vaíamos a un sistema público de xestión de calquera servizo social de atención á terceira idade a voceira dun partido que ten o 46,6 por cento dos servizos de asistencia no fogar privatizados, fronte ao 29 por cento que teñen os concellos do PP. Os concellos do Bloque, case o 50 por cento, e menos do 30 por cento, os concellos do PP. *(Aplausos.)* ¡E vostede me vén pedir a min todo isto! *(Aplausos.)*

Señora Pontón, é o de sempre, é o seu cinismo, a súa dobre vara de medir. Se o fai vostede ou o fan os seus, está ben feito; se o fan os demais, non se pode facer e vostede se aloriza toda aí, no escano, ameázanos con todo e dinos que non o podemos facer. Esa é a dobre moral, a dobre vara de medir que cada día se nota máis. Si, si, e ese suspiro que me fai sempre, que non sei que me di, cando se sente tocada e sabe que lle estou dicindo as verdades, señora Pontón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡As verdades absolutas!

Isto é o que hai. Non se pode pedir o que non se dá. Non se pode dicir que o que facemos os demais está mal, cando o fai vostede multiplicado por dous ou por tres. Polo tanto, neste tema, polo menos sexa minimamente seria. Non me pode dicir que hai que pasar a pagar o servizo de asistencia no fogar de 12 euros a 20, primeiro porque xa está en 14, e, segundo, porque, se hai que aumentalo, señora Pontón, será imprescindible que o Estado cumpra a súa parte. E non é cuestión de pactar o financiamento, está na Lei de dependencia. Non é cuestión de financiamento, é cuestión de cumprimento dunha lei. *(Aplausos.)* E a vostede eu





non lle boto a culpa de nada, pero dígolle que, polo menos, sexa consecuente co que está dicindo e que bote unha man desde a oposición, que leva tantos anos e xa debería ter práctica, polo menos niso, en botar unha man, señora Pontón.

En toda esa lista, nesa carta aos Reis Magos que lles fixeron aos seus aliados para que lles volvesen tomar o pelo en Madrid —porque son os seus aliados, señora Pontón, por moito que vostede, como sempre lle digo, estea tan brava aquí e tan mansa alí, e tan bravos aquí e tan mansos alí, e son os seus aliados e están alí porque vostedes o quixeron— as referencias a cumprir a Lei de dependencia nin sequera existen, señora Pontón. (*Murmurios.*) ¡Nin sequera existen, señora Pontón!, e non llelas demandan nunca. E, dende logo, se existen, pois, entón, fagan algo, señora Pontón. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ou están simplemente para dicir: non, puxémolo alí, pero non temos por que exixilo; quen ten que facelo todo é o Goberno da Xunta de Galicia. Ten que facer a súa parte, señora Pontón, todo o mundo ten que cumprir. E aquí, dende logo, estamos cumprindo, con respecto para a nosa xente maior.

Falaba de cifras. Mire, eu voulle dar algunhas no tempo que me queda: 15.000 persoas dependentes atendidas no Bipartito —a vostede non lle gusta que comparemos, pero é o exemplo da súa xestión—, 77.000 no día de hoxe. Polo tanto, creo que algo —e moito— se mellorou. Multiplicamos por trece as prazas en residencias, de 5.500 a 17.000, tres veces máis prazas en centros de día, 600 prazas novas en casas do maior, 2.000 galegos recibindo o Xantar na casa, 8.500 persoas atendidas polo sistema de teleasistencia, 20.000 beneficiarios do bono Coidado no Fogar e 25.000 maiores atendidos no SAF —cifra récord a nivel nacional e tamén cifra récord de aportación dunha comunidade autónoma—. ¡Que pena que o Estado non se sinta partícipe nisto!

Galicia é a terceira comunidade autónoma con mellor *ratio* de atención á dependencia, oito puntos por enriba da media nacional. Todas estas son cifras oficiais, pero cifras oficiais de verdade, señora Pontón, non as que vostede inventa, e se non as inventa, polo menos as manipula. 213 millóns van dedicados no último orzamento do Bipartito aos maiores; 601 millóns van estar dedicados no orzamento do 2025...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** ...ao que, por suposto, vostede votará en contra.

¿É dabondo? Non. ¿Hai que seguir mellorando? Si. A partir do ano que vén faremos nunha única solicitude a atención á dependencia e á discapacidade, para reducir prazos, para reducir burocracia, para ser máis eficaces, para seguir pensando que os maiores, señora Pontón, son futuro; non son mercancía electoral da que falar moi ben aquí, pero que menosprezan en canto saen fóra. (*Aplausos.*) Esa é diferenza.

E remato xa, señor presidente. Os maiores —estou de acordo— hai que tomalos en serio, non hai que desprezalos, non hai que utilizalos —hai que pensar que foron o pasado de Ga-





licia e que chegamos aquí grazas a eles—; son o presente e teñen moito futuro. Así os entendemos, e así, por unha vez, debería entendelos vostede.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)*

¿Si, señora Pontón? ¿Para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Con base no artigo 76.1, cando se establecen durante o debate inexactitudes sobre o comportamento dun grupo ou dunha persoa.

O señor Rueda referiuse a que nós non puxemos en ningún acordo de investidura nada que teña que ver coa dependencia. No ano 2020 está establecido un compromiso a respecto de incrementar o financiamento da dependencia que supuxo un plan de choque entre os anos 2020 e 2023, con máis recursos tamén para Galiza. Insuficiente, señor Rueda, pero máis do que facía o Partido Popular, que era recortar, mentres vostede calaba. ¡Infórmese! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Un intercambio...? Bueno, eu creo que aquí foi unha matización sobre unha pregunta. Non sei, ¿que quere? *(Murmurios.)* O señor presidente pode responder, claro. *(Murmurios.)* Sempre, si, si, claro. ¡Como non! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, como non! ¡Como non! É unha matización. Si, si, o Goberno pode falar sempre. *(Murmurios.)* ¡Home, por favor! Isto creo que é un principio de primeiro de Regulamento.

Señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señor presidente, é para agradecer a constatación da voceira do BNG de que en Madrid non lles fan ningún caso.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Bueno, continuamos coa orde do día.

Imos ver como xestionamos aquí un erro que houbo na transcripción, porque se nos comunicou que tería que formularse agora a pregunta 6.9, que é unha pregunta de don Ramón Tomás Fernández Alfonso, pero, en realidade, a que se tiña que formular era a 6.5. *(Murmurios.)* Perdón, perdón, aínda non rematei. Entón, hai unha solución intermedia: que se for-



mulen as dúas. (*Murmurios.*) ¡Tranquilidade, todo ten arreglo! Aquí todo ten arreglo; noutros sitios é máis complicado, pero aquí aínda temos arreglo.

Entón, se non teñen problema, porque sei que aí hai invitados do señor Fernández Alfonzo, podemos formular primeiro a 6.5, porque dá igual, son as dúas preguntas, e non creo que lles moleste moito esperar, ao mellor, uns dez minutos, que é o que vai tardar en formularse unha das preguntas. (*Asentimento.*)

Bueno, pois, entón, se lles parece, comezamos coa pregunta 6.5, que é a pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez, que se tiña que formular, pero que, por erro, pasou isto.

**Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Imos seguir falando de cousas asinadas e non cumpridas. O pasado 16 de outubro, o ministro de Transportes, Óscar Puente, compareceu no Congreso dos Deputados para dar conta da posición do Goberno sobre a transferencia á Xunta de Galicia da AP-9. Nesa comparecencia díxolle «non» á AP-9, «non» á transferencia, «non» á súa gratuidade e «non» ao seu rescate. En definitiva, Sánchez, por boca de Puente, díxolle unha vez máis «non» a Galicia, «non» á transferencia, e por iso o Congreso está a seguir o mesmo guión que na lexislatura pasada, ampliando unha e outra vez o prazo de presentación de emendas. Cando en xuño os socialistas racharon en Madrid coa unanimidade deste Parlamento, xa nos preguntabamos se iso era o principio de quince novas prórrogas. Sabemos que non, que realmente o que tiñan na mente era superar ese récord.

Agora mesmo está igualado, van xa quince prórrogas; unha vez máis Sánchez baterá o seu propio récord de desleixo a Galicia: «non» á gratuidade. A estas alturas xa ninguén alberga ningunha dúbida de que PSOE e BNG, BNG e PSOE mentiron aos galegos e de que o seu pacto no 2020 e a súa promesa electoral no 2023 foron unha estafa electoral. Lonxe de avanzar cara a ela, cada ano os galegos pagamos máis que o anterior. O vindeiro ano percorrer a AP-9 custará 27 euros.

E, por último, «non» ao rescate, que segue sen ser unha opción para valorar polo Goberno. Por un lado, o ministro Puente xa anunciou que, no caso dunha hipotética declaración de ilegalidade da prórroga da AP-9, non negociará un acordo, ao contrario, que litigará coa Comisión Europea e que en ningún caso valorará o rescate. E, por outro, o Goberno tenta tapar o incumprimento da promesa da gratuidade feita aos galegos mediante novas bonificacións, que apenas son un apósito nunha hemorragia e que seguen a ser un agravio comparativo respecto da liberalización de peaxes doutros territorios.



Pero apósito a apósito, o último deles de 850 millóns, o certo é que no día de hoxe a concesionaria ten a garantía duns ingresos de 3.150 millóns de euros para os próximos vinte e catro anos; é dicir, o 80 por cento do que custaría o rescate, segundo as contas do propio ministro Puente. Dito doutro xeito, con outros 830 millóns de euros, o Estado podería rescatar a concesión e facela pública e gratuíta. Segundo o estudo realizado pola Xunta de Galicia, mesmo no día de hoxe sobrarían xa cartos.

É dicir, da AP-53, ¿que dicir? Que é a única autoestrada de titularidade estatal á que non se lle aplica ningún tipo de bonificación, e que o vindeiro ano tamén verá subir as súas tarifas ata os 7 euros no traxecto Santiago-Dozón, no que é outro exemplo de por que o BNG é o nacionalismo que máis barato lle sae a Sánchez e máis caro a Galicia.

Á vista do exposto, ¿que valoración fai a Xunta de Galicia do incumprimento dos compromisos do Goberno de España, que non aplicará de forma inmediata os compromisos adquiridos nas autoestradas estatais en Galicia?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Martínez Allegue. Cando queira.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Grazas, señor presidente.

Señor deputado, efectivamente, é lamentable que teñamos que volver a esta Cámara outra vez pola falta de cumprimento do Executivo central, do Goberno de Pedro Sánchez, cos galegos. Unha e outra vez asistimos a eses continuos anuncios trampa dun executivo central que traballa a golpe de titulares. Mentres asistimos estupefactos á liberación de peaxes, como en Cataluña, aquí, en Galicia, seguimos a pagar as peaxes polos 275 quilómetros de autoestradas nacionais que percorren a AP-9 e a AP-53. Seguimos pagando e seguiremos pagando, pois non existe vontade política; o único que o Goberno fai é anuncios dunhas bonificacións que seguen sen materializarse. Sen ir máis lonxe, hai uns días o señor Puente anunciaba un investimento de 26,7 millóns de euros para as bonificacións da AP-9, e cualificaba este investimento como a mellor alternativa ao rescate. ¿Isto é serio, señorías? ¿De verdade os galegos merecemos este trato? Primeiro, non había cartos para as bonificacións porque non tiñan aprobados os orzamentos; agora, semella que si que hai cartos para as bonificacións, pero soamente para a AP-9. Señorías do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista, abonda xa de seguir a agardar; exiximos que se cumpra o compromiso da investidura das bonificacións da AP-9 e da AP-53. Porque namentres eses anuncios do ministro Óscar Puente chegan ou non chegan, a realidade é que a partir do vindeiro 1 de xaneiro os galegos teremos que pagar máis de 20 euros por levantar a barreira entre Vigo e A Coruña. E o que parece claro é que eses descontos non virán nesta anualidade 2024; e, se chegan no ano 2025, coido que será ben entrado o ano 2025.



Dende logo, dende a Xunta de Galicia non nos cansaremos de exixir a transferencia desa infraestrutura fundamental que vertebra o noso territorio, petición amparada ano tras ano neste Parlamento por cuarta vez xa e por unanimidade; petición que —como ben di— se aproba nesta Cámara, pero non se aproba no Congreso dos Deputados de Madrid, e xa vai demorándose; efectivamente, xa van alá máis de quince veces. Pero que quede claro que nós non desistiremos neste empeño, a pesar da negativa do Goberno de España e a pesar da incongruencia do PSdeG e do Bloque, que adoptan unha medida aquí, en Galicia, e a contraria en Madrid. O noso compromiso teñan claro que si que permanece inalterable.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Roberto Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, señora conselleira.

Queda claro que o Goberno de Pedro Sánchez semella ter como liña estratéxica que en Galicia as autoestradas estatais sexan as máis caras de España. Porque dende que goberna Pedro Sánchez se decretou a gratuidade de oito autoestradas: xa son gratuítas a AP-1, a AP-2, a AP-4 e a AP-7; en dous anos será gratuíta a AP-68, e en cinco serano a AP-6, a AP-51 e a AP-61. Porque dende que goberna Pedro Sánchez máis de mil quilómetros estatais de pagamento pasaron a ser gratuítos; isto é tres veces máis quilómetros que todos os quilómetros de peaxe que o Goberno do Estado ten en Galicia. E porque mentres isto ocorría noutras infraestruturas en España, en Galicia, dende que goberna Pedro Sánchez, a AP-9 converteuse na autoestrada na que subiron máis as tarifas: un incremento acumulado do 28 por cento, *(O señor Rodríguez Martínez mostra unha gráfica.)* e o ano que vén, aínda por riba, incrementaran un 2,6 por cento polo incremento do IPC; un 1,1 por cento anual que durante vinte anos imos ter que pagar pola ampliación da AP-9 en Rande e Santiago, acordada por un ministro socialista galego, o señor Blanco, e aprobada a 48 horas das eleccións xerais do 2011 e logo de que Touriño e Zapatero pasaran anos prometendo que esas obras non as pagarían os galegos; e, cando menos, outro 1 por cento á conta da subida aprazada do 2023, que poderá chegar a ser dun 2 por cento; en total, 27 euros. No caso da AP-53, a subida acumulada chegará a un total do 18 por cento, 7 euros. *(O señor Rodríguez Martínez mostra unha gráfica.)* Pero o que lles prometeron aos galegos BNG e PSOE, PSOE e BNG foi isto: non pagar absolutamente nada. *(O señor Rodríguez Martínez racha en anacos a gráfica que estaba a amosar.)*

E, por iso, preguntolle: ¿vai o Goberno galego seguir demandando que se cumpra integramente co prometido aos galegos, unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta e unha AP-53 na que se apliquen os descontos equivalentes?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.



**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Grazas, presidente.

Señor deputado, señorías.

Efectivamente, é moi simple: ¿por que os galegos temos que seguir pagando unha das autoestradas nacionais máis caras? (*Murmurios.*) ¿Cando chegarán a Galicia as comprometidas bonificacións para a AP-53? ¿Por que a AP-53 segue a ser a única autoestrada nacional que carece de calquera tipo de bonificacións? É tempo de pór fin xa a ese desleixo que o Goberno central está a ter con todos os galegos; é tempo xa de por fin ao patente desinterese co que o ministro Óscar Puente despacha temas transcendentais para a nosa Galicia. Coa súa actitude reflicte un total descoñecemento das nosas prioridades e das nosas necesidades.

O propio ministro de Transporte acaba de situar a AP-9 como a cuarta autoestrada da rede estatal con maior prezo por quilómetro nun informe do ano 2022, e dous anos despois semella que nada muda e que nada vai mudar. Os galegos seguimos a pagar as autoestradas máis caras, mentres vemos que outras comunidades autónomas reciben favores dun goberno amigo.

Na Xunta de Galicia, pola nosa banda, levamos dous anos conxelando as tarifas de ambas as autoestradas con peaxes da nosa titularidade, A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, que son as máis baratas do Estado e que seguirán a selo grazas ao orzamento de 5,5 millóns de euros que destinaremos a esas bonificacións no ano 2025. Mentres que en Madrid non son capaces de mirar polos nosos intereses, dende Galicia, dende a Xunta de Galicia, estamos a cumprir coa cidadanía, estamos a levar a adiante o rescate das nosas vías de altas prestacións que teñen peaxes en sombra: O Salnés, O Barbanza, Ourense-Celanova e Santiago-Brión. A partir do 1 de xaneiro do ano 2025 pasarán a ser de xestión integramente pública, eliminando as peaxes en sombra que cada ano viñamos a asumir todos os galegos. Aforraremos así máis de 330 millóns de euros en canons futuros e liberaremos ao redor de 30 millóns anuais que poderemos destinar a outras políticas públicas. (*Aplausos.*)

Señorías, certamente, é tempo de que o Goberno central cumpra con Galicia, seguiremos a defender o cumprimento dos compromisos que se adquiriron e, por suposto, seguiremos a traballar pola Galicia do futuro que estamos a construír.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Saudamos os alumnos de primaria do Colexio San José de Cluny, de Santiago de Compostela, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento, e tamén saudamos a súa profesora, que os acompaña.

E agora si, imos substanciar a pregunta de don Ramón Fernández Alfonzo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



**Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia ante o expediente de regulación de emprego presentado pola empresa Circet**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día.

En primeiro lugar, quero saudar os compañeiros e compañeiras Circet, que hoxe nos acompañan aquí no Parlamento, e a todos os que nos seguen a través das redes.

A empresa Circet, propiedade dun fondo de investimento francés, pode resultar descoñecida para moita xente, mais acaba de adquirir hai poucos meses todo o negocio das redes e telecomunicacións que Comfica realizaba para clientes como Telefónica, Vodafone ou MasOrange; un negocio que, á súa vez, a propia Comfica mercara hai poucos anos a outras empresas ben coñecidas na Galiza, como Liteyca ou Montelnor. É dicir, Circet aglutina hoxe en día todo o traballo que antes realizaban diferentes contratas de Telefónica. Aquí, na Galiza, ten o monopolio absoluto e, polo tanto, a maioría dos galegos e galegas somos indirectamente clientes de Circet; mesmo a Xunta de Galiza, o Sergas ou servizos tan sensíbeis como Emerxencias dependen de Circet.

Para aglutinar tantas empresas, precisou da autorización da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que lle foi outorgada no mes de xuño. E a finais de outubro comunicoulle á representación legal dos traballadores e traballadoras a súa intención de despedir 377 persoas, das cales 118 na Galiza; un terzo do total, unha porcentaxe totalmente desproporcionada. A ninguén que coñeza o sector lle escapa que a verdadeira intención da empresa con este ERE é precarizar as condicións de traballo no sector das telecomunicacións, reinstaurando o vello sistema de traballo por produción para pasar por riba dos límites de xornada e dos convenios colectivos de aplicación, aumentando a subcontratación en cadea e os falsos autónomos; un sistema de traballo que na Galiza estaba parcialmente —só parcialmente— superado grazas á mobilización e á presión sindical.

Este sistema de traballo por produción non só significa precarizar moitos postos de traballo, significa tamén aumentar os riscos propios de traballar en solitario, con sobrecarga horaria, a contrarreloxo e moitas veces en altura —unha das principais causas de accidentabilidade—. E implica tamén precarizar un servizo que ten a consideración de esencial; de feito, calquera de nós xa puido comprobar que o tempo de espera para que veñan reparar unha avaría aumentou dun xeito exaxerado.

As intencións da empresa son un segredo a voces. Calquera traballador ou traballadora do sector pode dicírllelo e poñerlles exemplos do tipo de traballo e das condicións que queren imponer. E todo o mundo sabe tamén que isto sería imposible sen a complicidade da propia Telefónica; unha empresa na que o Goberno estatal é o principal accionista precisamente por considerala estratéxica. E, ao mesmo tempo, o Ministerio de Traballo será a autoridade competente para emitir informes sobre a legalidade dun ERE que parece fraudulento a todas luces.





É por isto, señor conselleiro, que lle preguntamos se ten pensado facer algo para evitar os despedimentos, para evitar a imposición de facto dun sistema de traballo ilegal e para evitar a precarización dun servizo esencial para a gran maioría das persoas, das empresas e das administracións da Galiza.

Máis nada, por agora, e obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, don José González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez):** Señor presidente, deputados e deputadas, moi bo día a todos e a todas.

Bueno, eu creo que é importante, en primeiro lugar —e creo que ten que ir por diante, ten que quedar moi claro—, que a Xunta de Galicia lamenta profundamente a decisión da compañía francesa Circet de presentar este expediente de regulación, extintivo en especial, e non pode ser doutro xeito. Falaba o señor Fernández de máis de 300 persoas, pero afecta 118 persoas traballadoras en Galicia. Eu creo que é bo falar destas cousas, traelo ao debate, pero tamén aclaralo; e voume centrar, en primeiro lugar, no que se refire ao expediente de regulación do ERE, do expediente de regulación extintivo, e aclarar cales son as competencias, distinguindo entre o Goberno central e, por suposto, a comunidade autónoma.

Se nos atemos á tramitación do ERE —por recordar, a lexislación que regula esta materia—, o Real decreto 1483/2012 —é dicir, hai máis de doce anos que está regulado—, no artigo 25 di con toda claridade que a autoridade laboral competente nesta materia —como non pode ser doutro xeito, e díxoo o señor Fernández— é o Ministerio de Traballo, é dicir, o Goberno central, porque ten centro de traballo en varias comunidades autónomas. E, polo tanto, a tramitación do ERE —e a quen lle temos que pedir e temos que estar totalmente informados— correspóndelle á Administración xeral do Estado. É certo que aquí, nesta comunidade, ten sete centros de traballo, pero ten outros centros operativos —como dicía— repartidos pola xeografía do Estado.

É certo tamén que o artigo 25.4 do Real decreto di que a autoridade laboral competente —que, repito, é a Administración do Estado— ten a obrigaición de comunicalo ás comunidades autónomas afectadas. Non se fixo esa comunicación, e nós o que si fixemos é requirir á Administración central do Estado que nos dese información a través dunha comunicación o pasado 27 de novembro. Por agora, o único que nos contestaron é o que xa sabemos, que hai 118 persoas traballadoras afectadas en Galicia: 57 na Coruña, 16 en Lugo e 45 en Pontevedra.

Polo tanto, no que se refire ao ERE extintivo, no que se refire á problemática que teñen neste momento os traballadores, quero deixar claro con toda certeza que a administración competente é a Administración central do Estado e que nós, evidentemente, imos velar —como facemos sempre en todos os ERE nos que a competencia é do Estado— por que se resolva do xeito máis favorable posible para os traballadores, neste caso galegos e galegas.





Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado.

En segundo lugar, desde o BNG queremos manifestar que xa vai sendo hora de que o PSOE e Yolanda Díaz derroguen, dunha vez por todas, a reforma laboral do Goberno de M. Rajoy, que suprimiu a necesidade de autorización governativa para que as empresas poidan realizar despedimentos colectivos coma este que quere realizar a empresa CIRCET e que deixa os traballadores e traballadoras aos pés dos cabalos; e en situacións coma esta, cando todos e todas podemos comprobar que as relacións laborais son relacións desiguais e que aquela reforma laboral do Partido Popular veu reforzar a posición de dominio das empresas sobre os traballadores e traballadoras, eliminando a autorización governativa, que funcionaba como un mecanismo de compensación a favor da defensa dos lexítimos intereses e dereitos dos traballadores e traballadoras. Fíxese até que punto tanto Telefónica como CIRCET están precarizando as condicións de traballo do persoal aquí, na Galiza, e tamén as condicións nas que a empresa presta este servizo esencial que, por exemplo, na provincia de Lugo, queren despedir a metade do persoal propio da empresa cando de facto xa no día de hoxe o número de persoas traballando no sector a través de subcontratas duplica o persoal propio. Ou outro caso aínda máis grave aquí, na zona de Compostela, no que o outro día detectaron varias persoas traballando sen estar dados de alta na Seguridade Social, cousa que puideron comprobar tanto os axentes de Policía como os da Inspección de Traballo.

Señor conselleiro, vostede ten competencias na materia. Aquí, na Galiza, é onde o ERE vai ter máis impacto, e eu estou seguro de que os traballadores e traballadoras agradecen o seu desvelo e o seu lamento, pero agradecerían máis que se reunise con eles, que se reunise con CIRCET, que se reunise con Telefónica e que lle exixise ao Goberno que utilice esa posición de control que ten sobre a empresa para evitar que se precaricen as condicións de traballo impondo un sistema de traballo absolutamente ilegal aquí, na Galiza, a todos os traballadores e traballadoras de CIRCET.

Obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

**O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez):** Señorías.

Señor Fernández, eu, dende o máximo respecto e consideración ás 118 persoas galegas que están afectadas polo ERE e que teñen hoxe aquí unha representación, non acabo de entender esta cerimonia da confusión que pretende facer aquí vostede. Vostede mesmo acaba de dicir



que hai que criticar a Yolanda Díaz por unhas cuestións que teñen que ver coa reforma laboral. ¡Pois que o fagan con bastante máis forza do que o fan normalmente!

Miren, a realidade é que nestes momentos temos un expediente de regulación de emprego, un ERE extintivo, no que a autoridade laboral competente é a Administración do Estado. Nós aí o que temos é que ser comunicados, pero non se nos fixo a comunicación, e o que fixemos foi requirir esa comunicación. Como facemos en todos estes procedementos, velaremos e traballaremos por que sexan o máis favorables posibles na súa resolución a favor, neste caso, dos traballadores galegos.

Pero, se me permiten —e falando de toda esa cuestión que nos trouxo hoxe aquí entre Telefónica e as empresas que están subcontractadas—, eu tiven tamén, á hora de preparar esta pregunta, a preocupación de preguntar cales eran os expedientes que tiñamos en relación con esta empresa no pasado. Porque vostede fixo un labor prospectivo cara ao futuro do que van facer, pero eu preguntei cales eran os incumprimentos que facía esta empresa no pasado, e saben que nós temos noticia deses incumprimentos a través das denuncias ou das actas de infracción. Pois ben, a única acta —e non digo que no futuro non poida cambiar a situación— que temos na comunidade autónoma en relación con esta empresa é, no ano 2017, un expediente —que xa foi, por suposto, pechado— en relación coa inspección en materia de seguridade e saúde no traballo.

Polo tanto, eu o que teño que dicir e o que teño que repetir con toda claridade é que nestes momentos o ERE extintivo é competencia, porque así está regulado no decreto, da Administración central do Estado. Nós —non só neste, senón en calquera outro expediente— velamos, evidentemente, por que se resolva do xeito máis favorable para os traballadores, pero seguimos apostando, sen ningunha dúbida, polo emprego de calidade. Non se preocupe, señor Fernández, que se hai algún incumprimento —que vostede está dicindo—, a través, por suposto, da colaboración que temos coa Inspección do Traballo, velaremos, evidentemente, por que ese tipo de situacións fraudulentas non se dean na comunidade autónoma galega.

Máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pois grazas por facilitar que se puidese formular esta pregunta, e tamén grazas aos invitados.

Continuamos coa orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha en materia de vivenda de protección pública**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Alenxandra Fernández Gómez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Garantir, a través dunha norma con rango de lei, a cualificación permanente das vivendas protexidas que se constrúan sobre chan de reserva privado e público para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, de acordo coas porcentaxes establecidas na lexislación estatal. Así como aumentar as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en solo urbanizable e en solo urbano non consolidado, tanto o regulado no artigo 17.b).1, coma o 17.b).2. da Lei do Solo de Galiza en, como mínimo, o establecido na lexislación estatal e eliminar os criterios de revisión á baixa destas porcentaxes.

2. Asegurar que non se poderán allear os bens patrimoniais integrantes dos parques públicos de vivenda, a non ser que sexa a outras Administracións públicas, os seus entes instrumentais ou a persoas xurídicas sen ánimo de lucro, dedicadas á xestión de vivenda con fins sociais, e mediante a obrigación por parte do novo ou novos titulares, de aterse ás condicións, prazos e rendas máximas establecidos, subrogándose nos seus dereitos e obrigacións. A Xunta de Galiza debe xestionar o inventario do patrimonio público de solo e de vivenda de forma transparente, continua e accesible.

3. Aumentar a contribución financeira da Comunidade Autónoma mediante partidas orzamentarias de investimento en políticas públicas de vivenda, para lograr incorporar até 2032, 12.000 novas vivendas públicas.

4. Incrementar, con urxencia e progresivamente, o parque de vivenda social e alcanzable, co establecemento de obxectivos concretos e territorializados, a través da creación dun Plan Sectorial da vivenda coherente coas DOT e sustentable, en que se priorice, sempre que sexa posible, a adquisición e rehabilitación de vivendas e a renovación dos tecidos urbanos.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Os gobernos do PP en Galicia desde 2009 —é dicir, quince anos de xestión— non deron resposta á necesidade de vivenda pública. A situación deteriorouse de forma ostensible, dadas as cifras tan baixas de construción de vivenda pública neses quince anos, incrementándose progresivamente o número de demandantes de vivenda de protección pública, e chegouse ao día de hoxe á cifra de 18.000 en toda Galicia.



A xestión da vivenda é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e que, a maiores, conta para o seu desenvolvemento con importantes achegas desde o Estado de forma regular e de forma especial cos fondos europeos. Seguro que, consciente do desencanto dos galegos e galegas, o presidente Rueda no seu discurso de investidura situou a vivenda como unha das súas grandes prioridades para este mandato. Os socialistas estamos convencidos de que esa aposta é máis produto das urxencias do momento que dunha clara aposta pola vivenda pública, dado que o Goberno do PP sempre se caracterizou por favorecer intereses empresariais e por non preocuparse tanto polo interese do público.

A todo isto, máis que tentar buscar a colaboración institucional co Goberno do Estado, desenvolveron tamén no ámbito da xestión da vivenda, como en tantos outros, unha política de confrontación co Goberno do Estado, e vímolo esta mañá coa intervención da conselleira de Infraestruturas e Vivenda. As cifras de vivenda pública en España distan moito das existentes nas medias europeas e, por tanto, é necesario activar políticas ambiciosas en todo o relacionado coa vivenda pública. A evolución das cifras de edificación da vivenda con algunha modalidade de protección en España entre 1980 e 2020 —é dicir, durante corenta anos— convida á reflexión, e sobre todo á adopción de medidas legais para superar situacións non desexadas. Neses corenta anos edificáronse máis de 2,4 millóns de vivendas con algún tipo de modalidade de protección, o que significa a nada desprezable cantidade do 35 por cento do total de vivendas construídas a partir do sistema de vivenda de protección oficial.

A evolución, ao pasar gran parte deste parque de vivendas a mans privadas, con importantes desgravacións e estímulos á compra, condicionou a escaseza de recursos públicos para as xeracións sucesivas, creando un importante problema para os xoves, que hoxe deben destinar en moitos casos ata un 50 por cento do seu salario ao alugueiro de vivenda ante a práctica imposibilidade de adquirir unha vivenda. Actualmente, a cantidade de vivenda social de que deberíamos dispoñer para situarnos na media europea do 9 por cento de vivenda pública calcúlase que debería ser de 1,5 millóns de vivendas, mentres que o parque de vivenda social real —vivenda en alugueiro de titularidade pública— se sitúa ao redor de 290.000; é dicir, un 1,5 por cento do parque de vivendas. Destas, unhas 180.000, son de titularidade pública das comunidades autónomas e entidades dependentes, e outras 110.000 vivendas son de titularidade dos concellos e entidades dependentes.

Fronte a esta situación, a resposta do Goberno de España foi abordar a necesidade de contar cun parque de vivenda social que permita abordar esas necesidades, sobre todo dos máis novos, para acceder a unha vivenda e que non só supoña ter que destinar máis do 30 por cento da súa renda familiar dispoñible. A aprobación da Lei 12/2023, polo dereito á vivenda, ten como obxectivo fundamental poñer o chan público e os recursos públicos ao servizo do interese xeral de acceder a unha vivenda digna e alcanzable. Por iso, o artigo 16 da lei determina que as vivendas protexidas que se promovan sobre chan cuxo destino fose o da vivenda sometida a algún réxime de protección pública estarían sometidas a un réxime de protección pública permanente que exclúise a súa descualificación en tanto se manteña a cualificación do devandito chan.



Os socialistas consideramos que estamos ante un momento de necesidade imperiosa de vivenda de protección pública e por iso propoñemos que este Parlamento debe instar o Goberno galego a adoptar catro medidas moi concretas:

En primeiro lugar, a garantir, a través dunha norma con rango de lei, a cualificación permanente das vivendas protexidas que se constrúan sobre chan de reserva privado e público para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, de acordo coas porcentaxes establecidas na lexislación estatal.

En segundo lugar, a asegurar que non se poderán allear os bens patrimoniais integrantes dos parques públicos de vivenda, a non ser que sexa a outras administracións públicas, aos seus entes instrumentais ou a persoas xurídicas sen ánimo de lucro dedicadas á xestión de vivenda con fins sociais e mediante a obrigação por parte do novo ou novos titulares de aterse ás condicións, prazos e rendas máximas establecidos, subrogándose nos seus dereitos e obrigações.

En terceiro lugar, propoñemos garantir a contribución financeira da Comunidade Autónoma de Galicia mediante partidas orzamentarias de investimento en políticas públicas de vivenda, polo menos nunha contía similar ás destinadas a Galicia por parte do Estado.

E finalmente, en cuarto lugar, propoñemos incrementar urxente e progresivamente o parque de vivenda social e alcanzable co establecemento de obxectivos a conseguir nuns prazos determinados, tal e como exige a Lei estatal polo dereito á vivenda.

Os socialistas consideramos que as garantías xurídicas e orzamentarias que propoñemos contribuirán ao desenvolvemento da vivenda de protección pública en Galicia. Trátase, en suma, de blindar a vivenda pública.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Moitas grazas, presidente.

En todos os debates que tivemos arredor da Lei estatal polo dereito á vivenda, dende o Bloque sinalamos o gran paradoxo que se estaba dando; e é que a lei non quería avanzar en aspectos sobre os que si podía e debía regular, ao tempo que se excedía nas súas competencias. ¿Que sentido tiña que esta lei estatal deixase pasar a oportunidade, por exemplo, de entrar a regular o parque da Sareb ou de determinar unha serie de obrigas especiais para aquelas entidades financeiras e filiais inmobiliarias que se beneficiaron daquel rescate público por parte do Estado? No trámite de emendas, dende o Bloque propuxemos regular esta cuestión, pero, en lugar de incorporalas no texto, o Goberno preferiu a fórmula do anuncio no Consello de Ministros desas famosas 50.000 vivendas da Sareb, das que non volvemos saber nada.



Ao mesmo tempo, a Lei estatal entrou a regular aspectos que eran claramente unha competencia das comunidades autónomas. Durante a propia tramitación da lei o Goberno tivo que ir matizando unha vez tras outra unha chea de artigos que quedaron, ao final, reducidos a meras recomendacións aos gobernos autonómicos e a unha implementación concreta e real. ¿Que sentido tiña presentar ante a sociedade estas recomendacións como se fosen novos dereitos adquiridos? E hai un fío que une estas dúas posturas: cando anuncian sesións das vivendas da Sareb pero se negan a facelas lei e cando anuncian avances en vivendas sobre os que non teñen competencias é o mesmo; é crear falsas expectativas sobre un problema que padecen millóns de persoas sabendo que non van resolvelo. E isto é perigoso porque crea desafección, e temos unha enorme responsabilidade dende a esquerda en dar respostas efectivas. De aí que dende o Bloque nos abstivésemos a esta lei porque nas competencias estatais podía ser máis ambiciosa e porque defendemos que era dentro do marco competencial galego onde deberíamos avanzar en materia de políticas públicas de vivenda. Sen negar, evidentemente, que o espírito xeral da lei e a na liña correcta dunha maior intervención pública para garantir ese dereito o problema é que os instrumentos xurídicos non eran os correctos porque non permitían efectivizar esas boas intencións.

E agora estamos aquí cunha iniciativa do Partido Socialista que vén dar a razón ao BNG, porque o que di esta proposición non de lei é que o Goberno central pretendeu legislar sobre vivenda protexida, pero que, como non era competencia estatal —tal e como resolveu o Tribunal Constitucional—, era necesario traer a esta Cámara o debate, porque é a Xunta de Galiza quen debe regular. Están certificando en certa forma a inviabilidade da aplicación de aspectos centrais desa lei, que era, precisamente, unha das cuestións que viñamos denunciando.

Entón, despois de todo este rodeo e dunha creación de expectativas irreais en canto á capacidade desa lei de dar resposta ao actual problema da vivenda, chegaron ao lugar onde sempre estivemos no Bloque, no Parlamento galego, que é o debate sobre cal ten que ser o modelo de vivenda protexida no noso país, trasladando propostas concretas e adecuadas á nosa realidade, como a iniciativa que debatemos recentemente, con quince medidas por un cambio no modelo de vivenda protexida no noso país. Porque a responsabilidade da situación actual está na Xunta do Partido Popular, que levou ao afundimento total a vivenda protexida nestes quince anos.

Os datos son demoledores. No ano 2006 iniciáronse máis de 4.200 vivendas protexidas. Pois hoxe a Xunta precisaría, para alcanzar esa cifra, corenta anos, porque na última década fixo unha cuarta parte do que se facía nun ano no Bipartito. E agora o Partido Popular parece querer revertir esta situación cando anuncia un plan para crear 20.000 novas vivendas protexidas, pero o certo é que, despois de preguntar insistentemente, seguimos sen saber en que data deberían estar rematadas esas 20.000 vivendas protexidas: ¿nesta lexislatura?, ¿na seguinte?, ¿en 2040, ¿en 2050?... Estamos nunha nova fase que ten moito máis de propaganda numérica que de compromiso veraz de mudar a situación. Seguro que agora imos escoitar a portavoz do Grupo Popular darnos cifras sobre as novas vivendas licitadas, pero non de ningún compromiso concreto dos obxectivos que manexa a Xunta para cada anualidade. E quen agocha as súas intencións é ou ben porque se avergoña delas ou porque non confía en cumprir con elas.





Pero para alén de todo este problema cuantitativo de falla de compromisos hai tamén un problema de modelo. No conxunto do Estado español, en lugar de apostarse pola vivenda pública —como si se fixo no resto Europa—, privilexiouse un modelo de vivenda protexida que se asentaba sobre dous piares: que a promoción a realizasen actores privados e que as vivendas se destinasen á venda; de forma que o papel da Administración se limitou a subvencionar con fondos públicos promocións privadas a cambio de que se limitasen prezos só durante un tempo determinado. E este modelo o que intentaba era antepor a dinamización da construción antes que a creación dun parque accesible e público, de xeito que investimos moitísimos cartos públicos en subvencionar a promoción destas vivendas, que, efectivamente, hai que recoñecer que serviron para facilitar a compra de vivenda asequible nese momento, pero que presenta graves problemas. O primeiro é que eses investimentos públicos acaban transformados en plusvalías particulares; estámolo vendo agora. Unha vez pasado o período de protección, recuperan prezo de mercado vivendas que se construíron durante o *boom* dos noventa a prezos inferiores aos que había no mercado nese momento grazas a ese investimento público, e hoxe estanse vendendo a máis do dobre do seu prezo inicial. Ou outro dos problemas é que, en lugar de camiñar cara a un aumento progresivo do parque da vivenda asequible, este modelo exige dun investimento cíclico e permanente para que non desapareza todo ese esforzo. Por iso, vimos defendendo que é preciso avanzar na cualificación permanente de toda vivenda protexida, como se propón nesta iniciativa.

Pero, ademais, se abordamos a perspectiva de futuro deste parque, resulta fundamental introducir tamén cambios sobre as reservas de solo para vivenda protexida. A reserva de solo é o elemento central que permite conectar o dereito urbanístico co dereito á vivenda e garantir que unha parte do solo se vai dedicar, efectivamente, á vivenda protexida. A Xunta de Galiza cada ano o que está facendo é realizar unha revisión á baixa das reservas que se establecen na propia Lei do solo de Galiza. E hai un gran paradoxo tamén por parte da Xunta, porque están intentando convencernos sistematicamente de que hai unha urxencia de solo, e que a urxencia é de regular para aprobar de forma exprés proxectos de interese autonómico de solo residencial, mentres manteñen un réxime de excepción pola porta de atrás que permite rebaixar as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida, permitindo que cidades como A Coruña, que ten un mercado tensionado, reserve menos do dez por cento para vivenda protexida, por baixo do trinta por cento que establece a Lei do solo de Galiza e por baixo do que se definiu na nova lei estatal.

O segundo eixo sobre o que pivota a nosa emenda é sobre a necesidade de termos un modelo de vivenda protexida adecuada á nosa realidade, porque, unha vez resituado ese foco das competencias onde corresponde, tamén iso nos permite dar unha resposta á nosa realidade concreta. O parque residencial de Galiza ten características singulares, distintas ás que pode ter unha gran metrópole como Madrid ou Barcelona. Temos un peso importante da vivenda baleira que non só está no rural; por tanto, precisamos dunha política de vivenda protexida que priorice a adquisición e a rehabilitación e que teña instrumentos eficaces para actuar aí. Temos mercados tensionados moito máis alá dos centros urbanos, por exemplo, en zonas litorais; temos un sistema urbano moito máis policéntrico, con continuos urbanos. E isto todo exige que a localización da vivenda protexida debe partir dun instrumento de planificación territorial coherente co noso modelo territorial e coas necesidades que existen. Nada disto é posible, evidentemente, se non hai un orzamento suficiente. A Xunta ten que au-



mentar o investimento —tal e como se di na iniciativa—, pero o Partido Socialista propón facelo nunha cantidade similar ao que inviste o Estado. E nós cremos que, en lugar de pór no foco esa puxa entre administracións a ver quen dá máis ou menos, hai que medir as necesidades reais que temos para dar a resposta. Neste momento hai máis de 18.000 solicitudes no Rexistro de demandantes de vivenda; por iso sostemos que, como mínimo, temos que alcanzar as 12.000 vivendas protexidas de promoción pública en dúas lexislaturas; unha cifra que é ambiciosa, pero tamén realista e que permitiría, xunto coas 4.000 vivendas actuais, descolapsar esa lista de espera interminable en que a converteu o Partido Popular. Porque no mundo real —e non no da propaganda, que seguro que nos trae o Partido Popular— a realidade é que hai 18.300 solicitudes que o ano pasado optaron a 14 vivendas protexidas que se terminaron en todo o país, grazas a un goberno que o único que defende é o dereito a especular duns poucos. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto.

Ten a palabra o señor Ojea.

*(O señor Ojea Bouzo declina o uso da palabra.)*

O señor Ojea renuncia á súa quenda de palabra.

Pasamos, entón, ao Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora María Deza Martínez.

**A señora DEZA MARTÍNEZ:** Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Todos compartimos que o acceso á vivenda é, indiscutiblemente, un dos maiores problemas maiores da nosa sociedade. O mercado de vivenda en España mostra hoxe un severo desaxuste entre a oferta e a demanda, do que deriva —como todos acabamos de escoitar— unha gran dificultade de acceso á vivenda para os novos demandantes, cun impacto especial na emancipación dos mozos.

Pero, como xa se ten advertido desde numerosas institucións e tamén desde diferentes sectores, o principal motivo da carestía reside na escaseza de oferta. No ano 2023, creáronse 85.000 vivendas, executáronse novas 85.000 vivendas e creáronse máis de 210.000 fogares. Para enfrontar esta escaseza de oferta, a Xunta está a traballar, apoiada en tres piares fundamentais: a construción de vivenda pública, co obxectivo de duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura ata chegar ás 8.000; o desenvolvemento de solo residencial, para facilitar a execución de 25.000 novas vivendas; e na adopción de medidas lexislativas e fiscais que incentiven a posta de inmobles no mercado. E ese compromiso vese reflectido nos orzamentos do vindeiro exercicio con 240 millóns de euros destinados a políticas de vivenda



e urbanismo, dos que máis de 100 millóns de euros irán para construír novas vivendas públicas, máis de 20 millóns de euros para o desenvolvemento de solo residencial e preto de 7 millóns de euros para o plan Rexurbe.

Pero, ademais, o Executivo galego seguirá a despregar un amplo abano de programas e liñas de axudas que faciliten o acceso á vivenda orientadas á mobilización de vivendas baleiras, a fomentar a construción de vivendas destinadas ao alugueiro accesible, á adquisición de vivendas protexidas en cascos históricos ou en concellos de reto demográfico, á adquisición da primeira vivenda co aval mozo destinado para menores de 36 anos, a sufragar o alugueiro a través de axudas directas, ou á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal que pasan a ser vivenda pública.

E mentres aquí, en Galicia, o Goberno galego fai os deberes, vemos como España está máis bloqueada que nunca. A credibilidade do Estado pende máis que nunca dun fío cun goberno inmerso en escándalo tras escándalo. As palmas e os vivas a Sánchez a pasada fin de semana non poden ocultar a realidade, e a realidade é que ten imputados ao seu home de confianza, á súa esposa, ao seu irmán e ao fiscal xeral do Estado. *(Aplausos.)* E suma e segue. *(Aplausos.)*

O PSOE non remonta, vive unha existencia agónica que vén de antes de que estalasen os casos de corrupción, sen poder territorial e sen autonomía de goberno, que agora se ve enlamado por casos de corrupción que, á diferenza doutros casos, afectan máis o Goberno que o propio partido. E cada vez que o señor Sánchez se ve en apuros fai un anuncio estatal estrela en materia de vivenda: primeiro, anunciou que construíría 20.000 vivendas; despois, que mobilizaría 50.000 vivendas da Sareb; despois, que construíría 90.000; despois, que construíría 100.000. E a pasada fin de semana, no seu Congreso Federal, anunciou a creación dunha grande empresa estatal de vivenda, coincidindo curiosamente no tempo coa venda da promotora pública da Sareb e que servirá —segundo dixo a ministra de Vivenda— para combater nin máis nin menos os gobernos das comunidades populares que non cumpren a Lei de vivenda. E fala vostede, señor Font, de política de confrontación, ¡hai que tela! *(Aplausos.)*

E fronte aos anuncios baleiros aos que nos ten acostumados o señor Sánchez, a Xunta traballa e dá pasos adiante con exemplos tanxibles, como a constitución o pasado novembro da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, que xestionará a promoción de 2.350 novas vivendas de promoción pública. Avánzase para ter rematadas para o 2026 polo menos 1.500 vivendas das 4.000 de promoción pública, ata acadar as 8.000 nesta lexislatura. Avánzase tamén na Estratexia galega de solo residencial. Así, a semana pasada o Executivo galego licitou por valor de 2,6 millóns de euros a redacción dos proxectos de interese autonómico que permitirán axilizar a tramitación do desenvolvemento de 1,5 millóns de metros cadrados en sete cidades: Lugo, Ourense, Santiago, Vigo, A Coruña, Pontevedra e Arteixo; ámbitos elixidos de acordo cos concellos e tras os estudos de viabilidade realizados pola Xunta. E, ademais, xa están en marcha tamén 1.600 novas vivendas en diferentes fases de tramitación. É un traballo complexo, pero, coa colaboración do sector e do resto das administracións, en 2028 a Xunta contará con 4.000 novas vivendas públicas máis para poñer á disposición dos galegos e das galegas.



Pero, ademais, avógase pola construción de vivenda pública, apostando pola colaboración público-privada, polo que a Xunta lanzou este ano unha convocatoria de axudas para incentivar os promotores e as cooperativas a construír inmobles por alugueiro accesible, cunha partida global de 14,7 millóns de euros. E nesta liña a Xunta acaba de conceder cadansúas axudas a dous promotores para a construción na Coruña de 49 vivendas para alugueiro por importe de 1,13 millóns de euros; acaba de conceder tamén 1,5 millóns de euros para a construción en Santiago de Compostela de 37 vivendas protexidas, e de case 3 millóns de euros para a construción de 60 vivendas de protección autonómica no Porriño. E, por suposto, pon especial atención na emancipación da mocidade, coa creación dos aloxamentos compartidos e coa reserva para menores de 36 anos do 40 por cento das vivendas en alugueiro e do 25 por cento en vivendas en venda.

Nese contexto, ademais, resulta necesario impulsar a axilización e tramitación dos procedementos previstos nas normativas autonómicas relativas a vivenda e solo residencial, tentando reducir tempos de tramitación sen perder garantías e seguridade xurídica nas actuacións a desenvolver.

É por iso que na Lei de acompañamento destes orzamentos se inclúen unha batería de medidas lexislativas e fiscais e unha serie de medidas excepcionais e temporais aplicables ata finais de 2028, co obxectivo de, primeiro, axilizar trámites para incentivar a posta no mercado de vivendas e posibilitar a promoción de nova vivenda pública; e, segundo, de facilitar e promover a rehabilitación e modernización do parque público residencial, tanto por parte dos concellos como do sector privado. Levaranse, pois, a cabo modificacións na Lei de vivenda e na Lei de solo de Galicia que permitirán implantar os mecanismos que posibiliten a execución dos obxectivos de duplicar o parque de vivenda pública nos vindeiros anos e de xestionar solo para a construción das 20.000 vivendas protexidas. Así, por exemplo, establecerase a cualificación indefinida e permanente do réxime de protección das vivendas protexidas que se constrúan no solo desenvolvido por promotor público; posibilitarase a axilización de trámites a través da regulación das ECCOM; facilitarase a execución simultánea das obras de urbanización e edificación; pero tamén, a maiores, se establecerán medidas fiscais para estimular as persoas propietarias que poñan á disposición os seus bens no mercado do alugueiro coa bonificación do 75 por cento en actos xurídicos documentados para edificios destinados a alugueiro ou contemplando a dedución do 15 por cento por gastos derivados da adecuación dun inmovle baleiro para destinalo a vivenda. Estas e outras moitas medidas implementaranse na Lei de vivenda e na Lei de solo de Galicia.

Sendo, pois, conscientes da crise habitacional que na actualidade afecta toda España e da que Galicia non é allea, a Xunta pon a vivenda no centro das súas políticas, incrementando orzamentos, aumentando o parque público de vivenda e creando novas liñas de axudas. Namentres, desde o Estado estase a facer xusto o contrario: aplicando cada vez políticas máis intervencionistas que o único que provocan é un detrimento da oferta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Deza.



Para o turno de peche, o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Bueno, alegrámonos moito, señora Deza, de que cuestións expostas na nosa proposición formen parte dos obxectivos deste Goberno. Será unha boa noticia que, por tanto, voten a favor. O que ocorre é que, como vostedes son moi de autoemendarse e saír con sorpresas e propostas de última hora, cremos que é moi importante que se aprrobe o noso texto.

A conselleira négao, pero é certo que o Goberno está seguindo políticas marcadas polos socialistas. ¡E que pouco respecto lle ten vostede a eses 18.000 demandantes de vivenda protexida, cando estamos a falar de vivenda e vostede sae falando de corrupción, coma sempre! Recórdolle que o único goberno que perdeu o seu goberno pola corrupción foi o Goberno de Mariano Rajoy. *(Aplausos.)*

E claro que falo de política de confrontación, porque vostedes practícan a diario aquí. Esta proposición foi presentada o 10 de outubro, cando vostedes aínda non se autoemendaran con nin máis nin menos que 130 páxinas. Quero pensar que, analizada a nosa proposta, asumiron as nosas formulacións e levounos a esa autoemenda.

Agradecemos ao BNG que asuma o noso texto, ao engadir a cada un dos nosos puntos, pero nós entendemos que esta proposición debe ser básica, no mellor sentido do concepto, á hora de que o Goberno garanta os conceptos fundamentais, que son: seguridade xurídica para ter a cualificación permanente e tamén garantir as coberturas orzamentarias futuras.

Corresponde ao Goberno galego marcar obxectivos e prazos. Tampouco entendemos que se propoña o obxectivo de 12.000 vivendas cando a Xunta xa marcou o obxectivo de 15.000. Por tanto, admitindo que ao texto proposto se lle poderían engadir moitos aspectos, a nosa pretensión é que esta proposición poida ser aprobada por todas as formacións políticas, incluído o PP.

Señora Deza, manexan as cifras de forma tan mentireira que falou dunha licitación de 200,6 millóns de euros na estratexia de vivenda; son 2,6 millóns. Revise o vídeo porque, tal e como nos contan as cifras, certamente van mentindo sobre elas.

A pesar do dito anteriormente, con todo, estamos dispostos a realizar unha transacción, que propoñeremos ao BNG como emendantes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Elena Candia López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.*

*Autoemenda de substitución.*

*Débase substituír exclusivamente o primeiro punto do texto da parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«1º- Unha vez convocada a mesa de seguimento do pacto de viabilidade para o día 9 de decembro, pedir a participación na mesma dos titulares dos Ministerios de Industria e Turismo e para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno de España a velar polo cumprimento do acordo de viabilidade firmado, así como a acompañar aos traballadores e traballadoras en tódalas fases do proceso, velando pola garantía dos seus dereitos e o mantemento dos seus postos de traballo.*

*2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para instalo a:*

*A) Cumprir os prazos dados no relativo a aqueles proxectos que dispoñan de declaración de impacto ambiental favorable e non dispoñan de permisos de acceso e conexión.*

*B) A que siga ampliando as axudas para os consumidores electrointensivos para asegurar que as industrias en España poidan competir en igualdade de condicións no mercado europeo, incrementando a dotación orzamentaria dentro do límite do 25 % dos ingresos de dereitos de emisión de CO<sub>2</sub>, conforme ao permitido pola Directiva Europea.*

*C) A celebrar, no prazo anunciado, a Mesa de seguimento do acordo de viabilidade.»)*





(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Castro García, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de adición.*

*Débense engadir no texto da parte resolutiva tres novos puntos, que serían o 4º, o 5º e o 6º, co seguinte contido:*

*<<4º- Modificar o Estatuto do Consumidor Electointensivo para crear a figura das Empresas Hiper-Electointensivas.*

*5º- Articular unha interrumpibilidade que aproveite a capacidade destas industrias para funcionar como colchón nos picos de consumo de enerxía.*

*6º- Eliminar da factura eléctrica os custos de peaxes e cargos asociados ao transporte pola proximidade dos centros de consumo aos centros de produción.>>*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir unha nova sección no texto da parte resolutiva, co seguinte contido:*

*<<O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar as demandas e as xestións que correspondan co goberno do Estado, para que conxuntamente, e no ámbito das respectivas competencias:*

*1. Estuden todas as accións legais e institucionais que garantan o cumprimento dos compromisos por parte de Alcoa. En especial, o referido á execución dos investimentos para a construción do forno de ánodos.*

*2. Activen a intervención pública de Alcoa entre Xunta de Galiza e Estado, na porcentaxe necesaria no consello de administración, para garantir a continuidade da actividade e o mantemento de todos os postos de traballo en San Cibrao, incluíndo o das auxiliares.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Novamente este Parlamento vai analizar un tema de vital importancia para a nosa provincia: a situación na que se atopa a continuidade dos postos de traballo da factoría de Alcoa, na Mariña lucense. Creo que é innecesario dicilo; foi argumentada xa en moitas ocasións a importancia desta factoría para a nosa provincia. Non en van foi declarada esencial cando a pandemia. Todos recordaremos a taxada e limitativa listaxe de actividades que tiñan esa condición para o Goberno central. Que a produción de aluminio é básico para a construción,



para a alimentación, para a automoción, para a farmacia... a estas alturas xa é indiscutible; pero, xa no ámbito provincial, que afecta ou que representa o trinta por cento do produto interior bruto, pois xa nos debería levar a reflexionar.

Pero a realidade de todo isto —máis alá de que en moitos asuntos todos os deputados estudan e se amparan en argumentarios— é que cando falamos de Alcoa falamos de persoas; falamos de veciños e veciñas con nomes e apelidos que, neste momento —e non é neste momento—, xa levan demasiado tempo sen ter ningunha certeza. Decisións que afectan a súa vida, cando alguén decide mercar un piso, cando alguén decide cambiar o coche, cando planifica incluso os estudos dos seus fillos... Estar constantemente coa espada de Damocles, coa incerteza de que pasará coa continuidade desta factoría, que todos sabemos, ademais —os que coñecemos ben a provincia— que non ten fácil substitución, pois indubidablemente deberíanos levar a pensar.

Por iso hoxe o grupo que represento —que interveño eu, pero podería facelo calquera outro deputado— volve pedir un esforzo ao Goberno de España, indiscutiblemente, porque na súa man está. Pero tamén volve pedir un esforzo aos deputados e deputadas que traballamos, en principio, para resolver os problemas dos nosos veciños e veciñas e que seguimos entendendo a política como ese instrumento que permite dar solucións.

Efectivamente, rexistramos esta emenda a finais de outubro e dende aquela hai un feito positivo: está convocada a reunión da Comisión de Seguimento para o vindeiro día 9; de aí a nosa autoemenda. Pero falta o máis importante: saber quen vai asistir a esa reunión. Demandamos que esa reunión se produza ao máis alto nivel e que, por conseguinte, os ministros con competencias asistan, como xa manifestou o presidente Rueda a súa vontade de asistir.

A verdade é que se poderían dicir moitas cousas de por que o Goberno de España neste caso se está poñendo de perfil. Ademais, despois desta fin de semana e todo o que alí vimos, a verdade é que doe o corazón, sobre todo ás persoas que nos representaban: que non trouxesen —xa non digo unha solución— polo menos ese compromiso de que os ministros ían estar nesa reunión da Comisión de Seguimento para poder comprometerse e para poder dar solucións. Pero non é obxecto de ningún debate, de feito, a ambos os grupos —dado que fixeron unha emenda á nosa proposición— enviámoslles un texto para transaccionar. Vaia por diante que a nosa vontade é facelo. E non entendemos por que houbo diñeiro para todos —xa non vou citar Air Europa, que a todo o mundo nos virían episodios francamente tristes da nosa historia democrática dos últimos tempos—; Telefónica ou Arcelor son algunhas das empresas que recibiron multitude de axudas paramanter os postos de traballo. Pero, no caso de Alcoa, a verdade é que levamos uns episodios moi tristes que a min persoalmente, ademais de preocuparme, me avergonzan.

Por iso, e buscando precisamente ese consenso, vou dicir o que queremos que se vote hoxe aquí: a proposta de transacción que sometín aos grupos. Unha vez que se convoca esta mesa de seguimento do Pacto de viabilidade para o vindeiro día 9, queremos pedir a participación na mesma dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo, para a Transición Ecolóxica e de Reto Demográfico; algo básico. *(A señora Candia López amosa un documento.)*



É absolutamente sorprendente que, na emenda que plantexa o Partido Socialista en relación a isto, o punto C pon: «a celebrar no prazo anunciado a Mesa de Seguimento do acordo da viabilidade». ¡Vaia nivel de desconfianza e vaia vergonza de pouco compromiso, que lle pida o Goberno que teña a reunión e nin sequera atende as peticións que sabe que o comité de empresa trasladou.

No punto dous: «exixir o compromiso para a consignación dos 74 millóns de euros correspondentes aos mecanismos de compensación de custos e emisións indirectas de CO<sub>2</sub> que non percibiu esta empresa entre os anos 2018 e 2021». Sabemos que aí é complicado que xa os perciba, pero que se aumente a dotación orzamentaria destas axudas ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea.

No punto tres: «autorizar sen máis dilación os parques eólicos de competencia estatal vencelladas aos contratos a longo prazo para producir enerxía a prezos competitivos —as que todos coñecemos como as PPA—, que prevén subministrar á factoría-fábrica». Este tamén é un tema para pedir desculpas, porque a tramitación destes parques tamén foi un claro exemplo dunha vergonza pública.

«Articular —e vou ao punto catro— unha liña de axudas públicas e apoios extraordinarios que garantan o investimento para a modernización da planta, no mesmo sentido que percibiron outras empresas xa declaradas estratéxicas polo Estado».

Punto quinto: «modificar o Estatuto do consumidor electrointensivo». Outro capítulo do esperpento. Os compromisos que se asumiron con esa fábrica sobre a literalidade do texto do Estatuto do consumidor electrointensivo. ¿Para que? Para crear figuras de empresas hiperelectrointensivas e deseñar mecanismos de apoio específicos ou reforzados para que atendan ás necesidades especiais desta figura.

Sexto punto: «articular unha ininterrompibilidade que aproveite a capacidade destas industrias para funcionar como colchón nos picos de consumo de enerxía».

E engado outros dous puntos, dado que a raíz da primeira reflexión do Bloque Nacionalista Galego creo que se pode mellorar. O punto sétimo: «estudar todas as accións legais e institucionais que garanten os compromisos adquiridos por parte das distintas administracións e de Alcoa e, en particular, aqueles previstos no Acordo de viabilidade ou alternativamente aos que se puideran pactar entre a empresa e traballadores no marco do proceso de negociación».

E o punto oitavo: «para o caso de que todas estas accións anteriores sexan insuficientes, activar a intervención pública temporal e instrumental de Alcoa para garantir a continuidade da actividade e o mantemento de todos os postos de traballo en San Cibrao, incluídos os das auxiliares».

Eu creo que é un texto traballado que recolle todas as sensibilidades. É indubidable que a emenda do Bloque Nacionalista Galego ía con moitísimo máis compromiso que a do Partido Socialista, pero aquí —insisto— non é un tema de argumentario. Creo que nas



nosas mans podemos facer moitísimo máis. Nós, evidentemente, no Goberno de España —como ben saben— estamos na oposición, pero o Partido Socialista sentouse e aplaudiu este domingo cousas moi indignas de aplauso e creo que era un escenario perfecto. Eu agardo que agora a persoa que represente o grupo poida tranquilizarnos e dicir que, ademais desa viaxe para aplaudir a Griñán, neste momento trouxo un compromiso para A Mariña.

E respecto ao Bloque Nacionalista Galego —que tamén moito hai que dicir dos compromisos que asumiron e non se cumpriron— creo que pola nosa parte se fixo un esforzo, igual que se fixo recentemente por parte dos nosos compañeiros e compañeiras no Senado. Creo que é importante que o Parlamento acade acordos de unanimidade e mande unha voz clara e contundente; o que dicimos sempre: que esta provincia, neste caso os traballadores e traballadoras de Alcoa, non queren ser máis que ninguén, pero tampouco están dispostos a ser menos. Nas nosas mans está.

Por iso apelo, despois dun traballo —eu creo que— rigoroso e que contempla todos os escenarios e todas as posibilidades e incluíndo ese compromiso garantista do artigo 8, a que apoiem esa moción. Non lle estarán dicindo que non ao Partido Popular; estaranlles dicindo que non a moitas familias que, directa ou indirectamente, seguen vendo con preocupación cada noticia que sae sobre a factoría de Alcoa e seguen esperando certezas, compromisos e contundencias do Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Vexo, señora Candia, que foi vostede comedida. Non se meteu moito no Congreso noso de Sevilla nin aludiu moito esa corrupción e eses temas que agora tanto esgrimen. Porque, claro, vostede, como parte tamén principal de todos os procesos onde nos vimos implicados moitos socialistas de Lugo —de Galicia, en xeral—, pois ten moito máis que calar do que falar.

A importancia que ten Alcoa na Mariña é indiscutible. O complexo industrial de Alcoa, con máis de mil traballadores e con máis de cincocentos que forman parte das empresas auxiliares, é o principal motor económico e social da Mariña dende hai case medio século. Non só ten importancia nos traballadores activos, que son sempre nos que nos centramos en primeira instancia, senón tamén nos propios xubilados de Alcoa. O propio concello de Cervo, por falta de oportunidades noutros campos, estase a converter nun concello-dormitorio de xubilados de Alcoa; cun poder adquisitivo medio alto, o cal tamén contribúe a incentivar a economía circular e de proximidade no propio concello e na Mariña.



A implantación da empresa naqueles anos setenta fixo que moita xente non tivese que marchar da Mariña. Fixo que moita xente tivese outras oportunidades máis aló das que lle ofrecía o mar. Veu xente doutros lugares: de Asturias, de Andalucía, de Castela e León. Tamén houbo moita xente que puido retornar; iso que vostedes tanto predican e pouco practican e pouco fan para realmente buscar ese retorno. Falo con coñecemento de causa, porque os meus pais foron eses emigrantes retornados que, grazas ás oportunidades que se abrían nese concello e na Mariña, puideron vir de Suíza e implantarse alí para poder traballar e para poder ter oportunidades que xeraba a propia planta de Alcoa fóra do que son os traballadores en si.

Alcoa neste momento —Inespal naquel momento— era unha empresa que foi privatizada por Aznar; así, a modo de recordatorio. Porque agora todos nos damos golpes no peito defendendo esa empresa e que temos que loitar con ela, pero resulta que o Partido Popular a privatizou no seu día. Hai que recordalo tamén, para que non se lles olvide.

Alcoa xera un ecosistema económico que vai máis aló da propia fábrica: xera postos de traballo en escolas, en centros de saúde, no hospital, no sector servizos. Evidentemente, estes víronse tamén todos beneficiados polo efecto tractor da propia fábrica. Polo tanto, sabemos, e moi ben, da importancia da mesma.

Mire, nós, o PSdeG, o pasado mes de xullo mantiñamos unha reunión co comité de empresa —facíamola nas instalacións da fábrica— onde o noso portavoz, o señor Gómez Besteiro, se comprometía a seguir facendo un seguimento e a seguir traballando para darlle viabilidade a esa empresa. Facíamolo unha vez pasadas as eleccións autonómicas e facíamolo sen un horizonte de novas citas electorais. Porque para o Partido Socialista o importante son os traballadores; e nós estabamos cos traballadores antes das eleccións, pero tamén seguimos estando agora despois das eleccións. Os do Partido Popular, que estivo por alí recentemente para presentar unha iniciativa que levou ao Congreso, nin se acercaron pola fábrica; quedaron a escasos quilómetros nunha cafetaría e alí fixeron ese anuncio. Non tiveron nin a decencia de acercarse á propia fábrica para facer esa presentación in situ. Por certo, iniciativa que se rexistrou dous días despois da súa, señora Candia, e nada ten que ver co que solicita vostede aquí. Eu creo que lle fixeron unha emenda os seus á proposta que vostede rexistrou aquí; ou incluso pódese dicir que os seus compañeiros de partido lle fixeron unha emenda á totalidade á presidenta do Partido Popular en Lugo, porque eu creo que a proposta que vostede presenta hoxe aquí non lla votarían nin os seus compañeiros en Madrid.

Ao PP —aquí si que están de acordo— gústalles moito falar da suposta incompetencia dos ministerios de Industria e de Transición Ecolóxica. Non se cansan de reiterar que se axilicen os parques eólicos dependentes do Goberno central. ¡Ah!, pero esquécense sempre de mencionar que a Xunta de Galicia enviou a documentación ao Ministerio o mesmo día do fito do día da declaración de impacto ambiental; o cal, evidentemente, fai entender imposible cumprir así os prazos. E, así, se temos que tachar alguén de incompetente, ese é o Partido Popular da Xunta de Galicia.

Con todo iso, o Goberno de Pedro Sánchez —este que tanto deostan, pero que grazas ao Goberno socialista a fábrica ten e terá viabilidade— modificou ese Real decreto 1183, do acceso á conexión á rede eléctrica, precisamente para atender á singularidade dos parques eólicos



da Mariña que están agora mesmo en tramitación no Miteco, que seguen adiante, que son tan importantes para o consumo enerxético de Alcoa e aos que con esta modificación se lles dará prioridade no futuro na subasta eléctrica —que sairán pronto, señora Candia, sairán pronto— para solventar a desidia do Partido Popular. O Goberno segue a traballar neste tema e segue a falar e a ter conversas para satisfacer as necesidades das empresas electrointensivas.

Por certo, o Estatuto —deste do que tanto queren falar agora e mellorar— foi posto en marcha polo Partido Socialista tamén, señora Candia, que despois olvídanse deles.

O aluminio segue sendo un sector estratéxico para España e para o Goberno de España e estase nun momento de abrirse a novos horizontes ao respecto. ¡Que é casualidade que vostedes traian aquí e en Madrid unha iniciativa para falar destes temas e que incluso tiveron que autoemendarse, porque ao mellor resulta que ao final a cousa vai máis rápido do que vostedes incluso prevían! Iso si, exixíndolle sempre ao Goberno central e nunca á empresa, a pesar de estar incumprindo os acordos aos que chegou cos propios traballadores. Facendo os traballadores un esforzo importantísimo para chegar a acordos coa finalidade de buscar a continuidade da fábrica. E a empresa non está a cumprir coa posta en marcha das cubas, que só están postas en marcha 32 das máis de quíntas existentes; non está a cumprir co forno de ánodos. Polo tanto, non fai viable a empresa. Pero vostedes só lle exixen ao Goberno central. Esquécense —como digo— de exixirlle os cumprimentos á empresa, que hai que seguir exixíndolle. Agora Alcoa pecha un preacordo con outra empresa, con Ignis, onde dan unha nova viraxe á situación, onde no día de onte lle trasladaban ao comité de empresa a folla de ruta que pretende seguir e onde están a traballar para manter a empresa. Nós seguiremos a pedir o cumprimento do acordo que asinen os traballadores e do acordo ao que se chegue cos traballadores. Porque dende o PSdeG hoxe, onte e mañá seguiremos ao lado dos traballadores.

Pero, para que vexan que nós si temos vontade de chegar a acordos, por iso presentamos esa emenda. Incluso unha emenda onde nós tamén lle pedimos ao Goberno central. Porque, independentemente de quen governe cada institución, nós estamos para a busca de solucións e, polo tanto, tamén llo pedimos ao Goberno central.

Vostede agora dinos aquí que fai unha proposta de transición que resulta que é o seu máis tres puntos do Bloque; da nosa emenda, nada. Nós non podemos votar a súa proposta a favor porque nós non podemos pedir imposibles; por non dicir ilegalidades. Porque, como vostedes saberá, hai sentenzas e non se pode pagar con carácter retroactivo nese punto número dous; se non, pódelle preguntar vostede incluso aos seus eurodeputados. De aí a nosa proposta de ampliar as axudas para consumidores electrointensivos, incrementando a dotación orzamentaria dentro do límite do 25 por cento dos ingresos de dereitos de emisión de CO<sub>2</sub>, conforme o permitido pola directiva europea nesa Directriz 2018/410...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** —finalizo, presidente—; por certo, tal e como está a pedir o Partido Popular en Madrid nesa emenda á totalidade que dicía que lle facían, señora Candia.





Polo tanto, vostedes están pedindo unha cousa en Madrid e outra aquí. A única intención que teñen é a de confrontar, coma sempre, co Goberno central...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...e non de buscar solucións para os traballadores e as traballadoras de Alcoa, auxiliares e todo o que se move no ecosistema económico de Alcoa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...que é o seu obxectivo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Pois aínda menos mal que que emendamos, porque parece que mellorou bastante a cousa. Porque, se lemos a iniciativa inicial, parece que os dirixentes e as dirixentes de Alcoa son todos uns anxiños e uns seres de luz que nada mal fixeron, que non puxeron en xaque a comarca da Mariña. É coma se non incumprisen unha e outra e outra vez o asinado, e ségueno a incumprir; amosando, evidentemente, a súa mala fe dun xeito continuo esta semana tamén; e á seguinte seguirano a facer. E por iso, eu creo que habería que concretar certas cousas e certas obrigas, sabendo tamén quen é a parte que fai o mal e cal non.

Pero tamén temos que facer quizais unha reflexión, e sobre todo cando se ve unha iniciativa na que só lle reclamaba inicialmente ao Estado, con todas as da lei e con toda a xustiza, pero sobre todo que incluía as peticións da empresa. Por iso é cando temos que reflexionar: se nos temos que poñer do lado da empresa —eu creo que é obvio— ou dos traballadores e traballadoras. Porque Alcoa, sinceramente, creo que ten o poder suficiente e lévao demostrando en moito tempo como para que o Partido Popular lle tivese que axudar nalgo. E digo isto porque cadaquén ten que decidir a quen quere axudar: se quere axudar a empresa ou os traballadores. E digo isto porque hai ben pouco se despedían traballadores e traballadoras das auxiliares e nese momento houbo partidos políticos que non dixeron nada, nadiña. Entón, hai que baremar un pouco ao que se lle dá importancia.

Dito isto, hai evidencias de que a actuación do Goberno estatal é indefendible durante moitos momentos, evidentemente, e ten máis vergonzas que tapar que outra cousa. Comezando por non levar a cabo a intervención temporal que votaron aquí, que votaron no Congreso, que votaron nas deputacións e que votaron nos concellos. É dicir, non cumpriron o acordado, faltáronlle á palabra aos traballadores e tardan en responder, acoden só a



unhas poucas xuntanzas. E, sobre todo —pero aquí tamén a Xunta— non obrigan a Alcoa a cumprir o asinado, cando os acordos se decidiron nunha mesa onde estaban todas as administracións, os sindicatos e a empresa. Entón, ¿para que serven?; ¿para que están as administracións públicas?

Porque eu teño que facerlle unha pregunta aos señores e señoras do Partido Popular; sen malicia, sinceramente, porque eu creo que é bastante obvia. Vostedes, no día de hoxe ¿crenlle algo a Alcoa?, ¿cren na súa palabra?, ¿cren que teñen boa vontade despois de todo o demostrado nestes catro anos? ¿Parécelles ben que agora recentemente Alcoa diga que o forno de ánodos, o principal investimento para a súa continuidade, que ía estar para 2025 xa non vai chegar ata o 2028? Comezará a construírse, é dicir, que ata 2030 nada —porque diso tampouco se falou, aquí hai que ver onde se pon a énfase—. E ao final dío ben claro o comité de empresa: Alcoa o único que quere é ter acceso aos cartos e logo xa pois a ver que fai cos traballadores e traballadoras. Non se pode asinar un acordo en febreiro e en novembro a propia empresa, a propia multinacional que ten o oligopolio do aluminio mundial, dicir que non ten cartos para facer eses investimentos. É que ninguén llo cre, e o que está claro é que non podemos defender a xente que quere despedir a mariñáns e mariñás directamente. E isto non é unha suposición; isto díxoo abertamente a empresa, que hai que dicir que aí non lle mentiu a ninguén.

O Estado, por suposto, ten que obrigarlle a facelo —como xa dixen—, pero a Xunta tamén. E por iso incluimos moitos acordos na nosa emenda que inclúan a Xunta nas obrigas que, como o Goberno galego, ten que levar a cabo. Pero tamén —como dixemos— por nós non vai ser, e incluimos outras solucións de menos relevancia que a intervención pero que axudarían: como o Estatuto do consumidor electrointensivo, crear a figura das empresas hipe-relectrointensivas, articular o factor da interrompibilidade e a modificación da *[Inaudible]* eléctrica para eliminar as peaxes e cargos asociados ao transporte pola proximidade dos centros de consumo aos centros de produción.

Falamos tamén do caso das PPA. Sigo preguntando aquí ás señorías do Partido Popular: ¿que vai ocorrer con esas PPA se Alcoa ao final non queda na Mariña? É unha pregunta que leva enriba deste atril moito, moito tempo e que segue sen responderse nin por parte da Xunta nin por parte do Estado, evidentemente, porque ao final ao mellor non vai resultar que sexa un negocio perfecto.

Pero introducimos todas estas medidas cun afán construtivo para facilitar o máis importante, que é que se manteñan os postos de traballo que, xa non imos repetilo, supoñen un terzo do PIB da provincia de Lugo e xa non digamos na comarca da Mariña. Pero o máis importante: se se quixese rematar directamente co sufrimento —e levaríamos aforrados máis de catro anos— o que se faría sería a intervención pública, temporal ou non. Votouse aquí a favor e votouse en todos os concellos da Mariña, todos os grupos e votouse no Congreso e votouse nas deputacións. Ao final non se levou a cabo, pero tampouco se levou a cabo e a Xunta aquí tampouco quixo participar.

Ben, como fan outros países cos seus sectores produtivos principais: interveñen empresas. E non pasa nada, non pasa absolutamente nada. Fano gobernos de distintas cores, porque



saben que cando producen produtos de relevancia, como pode ser o aluminio neste caso, deben estar controlados polas administracións públicas; para que, por exemplo, non chegue unha empresa americana... Que, por certo, hai que facer sempre este inciso: vostedes privatizaron en 1997, co señor Aznar, e, se non houbera esa privatización, ao mellor este problema non existía. Pero, como dicía, para que non chegue de repente unha empresa americana e diga que quere deixar máis de mil persoas na rúa porque lle convén economicamente. E isto fano gobernos de todas as cores, gobernos dos que estamos afastadísimos. Fano en Europa, porque nin o marco normativo galego, nin o marco normativo estatal nin o marco normativo da Unión Europea impiden a intervención pública dunha industria considerada estratéxica. E dáse a casualidade de que Alcoa está considerada estratéxica.

E aquí ten que intervir o Estado, pero a Xunta tamén pode e debe facelo; para ter control no futuro da mesma, para que as políticas industriais, en definitiva, se decidan con base nas necesidades dun país e non con base nas necesidades e no beneficio económico dunha empresa.

Remato, con esta intención de chegar a un acordo, porque estamos a falar dun tema importante. Queda claro. Os traballadores e as traballadoras téñeno claro, todos os sindicatos téñeno claro, o Comité de empresa teno claro: que a solución é a que berran e corean todos os traballadores e as traballadoras nas manifestacións e concentracións; tamén nas que acoden membros do Partido Popular. A pregunta é se vostedes tamén as corean ou se fan *playback*.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto.

(*O señor Ojea Bouzo declina o uso da palabra.*)

Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.

A ver se me dá tempo nos tres minutos, porque se me fixeron moitas preguntas e, a verdade, tamén moitas provocacións.

Dicía vostede, señor Castro, «¿de que lado está?» Eu creo que aquí debemos dicir alto e claro que o Grupo Parlamentario do Partido Popular indubidablemente está ao lado dos traballadores, pero tamén estamos ao lado das empresas. Hoxe en día parece que investir e crear emprego é un acto delituoso para algunhas forzas políticas. (*Aplausos.*) E si, apoiamos as empresas, estamos moi orgullosos de que as empresas invistan en Galicia.



E facíame tamén outra pregunta: «¿A quen crían?» ¿A quen criamos? Mire, eu non sei se podemos darlle credibilidade a todo o que di Alcoa ou non. Eu o que si sei é que a quen non se lle pode dar credibilidade é ao Bloque Nacionalista Galego. E voume dirixir a vostede. Vostede tomou posesión no ano 2020 aí arriba como deputado máis novo e vestiu a chaqueta de Alcoa. Púxoas ese día e non a volveu poñer, porque era para a foto. Era para a foto, ¿sabe? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se fose unha gala dos Óscar sería un gran nominado. ¿Por que lle digo isto? Non pola chaqueta, que ata me gustou o xesto, porque a min todas este tema indubidablemente, como lle dixen, chégame fondo. Pero é que resulta que, cando sacou a chaqueta e se puxo a traballar polo que lle pagan —non por actuar—, (*A señora Candia López amosa un documento.*) buscamos e vemos que no seu pacto PSOE-BNG no ano 2020 e —dende logo dunha maneira moi insuficiente; hai que buscar jeh!— aparece, efectivamente, que se convoque a mesa de traballo de Alcoa. ¡Amigo! Pero imos ao ano 2023 e busque vostede por onde queira. ¡Busque vostede por onde queira! Que vostede si que lle faltou á palabra, porque non lle cumpriu o Goberno do Estado e apoiou a Pedro Sánchez, ignorando totalmente as 7.000 persoas que dependen de Alcoa. (*Aplausos.*) ¡Home! E, ante este contexto, que onde hai papeis calan barbas, hai que ter moi pouca vergonza para vir poñerlle deberes á Xunta de Galicia. Non teñen vergonza no tema de Alcoa, indubidablemente. Moita actuación, moito teatro, pero, á hora da verdade: (*A señora Candia López amosa un documento.*) pacto do 2023, a continuidade sen garantir e vostedes nin o citan.

E agora tiña moitas máis cousas que dicir, pero é que se non contesto ao Partido Socialista... Eu sei que hoxe a señora Méndez tivo un papel difícil, porque ademais vostede é de alí e eu creo que, cando chegue e diga que non está de acordo co que eu aquí lín, terá que dar algunha explicación. ¡Home, que me diga que o Estatuto electointensivo o aprobou o Partido Socialista... Pero imos ver, o señor Gonzalo Caballero, ¿acórdanse del? ¿Acórdanse? (*Murmurios.*) Nunca pensei dicir isto, pero case o boto de menos, porque polo menos traía as cousas preparadas. Ben, pois o señor Gonzalo Caballero traslada o 5 de febreiro do 2020 ao comité de empresa: «Tranquilidade, o Goberno vai aprobar o Estatuto electointensivo». Un estatuto que non aportaba absolutamente nada... De feito, por iso estamos debatendo isto. E aquí só caben dúas cousas: ou foi sen lelo —malo— ou foi léndoo e enganou —peor—. E con el estaban todos os alcaldes da Mariña, e vostede seguro que tamén estaba de acordo. Ben, pero é que veu outro teatro, porque aquí a verdade... Díciame vostede: «non me falou do Congreso». Non, porque eu non vin aquí falar de política; veño falar de oito medidas que necesitan escoitar os traballadores e traballadoras de Alcoa. E, claro, a vostede descoloqueille o tema, porque viña preparado para que fose falar de Griñán e toda esa corrupción e de todo iso que, honestamente, me causa absolutamente asco, con palabras claras.

Dito isto, imos ao segundo, á actuación do señor Besteiro. Di a señora Méndez: «¡Ai!, non se preocupe, que xa aprobou un real decreto lei e que isto vai estar garantido!» Primeiro intentaron confundir dicindo que a Xunta non enviara os informes favorables para dar a autorización de impacto ambiental favorable. Tivemos que demostrar que era mentira. E si, efectivamente, aprobouse nun real decreto lei que se outorgará unha puntuación adicional a aqueles proxectos que dispoñan de declaración de impacto ambiental favorable e non dispoñan de permiso de acceso ou conexión, porque non tiveron a DIA en tempo. ¿Sabe de que data é isto? Do 23 de decembro do 2023. E di vostede que non foron nas eleccións... Home, por favor, un pouco de vergonza: (*A señora Candia López amosa un documento.*) «Besteiro tras-



*ladala a los trabajadores de Alcoa... El candidato del PSOE a la Xunta dice que estará solucionado para el año 2024...>*

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Estamos neste momento coa mesma incerteza. Claro, dos parques eólicos o BNG tampouco falou moito porque, ben saben, aquí piden que se autorice para as PPA e saen de aquí e collen a pancarta e pónense en contra de todos os parques eólicos que se planifican na nosa comunidade autónoma.

Dito isto...,

**O señor PRESIDENTE:** As emendas.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** ...eu fixen unha proposta de transacción e expliqueina e practicamente consumiu a miña primeira intervención a súa lectura, porque me parece que está moi traballada e que se fixo con absoluto interese de chegar a un acordo. Agardo que poidamos ser capaces de facelo. Non teño ningún inconveniente en matizar o que dicía a señora Méndez das axudas dos 24 millóns do CO2. Non teño ningún inconveniente. Se non é así, pois, indubidablemente, manteremos a nosa proposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de materializar a transferencia competencial e o traspaso efectivo de funcións e medios en materia de servizos meteorolóxicos e estudos oceanográficos**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, coa experiencia de Meteogalicia, a creación do Servizo Galego de Meteoroloxía como órgano administrativo que desenvolva as funcións meteorolóxicas en Galicia dependente do departamento responsable das competencias de Medio Ambiente e Cambio Climático.>>*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.



**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Ben, o modelo territorial de España é unha das cuestións centrais do debate político público a nivel nacional nestes momentos. Neste contexto, Galicia vai seguir facendo unha posición firme de defensa dos seus intereses como comunidade autónoma. Como dixemos na campaña electoral: sen hipotecas, nin mediacións, nin obediencias, máis alá das que se lle debe ao pobo galego. Galicia defende a súa dignidade fronte aos que pretenden erosionar a igualdade entre todos os españois. E o Partido Popular de Galicia defende que as institucións autonómicas sexan reivindicativas co Goberno de España e que entendan a lealdade como unha forma de exixir o que ás galegas e galegos lles corresponde.

Por iso, como nos comprometemos a través do noso programa electoral nesta lexislatura, seguimos afondando no autogoberno. *(A señora Prado del Río amosa un documento.)* E, se alguén non o coñece, este é o noso programa electoral. *(Risos.)* Si, un chiste para vostedes, señorías. Logo falaremos do seu e das súas cousas. Ben, pois como dicía, está recollido no programa electoral do Partido Popular de Galicia, que gañou as eleccións e, por tanto, está avalado por todos os galegos e galegas que nos votaron. Pero nós gobernamos para eses e tamén para os que non nos votaron.

Seguimos insistindo na ampliación do noso teito competencial naquelas materias que son de especial interese para Galicia, co obxectivo de mellorar a xestión. Falamos da titularidade da autoestrada AP-9, da xestión do litoral ou da xestión do ingreso mínimo vital, por poñer algún exemplo. E hoxe imos falar en concreto das competencias en materia de servizos meteorolóxicos e de investigación oceanográfica. Os últimos acontecementos ocorridos no territorio español por fenómenos meteorolóxicos adversos, así como os que ocorren habitualmente en Galicia, poñen de manifesto a importancia de ter información precisa sobre os cambios meteorolóxicos, ademais da potestade de poder activar alarmas baseándose na proximidade dos servizos, que é a precisión achegada pola experiencia.

Así, entra en xogo MeteoGalicia, encargada dos servizos meteorolóxicos en Galicia. Tamén coñecida como Unidade de Observación e Predición Meteorolóxica de Galicia, MeteoGalicia é unha unidade creada hai 24 anos, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Como dixo o presidente Rueda nunha visita recente á súa sede: «Estamos especialmente orgullosos dos nosos servizos meteorolóxicos». MeteoGalicia é unha entidade científica de referencia a nivel europeo, que ofrece cada día información precisa, rigorosa e de calidade ao conxunto da cidadanía. Unha unidade que conta con ferramentas e recursos necesarios para predicir e anticiparse a posibles efectos adversos dos diferentes problemas meteorolóxicos.

Os servizos de meteoroloxía son decisivos, entre outras moitas cousas, na situación de alertas. É o instrumento empregado na toma de decisión na xestión das emerxencias e tamén no día a día para o desenvolvemento da actividade cotiá dos tres sectores produtivos, xa sexa o primario, o secundario ou o sector servizos. Tamén, tendo en conta que somos a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa e de litoral, o noso servizo ten especial inci-





dencia na costa, no noso mar e na xente que vive del. Polo tanto, o control terrestre e no mar das condicións do tempo é absolutamente decisivo. É decisivo para a seguridade das persoas e tamén decisivo para as empresas, o noso patrimonio e tamén —¿como non?— para as nosas infraestruturas.

Na Constitución española establécese como competencia exclusiva do Estado o servizo meteorolóxico, pero isto non é inconveniente para que Galicia reciba a súa transferencia. No Estatuto de autonomía de Galicia existe unha previsión sobre as restantes materias que, con ese carácter e mediante lei orgánica, sexan transferidas polo Estado. Polo tanto, se o Goberno central fai o que nunca adoita facer, que é ceder, hai marco legal para a dita transferencia. Sen desprezar en absoluto o traballo da Aemet, e sempre dende a coordinación, reclamamos a xestión das competencias, para que as alertas meteorolóxicas se poidan dar dende Galicia e para os galegos. No día de hoxe o nivel de calidade, precisión e infraestrutura de MeteoGalicia fainos merecentes diso. Queremos ser máis exactos e precisos, nada máis, á hora de notificar episodios adversos.

MeteoGalicia conta con 160 estacións meteorolóxicas en toda a nosa comunidade, fronte ás 52 da Axencia Estatal de Meteoroloxía. MeteoGalicia conta cun conxunto de equipamentos e cun radar que ofrecen datos sobre a situación en cada zona cada dez minutos. Ademais, a Xunta vai reforzar o vindeiro ano o programa de actuación ante efectos adversos co uso, entre outras ferramentas, da intelixencia artificial.

Do mesmo xeito, queremos que a investigación oceanográfica non se decida dende un despacho no Paseo da Castellana. Somos a principal potencia pesqueira de España e de Europa e é lóxico ter a capacidade de emitir informes e facer estudos, e non que os teña que facer o Goberno central. Sobre todo, para que non ocorran cousas como o veto á pesca de fondo, consumado na Unión Europea, ou os cambios continuos na cota de pesca, os que algúns que se rían agora tamén apoiaron contundentemente na Comisión Europea. *(Aplausos.)*

Porque, señorías, non ten sentido que territorios sen mar opinen sobre o noso mar. Ao igual que ocorre coas políticas de protección ao lobo. Queremos dende a proximidade minimizar as consecuencias. Por iso, a transferencia das competencias é unha prioridade.

Presentamos hoxe unha iniciativa na que pedimos algo que xa levamos pedindo hai tempo, algo que a Xunta de Galicia está pedindo, que é solicitar a transferencia da competencia dos servizos de meteoroloxía e estudos oceanográficos, e iniciar os trámites para establecer un marco normativo propio. E tamén solicitar o traspaso efectivo das funcións, medios financeiros e materiais relativos á competencia dos servizos de meteoroloxía e estudos oceanográficos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días, presidente e mais deputados e deputadas.



Ben, xa supoñiamos que esta iniciativa do Partido Popular tiña a súa orixe na situación que pasou no Levante español; no Levante, non só en Valencia, senón en todas esas zonas de Murcia, Valencia e Andalucía. E, sobre todo, por esta cuestión de intentar dalgún modo desviar responsabilidades cara á Aemet.

Precisamente deste episodio o que se pode sacar como conclusión é que a Aemet cumpriu efectivamente coa súa responsabilidade, que foi avisar; avisar con tempo, con catro días de antelación. Avisos que eran para a Comunidade Valenciana, para a Comunidade Murciana, para Castela e León e tamén para Andalucía. Polo tanto, é un sistema integral de avisos para todas as comunidades. Unhas comunidades actuaron eficientemente; outras comunidades esperaron ata as oito da tarde para lanzar un aviso de situacións problemáticas.

Por certo, na mesma Comunidade Valenciana houbo institucións, como foi a Universidade de Valencia, que xa o día anterior, o día 28, comunicou o cesamento das aulas en toda a Universidade e ese mesmo día 29 ás 12 da mañá pechou todas as actividades universitarias. Polo tanto, con previsión, que é o que teñen que ter as responsables das emerxencias. A Aemet o único que fai é avisos. Avisos que, neste momento, claramente se demostrou que eran efectivos e eficientes.

Pero hai unha cuestión que creo que é importante. O Partido Popular trae aquí a posibilidade de crear un servizo propio meteorolóxico e oceanográfico. «Oceanográfico» na súa proposición por escrito solo aparecía no termo final, pero non na exposición de motivos; pero agora métenos tamén as competencias oceanográficas.

Pero imos empezar polas meteorolóxicas. A Xunta de Galicia ten neste momento a posibilidade de crear o seu propio servizo. Por certo, en España xa existen dous servizos autonómicos recoñecidos como servizos: teno Cataluña e teno o País Vasco. Ningunha das dúas ten transferidas as competencias meteorolóxicas. ¿Por que? Porque saben perfectamente que a Aemet ten que facer o seguimento meteorolóxico de todo o Estado español. Pero iso non é óbice para que algunha comunidade autónoma que queira poida desenvolver o seu propio servizo meteorolóxico. E repito: Cataluña, por poñer un exemplo, ten no seu Estatuto as competencias exclusivas en meteoroloxía. E, sen embargo, no momento de crear o Instituto Catalán de Meteoroloxía di que desenvolverá as competencias exclusivas sen prexuízo de que as competencias estatais na totalidade do territorio estatal corresponden á Aemet. Polo tanto, poden coexistir. De feito, a Aemet ten nos seus estatutos a posibilidade de colaborar con eses institutos ou con eses servizos meteorolóxicos galegos.

Polo tanto, terán o apoio do Partido Socialista para desenvolver ese servizo, Se queren transformar Meteogalicia —que, como vostede di, funciona adecuadamente— nun servizo real, nun servizo da propia Xunta de Galicia; onde estean, entre outras cousas, os traballadores e as traballadoras adecuadamente incluídos dentro da estrutura da comunidade autónoma. Como fai —repito— tanto Andalucía como fai o País Vasco. Por certo, neste momento Meteogalicia xa emite avisos. Avisos que son consultados, exactamente igual que os de Aemet se poden consultar.



Pero hai unha cuestión importante. Vostedes plantexan aquí a posibilidade de que parte dos recursos da Aemet —suponse que os recursos da Aemet que están aquí en Galicia— se transfiran á Xunta de Galicia. Iso é tecnicamente imposible. ¿Por que? Porque os recursos de Aemet —os radares, os sistemas de detección de raios, todas as estruturas que ten a Aemet— funcionan en rede. Pero non só en rede nacional ou estatal, senón que tamén en redes internacionais. De forma que os datos que se obteñen aquí non só quedan en Aemet España, senón que pasan a estruturas europeas e a estruturas mundiais, onde se rexistran os datos en tempo real. E, por tanto, non é posible ese fraccionamento.

Pero —repito— se a Xunta de Galicia quere ter ese servizo, mañá mesmo pode poñelo. ¿Por que? Porque non necesita esas competencias, porque esas competencias simplemente teñen que ver coa posibilidade de que teña un marco legal para facelo. E, polo tanto, non é incompatible con que a Aemet teña esas competencias xerais.

E, respecto ao dos institutos, vostedes o que plantexan é que os institutos oceanográficos da Coruña e de Vigo se transfiran á Xunta de Galicia. Iso cientificamente é unha verdadeira perda de posibilidades e de potenciación. ¿Por que? ¿Que buque oceanográfico se vai asignar a eses dous institutos oceanográficos? Porque os buques oceanográficos non están asignados a un só instituto oceanográfico; traballan tamén en rede para todos os institutos.

E, por outro lado, hai que ter unha cuestión importante. Para o tema das cotas non vale calquera informe. Non valen, como vostede sabe, os informes realizados por entidades locais, rexionais ou autonómicas, senón que teñen que ser a través de institucións de investigacións e de organismos recoñecidos e certificados para facer eses estudos. E que, polo tanto, eses son os que irán á Unión Europea e transmitirán eses datos. Polo tanto, creo que neste caso concreto a recuperación desas competencias de investigacións oceanográficas o que ía traer era perda de posibilidades e perda de capacidade de decisión.

Por certo, os institutos oceanográficos que están aquí en Galicia traballan para os temas de interese para a pesca, a acuicultura e o marisqueo de Galicia. Porque iso é o que fan: o seguimento, precisamente, desas situacións. Pero teñen a posibilidade de traballar con estruturas internacionais e, polo tanto, que os seus informes teñan validez científica.

Por tanto, competencias, por suposto; autogoberno, todo o que sexa. O Partido Socialista apoiará sempre iso. Pero o primeiro que ten que facer uso do seu autogoberno, da súa competencia, é a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia neste tema é moi amiga de poñer deberes aos demais. Incluso de utilizar, nalgúns casos, estas cuestións de enfrontamento institucional cara a outros gobernos, nomeadamente —¿como non?— o Goberno central. E aquí ten vías de traballo, vías para facelo; para exercer o seu propio autogoberno. Pois adiante, Xunta de Galicia, lexisle. Por certo, onte a propia conselleira xa nos dixo que si ou si van lexislar. Pois adiante, fagan esa transformación de MeteoGalicia nun servizo meteorolóxico de Galicia.

Polo tanto, teñen a posibilidade e teñen as competencias para facelo, pero non en detrimento das competencias exclusivas a nivel estatal que pola Constitución ten Aemet; que,



por certo, as está cumprindo e moi adecuadamente. Por tanto, quero animalos a que, efectivamente, saquen adiante este servizo galego, pero sen necesidade de retirar competencias á Aemet.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Pensei que tiña unha emenda o Bloque.

Ben, grazas, presidente, e saúdos.

Imos apoiar a postura do Partido Popular e compartimos os argumentos da súa moción. Penso que o que dixo o señor Julio Abalde non entra tampouco en competencia. Porque se a Aemet outorga datos, información a todos os países do mundo, pois tamén llos pode dar a ese servizo potencial que se pode crear en Galicia para levar a cabo os obxectivos dos que se fala. A Aemet pode permanecer e subministrar todos eses datos precisos, como os subministra, segundo acaba de dicir o señor portavoz do PSOE, a todos os países do mundo. Como é normal, porque os datos de meteoroloxía non soamente deben ser os do contorno inmediato; debemos coñecer no máis amplo espectro xeográfico posible esas medicións. E así se fai a nivel científico.

Se a Aemet permanece en Galicia, loxicamente esta lei orgánica de transferencia das competencias debería ir acompañada de cartos, de recursos, de medios humanos e de medios técnicos, sen estorbarlle á Aemet. Pero, claro, a capacidade decisoria de formalizar estados de alerta etcétera, etcétera podería tela esa entidade galega.

Eu penso que esta moción vai saír adiante, porque o Partido Popular a propón e a postura do Partido do Bloque Nacionalista Galego nese sentido é suficientemente coñecida. Entón, eu vería como unha proba de lume, sobre todo por parte do Bloque Nacionalista Galego, chegado o caso, presionar en Madrid o Goberno do Partido Socialista e facer pinza co Partido Popular para facer valer o seu peso específico nese Goberno para sacar cando menos adiante esa transferencia de competencias das que estamos falando, que é importante por todos os motivos que se din na moción do Partido Popular.

Nada máis e grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.



A verdade é que nos parece un atrevemento que o Partido Popular veña aquí demandar a transferencia de servizos meteorolóxicos, cando é responsable de que Galiza non teña esta competencia a estas alturas. ¡É o principal responsable o Partido Popular! (*Aplausos.*)

Agora presenta de maneira absolutamente oportunista esta iniciativa; nun contexto dramático e, ademais, utilizando unha treta propia do manual de filibusterismo parlamentario do Partido Popular: presentárono por urxencia para que viñese a este pleno para intentar neutralizar a proposición de lei de transferencia que está tramitando o BNG. Por iso nós nos vimos tamén obrigados a traer unha PNL que se vai debater despois, para deixar as cousas claras, (*Murmurios.*) para que se retraten ou para que se retracten de todo o que vetaron ata agora. Porque, ata agora, vostedes votaron sistematicamente en contra da transferencia das competencias pola vía da proposición de lei de transferencia. (*Aplausos.*) E non unha, senón dúas veces, señora Prado: en 2014 e en 2021. E despois tamén a unha PNL onde pediamos outras transferencias máis.

Por certo, a de meteoroloxía e a de oceanografía, señor Abalde, que foi apoiada tamén en numerosas ocasións polo Partido Socialista. Vostedes parece que van para atrás.

¿Saben que argumento utilizou, señora Prado, o seu portavoz daquela, no ano 2014, agora condenado ao ostracismo no Congreso dos Deputados? ¿Sabe o que dixo neste pleno? «A realidade é que os principais trasposos do Estado están, en certa medida, esgotados». *Fin de la cita*; está todo dito. Vostedes vetaron as transferencias, gobernaron durante seis anos continuados —2012–2018— co señor Rajoy e non conseguiron nin unha soa transferencia. Polo tanto, non veñan aquí dar ningunha lección.

E, ademais, vostedes saben que este acordo que se pretende tomar agora non ten absolutamente ningunha validez; non ten ningún percorrido. É unha declaración de intencións que queda ben se ten todo o apoio, pero a vía establecida na Constitución, que van celebrar vostedes dentro duns días... ¿Temos que explicarlles a vostedes o que di a Constitución? Di no artigo 152 que a vía para conseguir esta transferencia, que é unha competencia que a Constitución lle asigna ao Goberno central, é a proposición de lei orgánica de transferencia das competencias, que nós temos rexistrada e que se vai votar de novo dentro dunhas semanas e veremos aí o que van facer vostedes. Tamén na próxima PNL que se debaterá despois, onde se vai tamén manifestar o apoio ou non a ese trámite da proposición de lei.

A verdade é que Galiza xa ten un Servizo meteorolóxico, MeteoGalicia. Realmente non é un servizo meteorolóxico nin é unha unidade, como dixeron vostedes; é algo que non ten ningún tipo de aval legal. Creouse no seu día por un convenio coa universidade, pero hoxe en día funciona como unha encomenda de xestión a Tragsa pola que se pagan tres millóns de euros. A maior parte do persoal é de Tragsa; o edificio onde está MeteoGalicia é de Tragsa. Por certo, utilizado tamén, como dixemos onte, para esa consellería en B que teñen vostedes de Medio Ambiente para facer todos eses chanchullos na tramitación dos expedientes que xa denunciámos aquí onte na comparecencia. Polo tanto, MeteoGalicia non ten personalidade xurídica e esa é unha cuestión que se debería resolver canto antes.



Por certo, nós, desde logo, defendemos o labor de MeteoGalicia, defendemos o traballo dos magníficos profesionais que hai en MeteoGalicia, pero vostedes estiveron durante anos reducindo o cadro de persoal de MeteoGalicia e tamén despedindo o persoal. Por iso dimitiu no ano 2015 o director de MeteoGalicia. Agora hai un coordinador, chamado Juan Taboada, que está contratado por Tragsa; nin sequera é persoal da Xunta. Fíxense vostedes o limbo legal, a anomalía xurídica na que está MeteoGalicia.

Hai que acabar con esta precariedade, hai que acabar con esta falta de competencias de Galiza. É necesario que Galiza conte con competencias plenas en materia de servizos meteorolóxicos; sobre todo por unha cuestión: porque temos que contar con plenas garantías legais de que os avisos de MeteoGalicia son válidos, que neste momento non o son. Porque, señor Abalde, non temos as competencias recoñecidas no Estatuto, a diferenza do que pasa con Euskadi e Cataluña, e non temos tampouco a transferencia cedida. E nisto non valen atallos oportunistas, non valen brindes ao sol; hai que facelo pola vía prevista no artigo 152 da Constitución.

E menos chulería, señora Prado e señorías do Partido Popular; ou a propia conselleira de Medio Ambiente, que veu onte aquí cunha bravuconada de dicir que, se non se lle aceptaba a transferencia, ían facer unha lei. ¿E que? ¿E que fan cunha lei? Botar un foguete, porque se fan unha lei de servizos meteorolóxicos poden utilizala para legalizar a situación na que está agora MeteoGalicia de irregularidade, de limbo legal. E crear unha verdadeira unidade, unha Axencia Galega de Meteoroloxía, dentro do organigrama da Xunta; non mediante unha encomenda de xestión a Tragsa. Iso pódeno facer mediante unha lei, e pódeno meter aí ou pódeno meter na Lei do clima que están tramitando. Doulle unha idea. Pero non valen atallos, non vale oportunismo e non vale chulería.

Polo tanto, dito isto, a cuestión está clara. Teñen, despois do debate desta PNL, a posibilidade de apoiar a única vía posible e legal de acordo coa Constitución. Mire que estamos nós aquí utilizando a Constitución para abrírlles o camiño da transferencia. É esta: é votar a favor dunha proposición de lei orgánica na PNL que imos someter a debate despois. E, sobre todo, cando traíamos ao Pleno, por terceira vez, señora Prado, porque as dúas veces anteriores vostedes votaron en contra, esa proposición de lei orgánica. E aí vostedes terán que decidir se van apoiar esta tramitación ou se van seguir, como levan facendo todo este tempo, as ordes do Partido Popular de Madrid e do señor Feijóo, que é quen lles dixó todo este tempo que non podían apoiar esta transferencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas.

Señor Ojea, o Bloque Nacionalista Galego, por desgraza, non ten ningún peso específico en Madrid. Lamento dicirlle que alí non lle fan absolutamente ningún caso, porque son irrelevantes. É o nacionalismo máis irrelevante que hai no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)*





Mire, señor Bará, fala vostede de oportunismo. ¿Sabe vostede cando rexistraron esa proposición de lei da que fala? O 4 de novembro, cinco días despois da dina. ¡Que pouco oportunismo! ¡Que pouco oportunismo! (*Aplausos.*) Mire, eu xa lle dixen que nós o levabamos no programa electoral, que nos presentamos con el ás eleccións do 18 de febreiro. ¡Así que home, que nos chamen oportunistas cando o levabamos no programa electoral e vostedes esa proposición de lei, que di que non é nada oportunista, a presentaron cinco días despois da dina! Señor Bará, as leccións non se dan; as leccións recíbense.

Mire, nós gobernamos e, por tanto, estamos en condicións de que o Goberno galego xestione institucionalmente a solicitude da transferencia co Goberno de Madrid. E é o que está facendo. Onte mesmo a conselleira dixo nesta Cámara que o estaban facendo. E, se non lla dan, pois claro que si, traerase unha lei a este Parlamento, señor Bará; igual que trouxemos a do litoral cando vostedes estaban en contra desa xestión e o Partido Socialista a recorreu no Tribunal Constitucional. (*Aplausos.*) ¿E que dixo ao Tribunal Constitucional, señor Abalde? ¿Que dixo? Pois que a lei do litoral era constitucional. Agora estamos agardando que o Partido Socialista no Goberno de España nos traslade os recursos necesarios para xestionar ese litoral.

Mire, señor Abalde, vostede traía a súa intervención escrita e pensou que eu ía falar de Valencia e falou aquí de Valencia, e eu non mencionei absolutamente nada diso. Pero ben, *excusatio non petita, accusatio manifesta.* (*Aplausos.*) Mire, se nós tivésemos que pedir algo en relación á desgraza de Valencia, pediríamos as competencias en materia da confederación hidrográfica, señor Abalde.

Mire, e fala vostede das suspensións das clases. Vostede, que ata hai pouco era o reitor da Universidade da Coruña —esa que, por certo, ten un boquete que lles deixou vostede e o seu secretario, o señor Aymerich, que é un grandísimo economista, de 13 millóns de euros—, cando vostede era reitor debería de saber que a suspensión das clases se facía con base nas alertas que decreta Aemet e non MeteoGalicia. Por tanto, vostede di que os avisos son só para consultar. Non, non son para consultar. Determinan os protocolos de actuación, señor Abalde. E, se hai unha alerta laranxa pola Aemet, non se suspenden as clases; se hai alerta vermella, si.

E dicía vostede que funciona moi ben. Pois mire, no último que houbo en Galicia, no Kirk, a Aemet decretou a alerta laranxa e fíxose o protocolo con base nesa alerta. ¿E sabe que dixo MeteoGalicia polo menos nas Rías Baixas e en Pontevedra? Alerta vermella. E a Aemet iso non o prognosticou. Pois ben, diso estamos a falar: de que cada pouco tempo, cada dez minutos, temos unha información clara, precisa e rigorosa.

Pero di vostede que Cataluña e o País Vasco teñen un propio servizo de meteoroloxía. Señor Abalde, cando vostede se entere que en Galicia tamén o temos e que se chama MeteoGalicia, falamos. (*Aplausos.*) Eu dígoo porque despois, a continuación deste, imos facer outro debate. Home, non incorra vostede no mesmo erro, porque presentaron a mesma emenda.

E di vostede que pedir as competencias oceanográficas é unha barbaridade. Mire, xa llo dixo o señor Bará, vostedes xa votaron aquí varias veces, varias veces: «*Unanimidad de la Cámara para reclamar la transferencia de competencias de investigación oceanográfica de Galicia.*» Voulle



ler o que dicía o seu compañeiro daquela. José Ramón Val, do PSdeG — non sei se sabe vostede quen é, se o teñen no ostracismo ou non sei onde teñen os anteriores que estaban aquí—, considera lóxico que as competencias en investigación mariña estean na comunidade máis importante nesta materia e remarca a importancia destas transferencias, xa que este ano van moitas xa que non se cumpriron. Mire, señor Abalde, que veña vostede aquí dicir unha cousa, a contraria e con tan pouca rigorosidade e tan pouca transcendencia legal... Porque vostede non sei se non le...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...como están as competencias. Resulta moi sorprendente, señor Abalde, moi sorprendente.

Miren —remato xa—, se ao señor Sánchez lle interesase algo Galicia determinaríase un compromiso con Galicia. Cando se reuniu o señor Rueda con el en Madrid puido dicir: ben, imos cumprir ese compromiso. Pero a el non lle importa absolutamente nada; el é preso dos sete votos que ten cos independentistas.

Nese sentido, creo que nós acabamos de plantexar unha cuestión clara, que é que queremos a transferencia a Galicia das funcións no ámbito meteorolóxico necesarias para o axeitado exercicio...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...das nosas competencias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e un deputados/as máis, sobre a demanda de apoio por parte do Goberno galego á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia, rexistrada novamente nesta lexislatura polo Grupo Parlamentario do BNG**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, coa experiencia de Meteogalicia, a creación do Servizo Galego de Meteoroloxía como órgano administrativo que desenvolva as funcións meteorolóxicas en Galicia dependente do departamento responsable das competencias de Medio Ambiente e Cambio Climático.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora Prado, non sei se escoitou agora o señor Santalices. «Rexistrada novamente nesta lexislatura polo BNG». ¿Sabe por que? ¡Porque vostedes votaron en contra en dúas ocasións da admisión a trámite! (Aplausos.) É que vostede tira pedras contra o propio tellado. Contra o tellado de aquí, non contra o Tellado de Madrid.

Señora Prado, o mesmo pasou, ademais, coa proposición de lei da transferencia da AP-9. Tivemos que traela ata tres veces porque cando chegaba a Madrid vostedes vetaban a súa admisión a trámite. É que vostedes teñen moita roupa que esconder, así que mellor está calada, porque cada vez que fala cáelle a careta. E a careta é que vostedes levan quince anos traballando en contra de fortalecer o autogoberno e traballando a favor do centralismo, da submisión a Madrid e da submisión á estratexia que lles marca o señor Feijóo, que é a estratexia da confrontación. E para iso ata lles vale esa defensa ficticia do autogoberno.

Miren, falabamos no debate anterior de anomalías. (O señor Bará Torres amosa un mapa de España.) Este mapa da Aemet é unha mostra clarísima da anomalía que sufrimos nos servizos meteorolóxicos. Este mapa dános a información de que en Palma de Mallorca está pouco nuboso, pon aquí —para quen queira ir alí de vacacións—, pero non di o tempo de Viana do Castelo. Esta é a proba, a principal acusación e a demostración palpable de que non nos vale a información que dá a Aemet, porque non ten en conta, por exemplo, a nosa relación intensa, continúa e privilexiada con Portugal, especialmente co norte de Portugal. Portugal aquí é un espazo en branco.

O exercicio das competencias plenas en materia de servizos meteorolóxicos, e tamén noutras materias relacionadas, como salvamento marítimo, é absolutamente fundamental e esencial para Galiza. Sempre o foi, mais agora nos últimos tempos aínda é moito máis necesaria polo contexto de emerxencia ambiental, polas mudanzas do clima, pola maior frecuencia e intensidade dos fenómenos meteorolóxicos extremos, que, ademais, teñen unha singularidade diferente no caso de Galiza que non ten nada que ver, por exemplo, co Levante, co Mediterráneo. Temos tamén un clima, como temos outros moitos elementos diferenciais, diferente. E, por exemplo, en Galiza os principais fenómenos meteorolóxicos extremos teñen que ver, sobre todo, cos temporais de outono e inverno, con esas cicloxéneses explosivas, eses ciclóns extratropicais. E tamén cunha serie de factores, como se falaba onte, que poden provocar eses megaincendios, que chegaron e chegan agora a ameazar as vidas humanas e a provocar moitas mortes ou cada vez maiores períodos de seca e de ondas de calor.

E, a este respecto, temos tamén que chamar a atención sobre esta campaña que está armando a Xunta do Partido Popular de Galiza como refuxio climático. Parécenos que é un erro, porque os refuxios climáticos son conceptos que se refiren a zonas das cidades que son zonas de protección ante estes eventos extremos, sobre todo das ondas de calor, zonas onde hai unha



temperatura máis baixa pola sombra ou pola humidade. Pero non se pode utilizar como reclamo para un país que tamén se ve sometido. Parécenos unha banalización absoluta deste concepto. Un país que, en gran parte, por exemplo en todo o Val do Miño e do Sil, está sometido a eses mesmos episodios de ondas de calor que son ameazas para a saúde e para a vida da xente e que provocan moitas mortes. ¿Como se pode utilizar de maneira tan frívola este termo?

As razóns fundamentais polas que temos que ter esta competencia pódense resumir en tres. Como dicíamos antes, pola garantía legal dos avisos meteorolóxicos, que agora non existe. No caso dos avisos de MeteoGalicia, non teñen validez para efectos legais. En segundo lugar, pola mellora da función predictiva. E aquí hai que dicir que o feito de que Galiza teña as plenas competencias nesta materia non impide que esa información se comparta en tempo real —e hai mecanismos para facelo— con Aemet e, polo tanto, que se poida tamén compartir con outros servizos meteorolóxicos do mundo, con todas as necesidades que poida ter o Estado. E, ademais, hai un convenio en vigor entre MeteoGalicia e a Aemet que se pode mellorar e ampliar para recoller este traspaso de competencias e estas competencias plenas.

Está claro que para a actividade económica, para as emerxencias, para a protección da vida humana, para a protección da saúde, para ter mellor información que dirixir aos sectores produtivos do noso país —tanto agrario, gandeiro-forestal, como tamén marisqueiro e pesqueiro— é fundamental que teñamos este servizo. Tamén para o turismo, porque estamos fartas e fartos de ver como a información meteorolóxica que se dá centralizada provoca graves prexuízos para o noso turismo. E despois tamén pola función prospectiva, da que se fala moi pouco, pero que é absolutamente fundamental. É a capacidade de análise, de prevención e de prospectiva da evolución do clima, que sabemos que vai ser desfavorable. Neste momento MeteoGalicia fai informes do pasado, dos anos meteorolóxicos pasados, pero non fai tanto este labor de prospectiva; entre outras cuestións, porque ten un problema pola falta de entidade xurídica para concorrer a fondos de investimentos, axudas de fondos europeos en colaboración con outras institucións para poder facer mellor este traballo. E aí dependemos de estudos que se están facendo por parte da propia Aemet ou do propio Observatorio da Sostibilidade.

Está claro cal é —xa o dixen antes, pero vólvoo repetir— a vía necesaria e posible para conseguir esta transferencia, que é a que prevé o artigo 152 da Constitución, que habilita o Estado para transferir ou delegar ás comunidades autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que, pola súa propia natureza, sexan susceptibles de transferencia ou delegación. Neste caso, está claro que se pode facer. O procedemento é ese, é un procedemento perfectamente legal e constitucional que xa se fixo noutras ocasións. E, polo tanto, o que lle pedimos ao Partido Popular é que rectifique o voto que manifestou noutras ocasións, que apoie este acordo que queremos propiciar hoxe e tamén, no seu día, á admisión a trámite. Porque, ademais, a admisión a trámite non presupon que se teña que aprobar o texto como propuxo o BNG. Pódese someter a debate, emendar, facer cambios e introducir todas as consideracións que se consideren oportunas.

Polo tanto, aquí traemos unha proposta que, ademais de ser unha proposta para fortalecer a nosa capacidade de decisión en sectores que son absolutamente vitais para o presente e



para o futuro do noso país, é unha proposta que ten como obxectivo, sobre todo, mellorar e protexer as vidas dos galegos e das galegas e os bens públicos e privados ante estes fenómenos meteorolóxicos extremos cada vez máis frecuentes. E o Partido Popular ten que decidir que quere facer: se quere votar a favor de Galiza ou se vai votar, unha vez máis, o que lle diga o Partido Popular de Madrid e o señor Feijóo. Teñen vostedes a palabra. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días de novo.

Señora Prado, eu non veño defender aquí en absoluto a xestión como reitor. Iso queda para a historia, porque é un período pasado. Pero pediríalle que, en vez de ler a prensa, se enterase dos datos: a Universidade da Coruña non ten débeda; a Universidade da Coruña pechou unhas contas con 1,6 millóns de euros de superávit e ten neste momento catorce millóns de euros na caixa. Si, si, si, lea, lea, lea. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entérese do que é, porque é outra cousa. Non é un burato nin existe burato. Polo tanto, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* simplemente iso. Pero ben, imos ao que é, porque a min non me interesa nin me preocupa que falemos da miña etapa como reitor. Está aí, como dixen, e é historia. Eu estou aquí como deputado do Partido Socialista e para intentar explicar a política do Partido Socialista.

Como dicía o representante do BNG, o señor Bará, MeteoGalicia non ten neste momento natureza xurídica. Non existe, non é un servizo da Xunta de Galicia. É simplemente consecuencia dun convenio entre a consellería e a Universidade de Santiago, a través do Citius, que puxo en marcha este sistema. E, como dicía aí, cunha situación precaria de todas as persoas que están traballando aí. Polo tanto, creen ese servizo, como un servizo administrativo con natureza xurídica administrativa. Diso se trata, diso se trata. E, polo tanto, creo que hai posibilidades.

Por certo, as competencias pode ser que sexan exclusivas, que sexan compartidas ou que sexan en distintos niveis competenciais. Non ten por que ser que se solicite unha competencia exclusiva só meteorolóxica para aquí en Galicia; pódese compartir e pode ser que as competencias a nivel estatal aquí en Galicia as desenvolva Aemet e que aquí Galicia teña as competencias só para a comunidade autónoma. Iso significa que se regule exactamente igual que a validez das alertas. A Aemet, ao igual que MeteoGalicia, o que dá é avisos, para que despois os responsables de seguridade e de Protección Civil tomen as decisións correspondentes.

E aquí hai unha cuestión que creo que é importante, e é unha cuestión —repito— tecnolóxica. Dicía o señor Bará que nalgúns casos MeteoGalicia ten que utilizar datos que veñen de Aemet. ¿Por que? Porque sencillamente os servizos autonómicos non teñen a capacidade de poder integrarse en redes internacionais onde solo se recoñecen servizos estatais. E, polo tanto, nesas redes internacionais, tanto sexan europeas como mundiais a través da ONU, soamente pode estar a Aemet, lamentablemente. Por certo, a Aemet colabora con preto de





corenta millóns ao ano para o mantemento desas redes. E esas redes teñen todo integrado. E, polo tanto —repito— non se pode facer que estas estacións de seguimento que tiña a Aemet aquí en Galicia de repente agora se pasen para MeteoGalicia. É que iso tecnoloxicamente e tecnicamente é imposible. MeteoGalicia ten que crear as súas, que, por certo, xa as ten creadas.

E, polo tanto, simplemente é cuestión de que a Xunta de Galicia tome esa decisión de darlle esa natureza xurídica. E a partir de aí... Ademais, a min resúltame moi curioso, porque cando foi a Lei do litoral precisamente a situación que dicíamos os socialistas é que tiña que existir esa competencia especificamente posta no Estatuto de autonomía. O Partido Popular dicía: non, non fai falla que estea no Estatuto de autonomía; podemos pedilo. Pois sigan na mesma vía que estableceron na Lei do litoral. Lexislen, poñan en marcha ese servizo, poñan ese funcionamento e así é o mesmo procedemento.

E, polo tanto, aquí do que se trata é que se empezamos pedindo as competencias, temos unha vía de enfrontamento e de choque co Goberno central. E con nós non poden contar para iso. (*Murmurios.*) ¿Por que? Porque o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia teñen un percorrido ata chegar a conseguir ese obxectivo, que é dispoñer en Galicia dun servizo con natureza xurídica, con estrutura estable, dependente da Xunta de Galicia e como un organismo máis da Xunta de Galicia. E non un convenio onde se lle dá tres millóns de euros a quen sexa para que desenvolva esas funcións. Non, MeteoGalicia ten que estar dentro da estrutura —chámese MeteoGalicia, chámese Servizo Galego de Meteoroloxía, como queiramos— administrativa e burocrática da Xunta de Galicia, para que así os seus ditames teñan validez.

E, polo tanto, como dixen antes, a Aemet xa ten prevista esta situación. A Aemet nos seus estatutos xa establece que hai posibilidade de que as comunidades autónomas poidan establecer servizos exclusivos para dar un servizo con menor nivel de escala. Iso xa o ten a Aemet nos seus estatutos e, polo tanto, xa é posible.

Por certo, creo que a situación do País Vasco e de Cataluña é diferente. Nun caso había esas competencias recoñecidas porque, entre outras cousas, o Servizo de Meteoroloxía de Cataluña está funcionando desde o ano 1927. É o primeiro servizo de meteoroloxía de toda España. Por iso, cando foi o estatuto incluírono como unha competencia estatutaria. Pero iso non está en contradición con que a nivel estatal se desenvolvan as competencias a nivel de todo o Estado e, polo tanto, ten que ter a estrutura funcionando en todo o Estado, porque non é posible facer unha unión dos datos de dezasete estruturas diferentes. Non, a Aemet ten que ter unha soa estrutura que funciona en rede para detectar todas eses puntos de mostraxe.

Polo tanto, o que queremos aquí é que os servizos funcionen. O que queremos aquí é ter un sistema que nos permita alertar destas situacións complicadas e complexas. Temos o servizo estatal. Desenvolvamos o noso servizo autonómico, que nos vai dar, como dicía antes, unha redución da escala para que poidan tomar as decisións máis adecuadamente.

Polo tanto —repito—, nós estaremos sempre apostando polo maior teito competencial, pero, como dicíamos outras veces cando falabamos de marisqueo e outras cousas, a Xunta de Ga-





licia debe ser capaz de desenvolver ao máximo as súas capacidades de autogoberno. E, cando nese momento para continuar e aumentar ese teito competencial teña que ir solicitar, como dixemos os socialistas en moitas ocasións...

Por certo, dime vostede unha cousa do tema oceanográfico. ¿De que ano é iso? Porque a evolución científica cambia, a situación é diferente, as infraestruturas de análise e de mostraxe modifícanse. Por certo, o IEO, o Instituto Español de Oceanografía, está desenvolvendo unha base de barcos oceanográficos a nivel estatal en Vigo, no Campus do Mar. E, polo tanto, iso é estatal. Se o retiramos, desaparece. Desaparece, porque sencillamente non pode ser que todos os barcos oceanográficos do Estado se poñan á disposición da Xunta de Galicia. *(Risos.)* Así de sinxelo. Póñense á disposición, pero non baixo a competencia da Xunta de Galicia. ¿Eh? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que pasa? ¿Que todo o CSIC vai ser competencia da Xunta de Galicia? Por favor, por favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Ben, parece ser que hai unanimidade nunha idea fundamental, polo menos entre o Partido Popular e o BNG, e é que a transferencia desas competencias á Comunidade Autónoma traería moitísimas vantaxes que xa se narraron: desde a vida cotiá, desde saber o que imos poder vestir mañá, ata prever como pode evolucionar un voo de avión etcétera. O outro día falouse do turismo, falouse das actividades económicas, moitas das cales están totalmente afectadas pola meteoroloxía. E, polo tanto, de aí o grao de importancia que ten prevela. Tamén se falou do tema oceanográfico.

O que eu penso é que, sexa dun xeito ou sexa doutro, aí xa nos metemos en cuestións xurídicas de se dunha maneira ten máis probabilidade de progresar que a outra ou se unha podería levar máis tempo que a outra; eu penso que, como non son un experto nos temas xurídicos, non podo dicir se a mellor maneira é a que propón o Partido Popular, ou a que propón o Partido do Bloque Nacionalista Galego ou se ao final haberá que seguir o longo e sinuoso camiño, como pasou co tema do litoral. En todo caso, eu anuncio que votarei a favor das dúas propostas, baixo esa vontade de que as competencias sexan transferidas.

Tamén é verdade que ten que facernos reflexionar, se a cousa é tan importante, como se fai cando nun momento concreto e baixo o impacto emocional dunha dunha dina ou dunha catástrofe, cando esta clase de cousas, o noso labor como representantes públicos é un pouco pensar de xeito estrutural e non conxuntural. Quero dicir que non soamente a salto de mata, cando pase unha destas cousas, se nos ocorra pensar nestas solucións.

E voulle dicir unha cousa ao Bloque Nacionalista Galego. Había un investigador dos contos infantís que se chamaba Bruno Bettelheim —houbo outro, que era Vladímir Propp, que



tamén andaba nese tema— e que analizou unha vez por que a maioría dos contos do mundo usaba moito o número tres: *Os tres porquiños*, o pescador que tiraba a caña as tres veces, os tres irmáns que saían... E sempre era o terceiro o que acertaba. E di ese investigador que os contos tratan de transmitirllles aos nenos a idea, a nivel subconsciente, de que as cousas nunca saen ben á primeira e que normalmente saen ben á terceira. Entón, esta vez, que é a terceira vez que a presentan, como se soe dicir, «á terceira vai a vencida», como se lles di aos nenos nos contos.

E nada máis. Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señor Abalde, xa me parecía a min que os 13 millóns de euros que din que hai de déficit non podían ser; que non podía ser que, tendo como tiña vostede de secretario o gurú económico do Bloque Nacionalista Galego, o señor Aymerich, tivesen 14 millóns de euros na caixa. Pero, mire, claro, vostede di que leo a prensa: *(A señora Prado del Río amosa un titular de prensa.)* «*La Universidad plantea a largo prazo vender inmuebles y endeudarse para paliar el déficit*». Eu, se vostede di que isto é falso, chame a *La opinión*, dea unha entrevista e explique iso dos 14 millóns na caixa. *(Aplausos.)* Eu, o que leo, o que vexo no Concello da Coruña, como o Bloque lle quita o apoio á señora Rey... Certas cousas que eu creo, sinceramente, señor Abalde, que vostede está un pouco fóra de xogo dicindo o que acaba de dicir aquí. Pero, bueno, alá vostede. Eu non digo nada. Se hai 14 millóns de euros na caixa, vaia alí e explíquelleso, porque parece que non os atopan.

Miren, señores do BNG, eu o primeiro que lle quería pedir, señor Bará, é que deixen de entender bulos. Ultimamente, cada mes ou cada menos tempo atopámonos cun bulo do BNG. *(A señora Prado del Río amosa unha captura de pantalla.)* Tweet do BNG do pasado 26 de novembro, replicado por Ana Pontón, a señora lideresa do Bloque Nacionalista Galego. ¿E que comparten? Pois di: «*Tras vetar reclamar as competencias en meteoroloxía, 2014, 2021 e 2023*». ¿E que comparten do 2023, señor Bará? O titular cortado dunha noticia do 2023, cuxo titular completo é o seguinte: «*El PP veta que el Parlamento reclame el traspaso a Galicia de la gestión del litoral*». Respondan: ¿están facendo pasar unha noticia da xestión do litoral por unha sobre os servizos de meteoroloxía? É vergoñenta a súa manipulación, señor Bará. *(Aplausos.)* Mire, agora que está preto de cumprirse un ano do seu teatro cos *pellets*, isto recórdame a cando intentaron pasar unha fotografía realizada en Estados Unidos para criticar o Goberno galego. Desta forma intentaron conseguir votos nese momento, e xa vexo que non se cansaron de lanzar bulos.

En fin, para continuar o que dixen na miña anterior intervención, quixera reiterar o apoio que este Grupo Parlamentario Popular nesta Cámara sempre deu á transferencia do servizo de Meteoroloxía. *(Escóitanse ruidos fóra do Hemiciclo.)* *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*



Vale, son bombas, non sabía o que era. Quero recordar que esta foi unha petición constante dende Galicia, e por iso mesmo dende o ano 2000 existe MeteoGalicia. Polo tanto, a petición da transferencia da competencia en materia dos servizos meteorolóxicos en Galicia non é nova.

Señor Bará, nós non temos caretas. Os das caretas son vostedes, que cada vez que se presentan ás eleccións poñen unha careta e cada vez que acaba a elección a careta cae ao chan. (Aplausos.) Mire, nós podemos levar a cabeza ben alta e mirarlles á cara aos galegos e galegas. Mire, no ano 2009, cando o Partido Popular gañou as eleccións ao Bipartito: «*La Xunta reclama a Madrid la gestión de la franja marítima de dominio público-terrestre. Pide el traspaso de diez competencias como Meteorología, ya que Galicia es la única comunidad que non tiene reconocido en el Estatuto su competencia al respecto*». Xa no ano 2009. Así que non veña dicir vostede aquí que eu teño unha careta e que digo unha cousa pero facemos outra. Xa o Goberno de Feijóo, ese ao que lle fan vostedes oposición no 2024, do 2009 pedía estas competencias.

Miren, como lembraba tamén na anterior intervención, o Partido Popular de Galicia presentouse a estas eleccións que gañamos con maioría absoluta —e que parece que os galegos aprobaron a xestión do Partido Popular nas urnas, que é onde se ten que aprobar a xestión dos gobernos, señorías— nese programa electoral presentámonos con 872 medidas, que a min me gusta chamar «compromisos» cos galegos e coas galegas. E a estas alturas, case dez meses despois de gañar as eleccións, ninguén pode negar que o Partido Popular de Galicia non só está cumprindo co prometido, senón que é o único partido que defende de verdade a dignidade de Galicia. A dignidade de Galicia, tal e como deixamos claro no noso programa para a presente lexislatura, tamén ten que ver coa ampliación do noso teito competencial nas materias que interesan a Galicia.

E eu, señor Bará, diríalle que, claro, falou vostede da AP-9... Pero é que tanto presumen de ser os defensores do autogoberno de Galicia que onte o Partido Socialista, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, prorrogou na Mesa do Congreso por décimo quinta vez, señor Bará, o debate sobre a lei para transferir a AP-9. Xa que vostedes anunciaron nunha ocasión que romperían co Partido Socialista, rachen xa. Fáganlle caso aos arredistas e, ademais da independencia de Galicia, pidan a independencia de Pedro Sánchez. ¡Independídense xa de Pedro Sánchez, señores do BNG! Deixen de render pleitesía a un Goberno que está prexudicando a Galicia, a un Goberno que despreza a Galicia, a un Goberno que se ri na súa cara cada vez que lle piden o apoio e vostedes van como a procesión dos Caladiños a darlle o apoio a Pedro Sánchez, ¿a cambio de que? De nada, señorías. Vostedes son a irrelevancia no Congreso dos Imputados. Diso si que non falan absolutamente nada, diso non falan absolutamente nada, non vaia ser que o líder, o número 1, se enfade con vostedes e, ademais de non facerlles, caso, pois, non sei, non os mire nin á cara.

Mire, nós presentámonos a estas eleccións con quince transferencias no noso programa electoral. Mire, señor Abalde, vostedes é normal que non apoiem ningunha transferencia de competencias. Porque, mire, este é o programa electoral do Partido Socialista. (A señora Prado del Río amosa un documento.) ¿Vostede mirou cales son as competencias que pedían? ¿Cal é o nivel de autogoberno que vostedes pedían? Pois, mire: «Apostamos por asumir as competencias de ordenación do litoral dende a Administración autonómica, pero seguindo as vías



necesarias para iso e non actuando de forma unilateral co único fin de buscar vías de confrontación». O que vostede vén dicir aquí. Pero, mire, é que daquela a Lei do litoral xa estaba aprobada e xa o Tribunal Constitucional... A única confrontación que hai aquí é a do Partido Socialista que, cando este Goberno e este grupo parlamentario aprobou unha lei para a transferencia da lei para a Lei do litoral, vostedes levárono ao Tribunal Constitucional. ¿E que dixo o Tribunal Constitucional? Que era absolutamente constitucional. Pois esa foi unha das cousas que levaban no seu programa electoral, e a outra, unicamente: «Defenderemos que as comunidades autónomas deben dispor das competencias para determinar, dentro das marxes razoables, os tipos de retención sobre o cincuenta por cento do IRPF. Isto permitiría que as decisións de cada facenda fosen trasladadas á cidadanía con rapidez».

Mire, señor Abalde, ¿que me quere dicir vostede? ¡¿Que o Goberno de España lle pode pasar a facenda e a Axencia Tributaria a Cataluña, que lle pode traspasar a Seguridade Social ao País Vasco e que o problema é que lle pase as competencias oceanográficas a Galicia, porque se rompe España?! (Aplausos.) ¡Señor Abalde, por favor, cambien vostedes de asesor no grupo parlamentario! Xa llelo ten dito o presidente da Xunta: teñen un topo dentro. Cambien de asesor, porque sinceramente creo señorías, que están ou mal asesorados, como dicía vostede, ou actúan con bastante mala fe.

Mire, eu creo que todos estamos de acordo en que MeteoGalicia debe ter máis competencias, pero iso non depende só das exixencias que faga a Xunta de Galicia —que, como dixo onte a conselleira, xa están a facer—, senón que depende da vontade política do Goberno de España.

Eu xa sei que ao Bloque Nacionalista Galego non lle fan ningún caso. E vostedes se non son reféns de Ferraz, se vostedes non firmaron ningún pacto de silencio este fin de semana en Sevilla, defendan a Galicia e tamén independícese de Pedro Sánchez en favor de Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora Prado, vén vostede aquí falar de bulos, cando vostede inventou o maior bulo da historia recente: esa trama de bots rusos, coreanos e non sei máis, que foi o maior ridículo dos últimos tempos. (Aplausos.) Está no seu haber, no seu historial, no seu currículo, señora Prado. Un pouco de vergoña.

Claro, hoxe é día de Santa Bárbara, e podemos dicir aquilo de que o PP acórdase da meteoroloxía cando trona. Porque, en todos estes anos, nin caso.

E xa o colmo é que veña vostede aquí e que se atrevan unha e outra vez a falar da AP-9. Se estamos sufrindo as peaxes abusivas é porque vostedes as incrementaron 25 anos. (Aplausos.) ¡Vinte e cinco anos, as peaxes! ¡Ata o 2048! E a única organización política que conseguiu a rebaixa das peaxes foi o BNG. Agora unha nova rebaixa das peaxes que se vai aprobar re-



centemente. Vostedes boicotearon ata en tres veces a transferencia da AP-9. Polo tanto, a realidade é esa.

Quen non pinta nada son vostedes. ¡Que estiveron gobernando! Son o Goberno galego; non son unha forza política. Estiveron gobernando en Galiza e no Estado e non conseguiron nin a primeira transferencia. (*Aplausos.*) Ese é o seu balance, señora Prado.

E como a memoria é fráxil, a coherencia tamén é fráxil e a vergoña aínda é máis fráxil, voulle ler unha frase: «Por culpa do Bipartito, Galicia non ten nin Policía autonómica nin competencias en materia de tráfico. Galicia non conta con competencias policiais propias, a diferenza do que acontece en Cataluña, no País Vasco e mesmo en Navarra.» Esta frase é do 2009 do señor Rueda. ¡Catorce traspasións en tres anos e medio por cero traspasos do Partido Popular en quince anos de goberno, señora Prado! (*Aplausos.*) ¡Esa é a diferenza! Traspasos fronte a nada. Cero balance.

E miren, vostedes, efectivamente houbo unha vez... Por certo, vostedes votaron en contra dúas veces da proposición de lei —2014 e 2021— e no 2023, ao que nos referiamos nós, é que votaron en contra dunha PNL onde se pedían 35 transferencias, entre elas a de meteoroloxía. Entón, non veña aquí intentando confundir.

E vostedes, efectivamente, algunha vez defenderon esta transferencia —despois non conseguiron nada— no ano 2010. É dicir, hai catorce anos. Foi no mes de decembro, e aprobouse tamén un acordo para pedir a transferencia do servizo meteorolóxico. E dicía daquela o portavoz do Partido Popular que «Existe un certo parón no avance do autogoberno galego». (*Risos.*) O parón non foi, foi a parálise absoluta nos anos seguintes. Pero a vostedes dálles igual.

Polo tanto, agora nós presentámoslles aquí esta proposta. Nós imos votar a favor da proposta do Partido Popular e imos aceptar tamén a emenda do Partido Socialista. Presentámoslles esta proposición de lei para que vostedes se retraten e se retractasen e apoiem en sede parlamentaria esa proposición de lei orgánica que imos trasladar proximamente a debate para conseguir, dunha vez por todas —á terceira— esta transferencia, que é vital para mellorar a vida das galegas e dos galegos. Vostedes deciden, señorías do Partido Popular, se defenden a Galiza ou se defenden a Feijóo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta respecto da capacidade da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica de Galicia para o cumprimento dos seus obxectivos**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Iago Tabarés.





**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Esta iniciativa non só é en defensa dos recursos dos servizos públicos, das pemes, das autónomas, é da persecución da corrupción. Esta iniciativa vai de algo tan fundamental como é o respecto aos principios esenciais do sistema democrático, porque o sistema democrático actual baséase na participación da cidadanía nos asuntos públicos, ou ben directamente ou ben a través das súas representantes, hoxe aquí presentes; representantes que temos a posibilidade de aprobar leis, que temos a posibilidade de impulsar acción de goberno, que temos a posibilidade de controlar esta acción de goberno, por medio de preguntas, por medio de comparecencias ou ben pola petición e a creación de comisións de investigación sobre asuntos de interese público, algo que o Partido Popular e a Xunta de Galiza reiteradamente vén negando; vén negando tanto na súa falla de respostas ás preguntas que se formulan, a súa falla de achega de documentación que se solicita, como tamén nesa contumaz oposición a que se formalicen comisións de investigación.

Ata tres veces este ano o Partido Popular votou en contra ou ben de auditar ou ben de crear unha comisión de investigación para analizar a contratación realizada a dedo pola Xunta de Galiza. Primeiro, en abril de 2024, tras un informe de fiscalización do Consello de Contas, no que esencialmente falaba de dúas cousas: de irregularidades na contratación durante a pandemia e dunha extraordinaria concentración de adxudicacións en determinadas empresas achegadas a familiares e persoas vencelladas co Partido Popular. O PP negouse a que se realizara unha auditoría externa. ¿Temían o resultado desa auditoría? Só quen non ten nada que agochar non ten nada que temer. (*Aplausos.*)

En maio, tras novas informacións xornalísticas, solicitamos a creación dunha comisión de investigación para analizar a contratación da Administración pública. O Partido Popular volveu votar en contra. A publicación dun demoledor informe do Consello de Contas sobre o contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro, no que falaba de sobrecostos de 470 millóns, polo xeito escollido para a adxudicación desta construción e desta explotación, a falla de informes preceptivos, a alteración do perímetro concesional, as modificacións no plan funcional, a realización dunha construción inferior á que estaba licitada, levou o Bloque Nacionalista Galego a solicitar a creación dunha comisión de investigación, á que novamente o Partido Popular se opuxo. Novamente foi rexeitada esa comisión de investigación polo Partido Popular. Novamente preguntamos: ¿a que ten medo o Partido Popular? ¿A que ten medo o señor Núñez Feijóo? ¿Por que novamente se opuxo á creación desa comisión de investigación?

E, como consecuencia de toda esta realidade e todos os informes de fiscalización do Consello de Contas, como consecuencia de múltiples informacións xornalísticas, o Bloque Nacionalista Galego exerceu o dereito que lle confire contar cun terzo dos deputados e deputadas desta Cámara para solicitar a creación automática dunha comisión que só podemos facer, só existe a posibilidade unha vez por lexislatura. Pois ben, entendiamos que existían razóns dábondo para solicitar a creación automática, para impulsar a creación desta comisión de investigación e analizar o proceso de contratación no Álvaro Cunqueiro, a contratación a dedo discrecional realizada pola Xunta de Galiza. E así foi.





Mais o Partido Popular, que non puido evitar a creación desta comisión de investigación, está a facer todo o posíbel para evitar que esta comisión de investigación poida cumprir cos seus obxectivos, primeiro, impondo as súas normas de funcionamento; segundo, o seu plan de traballo, e sen ter en conta en ningún dos dous casos ningunha das propostas realizadas tanto polo grupo propoñente como polos demais grupos que forman esa Cámara.

Resulta curioso. Este dereito do 52.b) do Regulamento, o dereito á creación automática dunha comisión de investigación, non pode reducirse á mera constitución da comisión, limitando a capacidade do grupo propoñente, obviando calquera proposta que se poida facer do grupo, obviando as propostas de funcionamento ou do plan de traballo. Admitir isto podía levar a unha conclusión tan ridícula como que este dereito consistiría en crear a comisión, nomear a mesa e disolver a comisión.

Se o dereito se esgota simplemente coa creación, sen a capacidade de facer propostas, sen a capacidade de colaborar no plan de traballo ou no funcionamento, sería unha cousa que nos levaría a un absurdo tan evidente como o que acabo de dicir: crear a mesa, propor reunir a mesa e acordar a súa disolución.

O Partido Popular aprobou unilateralmente as normas de funcionamento da Comisión, sen ter en conta, como dicía, as propostas dos demais grupos; por certo, unhas normas de funcionamento que se están a incumplir reiteradamente. En todas as comparecencias quedou en evidencia unha cousa: ningún dos comparecentes, xa non digo o resto dos grupos, ningún dos comparecentes sabía cal era o obxecto da súa comparecencia; ningún. Eu diría que tampouco o señor Rueda sabía sobre que tiña que versar a súa comparecencia. Estas normas de funcionamento nin sequera se están cumprir.

Pero igualmente o plan de traballo aprobado. Non hai ningún documento, ningunha comparecencia, nin sequera se admite a comparecencia do principal responsable da Xunta de Galiza non só durante a pandemia, senón durante estes quince anos. O Partido Popular vetou a comparecencia do señor Núñez Feijóo, relacionado con múltiples adxudicacións presuntamente irregulares en pandemia e antes da pandemia.

Non hai na documentación ningún expediente sobre contratación de emerxencia, non hai ningún expediente sobre contratación menor, non hai ningún expediente sobre a contratación con empresas relacionadas coa irmá de Feijóo, co cuñado de Feijóo, cos amigos de Feijóo, con algunha deputada desta Cámara, ou con alcaldes ou alcaldesas do Partido Popular; ningún expediente e ningún contrato.

Enviáronse 118 documentos; 90 son informes do Consello de Contas, que xa estaban colgados na web; un son os orzamentos da Xunta, que tamén están colgados na web; nove son sentenzas do xulgado que, tanxencialmente, só tanxencialmente, teñen relación con esta comisión, que non consta nin que sexan firmes nin que estean ou non recorridas.

O documento máis novidoso é o denominado Información detallada das actuacións que implicaron o destino de recursos á empresa Eulen, Universal Support e demais —este documento (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro mostra un documento.*)—; un documento incompleto e



inveraz, un documento no que non consta o tipo de contrato que se realiza, non consta se é un contrato menor, non consta se é un contrato dun procedemento negociado, se é un contrato con licitación; non consta nin sequera iso na información detallada.

Mais tampouco é veraz. Bastan dous exemplos. Se examinamos o ano 2019, só figuran 26 contratos co grupo Eulen; pero só en contratos menores publicados houbo máis de 278. Nesta documentación detallada só consta un contrato con Eulen Servizos Sanitarios, no 2019. Mais a realidade é que existen 127 contratos só menores con esta Eulen Servizos Sanitarios, por máis de un millón de euros. Nesta documentación, nesta información detallada, a única novida que achegou a Xunta de Galiza, non consta ningún contrato co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, cando realmente hai 200 contratos menores, por máis de un millón de euros.

Pero isto non é ocasional ou puntual do ano 2019. Tamén no 2021. No 2021 só recoñece nesta información detallada 31 contratos co grupo Eulen, cando só ese ano houbo máis de trescentos vinte contratos menores con este grupo Eulen.

En definitiva, vémonos na obriga, porque aínda estamos a tempo, aínda a Comisión está a tempo, de solicitarlle ao Partido Popular, de solicitarlle á Xunta de Galiza que rectifiquen e que non impidan que se poida coñecer a verdade, non só por transparencia, non só para evitar a corrupción, non só en defensa dos recursos dos servizos públicos e do tecido empresarial galego, senón, moito máis importante, en defensa da democracia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto?

*(O señor Ojea Bouzo declina o uso da palabra.)*

Nada.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, imos poñer as cartas boca arriba e xogar, polo menos para tratar de poñer un pouco a verdade enriba do tapete de naipes, este que nos ensinou e impuxo o Grupo do Partido Popular de Galicia. E supoño que tamén todos os aquí presentes —e dígoos tamén con toda a retranca— sabemos —e tamén os galegos e as galegas— que evidentemente coa Comisión de investigación que se constituíu o PP non quere que se investigue nada de nada, é dicir, nadiña nadiña.



Converteron esta comisión de investigación para investigar as irregularidades na contratación pública do Goberno galego, ben, nun auténtico paripé, nun esperpento, papel mollado, deixárona absolutamente baleira de contido; e podemos darlle voltas, pero é así de simple, é así de simple esta argumentación.

Incluso diría máis. Están os deputados do PPdeG nesa comisión de investigación a rebasar moitas liñas vermellas, que creo eu que non se deben tolerar nunha política de verdade, nunha política en maiúsculas. E dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Rodríguez, pretendemos exercer o noso traballo con dignidade e como parte dunha oposición útil, propositiva e positiva, señor Rodríguez. E non respectades esa oposición, claro, desde esa atalaia de corenta deputados. E nós, señor Rodríguez, o que queremos coñecer é a verdade, que está vetada nesta comisión de investigación. *(Aplausos.)*

Non podemos permitir, señor Rodríguez, que a política se converta nun espectáculo, en que todo vale para combater os rivais e vulnerar todas esas liñas vermellas. E os socialistas galegos sábeno ben, sábeno ben, con anónimos incluídos, señor Rodríguez. Non se me ocorre mellor momento que este, neste pleno, neste hemiciclo, que é a representación da soberanía popular, para defender esa política vigorosa, honesta, esa política con maiúsculas, que é a que queren todos os galegos e as galegas.

Digo eu se lembran vostedes, señores deputados do PP, estas palabras —abro comiñas—: «*La comisión es de un importe relevante como para pensar que ha habido tráfico de influencias. Yo no permitiría que mi hermano cobrara 300.000 euros con un contrato decidido en un Consejo de Ministros presidido por mi.*» Non sei se saben que foron as verbas de Pablo Casado na entrevista que concedeu á cadea COPE o 18 de febreiro de 2022, e que poderíamos trasladar, mutatis mutandi, con máis millóns de euros na partida, perfectamente, ao que pasou aquí no Goberno galego. Incluso igual ese galego da Comisión de investigación ausente que non comparece, ese presidente do PP en Madrid, foi o que acelerou e empurrou a que ese cambio se producira.

E trasladamos hoxe aquí as verbas de Casado e preguntolles: ¿debemos normalizar nunha democracia avanzada, nunhas institucións públicas transparentes, que no Goberno presidido por Núñez Feijóo se lle adxudicaran na pandemia 15 millóns de euros en contratos de emerxencia, contrato de servizo de rastrexo, cando xa transcorrera un ano desde que se declarara a pandemia, a unha empresa, Universal Support S. A., na que é directivo o cuñado de Núñez Feijóo, Ignacio Cárdenas?

Empresa que é curioso, porque nunca antes, nunca antes da pandemia contratara co Sergas. No informe do Consello de Contas de marzo de 2024 ponse negro sobre branco: carecía de solvencia técnica para facer un seguimento de rastrexo profesional, era un *call center* de teleoperadores. Evidentemente, eu preguntome —non sei, ao mellor respóndeme, señor Rodríguez—: ¿cal era o único criterio obxectivo para valorar e adxudicarlle 15 millóns de euros durante a pandemia? ¿Que era o cuñado do presidente da Xunta de Galicia? *(Aplausos.)* Isto é moi moi grave.

No 2020, como dixo o Consello de Contas, case a metade de 80 millóns de euros, 80 millóns de euros, con base en emerxencias, repartíronse unicamente en once empresas, e no 2021



en catro empresas; catro empresas levaron 2 de cada 3 euros de contratos adxudicados na pandemia. ¿E onde estaba no podio de gañadores? Universal Support nese podio de gañadores. Casualidades.

¿É normal, señorías do PP, que empresas adxudicatarias aumentaran exponencialmente moitos contratos públicos? Das case cen entidades que temos na nebulosa de órganos de contratación do sector público autonómico —Sergas, Consorcio de Servizos Sociais, Compañía de Radio e Televisión de Galicia, Axencia de Turismo de Galicia, diferentes conselleirías—, aumentasen esa contratación, e tamén moitos contratos menores a empresas que teñen vínculos —certos, evidenciados, constatables— con altos cargos do Goberno galego do PPdeG.

Ben, teño un ton alto; desculpe, señor Comesaña, desculpe se tanto lle molesta, desculpe se tanto lle molesta.

A Xunta de Galicia concedeu a dedo, señor Comesaña, nove de cada dez contratos asinados con empresas do grupo Eulen, na que a directora da zona norte de España era a irmá dese galego agora en Madrid. Desde o 2018, Eulen conseguiu 1.600 contratos menores, sen necesidade de competir con outras empresas, señor Comesaña, por un montante de 7 millóns. Case o noventa por cento dos contratos que tiñan por obxecto o rexistro de marcas asociadas a 24 entidades dependentes do Goberno galego concedéronse, sen publicidade e sen concorrencia, ao irmán da secretaria xeral da Presidencia, case 800.000 euros en 272 contratos a dedo.

Eu pregunto tamén se non hai que asumir responsabilidade política por construír un hospital, o Álvaro Cunqueiro en Vigo, baixo unha forma de colaboración público-privada que saíu máis cara, 470 millóns de euros, que acudir a unha forma tradicional de obra e servizo. E, evidentemente, nun contrato, señor Rodríguez, que é evidente —e díxoo así tamén o Consello de Contas— que non tiña amparo legal, amparo legal na vixente Lei de contratos. ¿Por que? Porque se estenderon a servizos non sanitarios fóra da zona construtiva da obra do Álvaro Cunqueiro.

E, por certo, ese plan funcional do que se reduciu dúas veces a superficie, hai menos camas, que se ampliou o prazo de explotación da concesión. ¿E a quen favoreceron todos eses cambios, señor Rodríguez? Pois evidentemente a mellorar a contraprestación económica e a viabilidade económica da concesionaria. E a sanidade pública cremos os socialistas de Galicia que non se vende; iso é o que cremos nós. *(Aplausos.)*

¿Por que? Porque non se pode facer experimentos de laboratorio de colaboración público-privada coa sanidade, que debe quedar fóra do comercio. E ese é o verdadeiro debate de fondo, señor Rodríguez. Iso fóra de políticas extrapresupostarias, presupostarias —digamos—, de crise financeira, co halo posto por debaixo.

E sigo preguntándome, de forma retórica, porque xa sei que non me contestará tampouco o señor Rodríguez, máis ben virán ataques, xa os espero, propios dunha política da lameira dos deputados do PPdeG nesa comisión, como imitadores do show de Tellado, ¿non?, e aí



non vou entrar eu nunca. Pero pregunto, señorías do PP: esas coincidencias que puxen enriba da mesa de contratos adxudicados a empresas con vínculos certos, constatables, evidenciables de persoas e altos cargos do PP, do presidente da Xunta durante trece anos, ¿é casualidade ou non? É o que lles pregunto.

A contratación move moitos cartos públicos, evidentemente, case o vinte por cento do PIB, e os contratos menores na Xunta de Galicia, segundo os datos que teñen publicado no 2020, son un corenta por cento, case, o 34,4 por cento, máis de 800 millóns de euros. É importante tamén dicir que eses contratos se moven no ámbito discrecional, non hai mesas de contratación, non hai fiscalización previa, o único que hai é unha factura, un apuntamento contable da factura, unha vez adxudicada, no sistema contable.

E voulle aclarar, señor Rodríguez: os órganos de contratación non son os empregados públicos; os órganos de contratación, segundo os decretos de estrutura orgánica, son os conselleiros, normalmente delegación nas secretarías xerais técnicas e nos directores xerais, que creo eu que non son empregados públicos. A responsabilidade legal, administrativa, penal, contable e política correspóndelles aos órganos de contratación, que son os que asinan estes contratos. O contrario é demagogia; o contrario, señor Rodríguez, é descoñecer como funcionan os contratos a dedo no Goberno galego.

Evidentemente, estamos nun xogo que dicía eu de naipes na Comisión de investigación: un plan de traballo imposto en solitario, comparecencias en solitario, documentación en solitario, e a partida está enriba da mesa, porque o PP faise trampas ao solitario —cremos os socialistas—, néganse a remitir a documentación requirida de todos os expedientes de contratación que pedimos, no 21 de agosto do 2024 e que reiteramos hai dúas semanas, e aquí non pasa nada.

E vou insistir —e baixo a voz, por se lle molesta ao señor Comesaña—: non podemos normalizar nunha democracia avanzada, como dixen, aínda que a antipolítica e os bulos e todo o pensamento crítico arrasan, que non pasa nada porque empresas do círculo familiar e persoal do que foi presidente da Xunta durante trece anos, e altos cargos tamén de poder, puideran ter un trato de favor coa contratación pública das distintas entidades do Goberno galego.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** Por tanto —remato, señor presidente—, as socialistas queremos rematar coa idea —e nese sentido tendo a man— de fortalecer esas institucións públicas, de que non lle pertencen a ningún partido político, ao Goberno galego e á Xunta de Galicia, de pular por unha política máis transparente, máis limpa, honesta, propositiva, fuxir da demagogia, fuxir da política do insulto, do ataque e da política da lameira. Nunca, nunca —repito, señor Rodríguez—, nunca me vai atopar aí. E os galegos —estou segura—, fóra destes muros parlamentarios, saben ben que non todos os políticos somos iguais.

E simplemente trasladar o que dixó hoxe o noso voceiro na pregunta que se fixo neste pleno, que, se non se aveñen, evidentemente o Grupo do Partido Popular nesa comisión de inves-



tigación, que sabemos, como sempre di o señor Rodríguez, que temos redactadas as conclusións, sabemos que están redactadas as conclusións por parte do PP, pois presentaremos evidentemente unhas propostas, unha proposición de lei por esa rexeneración democrática por parte do Goberno galego.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Espero que non se sinta aludido o señor Rodríguez, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —espero que non se sinta aludido— porque quen vai intervir é o señor Pazos. *(Murmurios.)*

Polo tanto, ten a palabra o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.

Ben, vista a obsesión dalgunha deputada co señor Rodríguez, permítanme que comece felicitando o señor Rodríguez polo traballo feito na Comisión. *(Aplausos.)* É evidente que o teñen moi presente nas súas oracións, señorías.

Para non botar lameira, señoría, faltoume aquí vir con botas, jeh!, porque quedou vostede a gusto. Eu, en todo caso, teño que recoñecer que resulta conmovedor, conmovedor, comprobar como dúas forzas claramente comprometidas co laicismo se aferran hoxe desesperadamente ao milagre da resurrección. Porque esta iniciativa que hoxe debatemos non é máis que o intento, desesperado por certo, de voltar á vida as mentiras vertidas sobre o Hospital Álvaro Cunqueiro, sobre a contratación da Xunta, e que foron contundentemente desmentidas durante a Comisión de investigación.

Porque, despois de anos baseando a súa estratexia política na lectura parcial e interesada de informes, na interpretación torticeira de documentación e na manipulación —ás veces groseira— da realidade política e xudicial, a oposición rematou por descubrir a ensinanza que escondía aquel proverbio machadiano: «¿Dijiste media verdad? Dirán que mientes dos veces si dices la otra mitad». Porque iso é o que está acontecendo durante os traballos da Comisión de investigación: que está agromando a parte de verdade que vostedes estaban tentando ocultar aos galegos. Tentan ocultarlles a realidade sobre os aspectos formais da Comisión, sobre os testemuños que nela se prestaron, e, do mesmo xeito, tentaron ocultar aos galegos cales eran as intencións reais que tiñan en relación coa sanidade pública galega.

Señorías, ninguén discute a existencia dun artigo do Regulamento que lles permite impulsar unha comisión de investigación, pero non deberían esquecer que ese mesmo Regulamento, no seu conxunto, é o que establece o alcance, o contido e os límites do exercicio dese dereito. E vostedes o que pretenden aquí é impoñer a súa vontade sobre a vontade dos galegos e existen que prevaleza o seu criterio sen atender a representatividade que os galegos nos concederon a través do seu voto.





E iso non está ben, señorías, porque iso nunca aconteceu nesta Cámara. Fagamos un exercicio de memoria. Señorías do BNG, señorías do PSdeG, voulles pedir que se retrotraian a hai algúns anos. Parlamento de Galicia, ano 2006, Comisión de investigación sobre a Cidade da Cultura. Preside a Comisión a moi honorable Ana Pontón, bastante máis nova que hoxe, e o Partido Popular solicita que se incorpore ao plan de traballo unha serie de documentación, que non foi admitida, e tamén un bo número de comparecentes, entre eles o director xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, o destacado ilustre militante do BNG que respondía ao nome de Luís Bará. (*Murmurios.*) E desgraciadamente, desgraciadamente, o señor Bará nunca compareceu, porque o impediron os votos maioritarios de socialistas e nacionalistas, incluído o da señora Pontón.

Tampouco compareceu, tampouco compareceu (*Murmurios.*) —non se alteren, non se alteren, que eu non estou berrando tanto como outros, eu estou falando con calma— o socio de Cidadanía Sociedade Cooperativa que propoñía o Grupo Popular, porque vostedes só aceptaron que acudise un representante da empresa. Non sei se lles soa esta proposta de que algún grupo maioritario lla fixera recentemente. É certo que daquela nós o aceptamos.

Señorías, eu pregunto: ¿poderían explicarlles vostedes aos galegos por que, cando tiñan maioría na Cámara, esas decisións eran perfectamente democráticas e cando a maioría a temos outros resulta que son un atentado contra a democracia? ¿Non lles parece un enorme e intolerable exercicio de cinismo político? (*Aplausos.*)

Señor Tabarés, señor Tabarés, esqueceuse vostede de comentar que a totalidade dos letrados da Cámara, ¡a totalidade!, emitiron un informe oficial sobre esta comisión asegurando que se cumpriron todas as garantías e que vostedes simplemente están protagonizando unha pataleta.

Non poden acusarnos de impoñer un plan de traballo cando foron vostedes os que exixiron votar as súas propostas de plan de traballo ao tempo que se negaban a alcanzar un acordo que si lles ofrecemos e que incluía a práctica total da documentación que hoxe añoran e un importante número de comparencias.

Mire, das 39 comparencias previstas no plan de traballo aprobado, 16 son coincidentes co BNG e co PSdeG, pero, ademais, nós estabamos dispostos a aceptar outras 16. Non sei se lles deron a vostedes a lista. Repítollela eu hoxe. Mire: Manuel González (de SOS Sanidade Pública), Beatriz Cuiña, Nava Castro, Perfecto Rodríguez, Alfonso Sánchez Izquierdo, Arturo López, Xosé Ramón Fernández Antonio, Xosé Manuel Merelles, María Jesús Lorenzana, Francisco Conde, Paula Prado, José González, un representante de Eulen, un representante de Universal Support, un representante de Sibucu 360 e un representante de Mape Asesores. Non compareceron porque os vetaron vostedes, señoría, (*Aplausos.*) vetáronos vostedes, ¡vostedes!

Do mesmo xeito que aceptamos incorporar toda a documentación, agás —e así o fixemos constar— a que estaba relacionada coa relación de empresas entre si ou cos seus empregados, porque non teñen nada que ver con isto.



En todo caso, a súa frustración, señoría, non ten nada que ver coa documentación que lles falta. A súa frustración ten moito máis que ver coa negativa a asumir o que pon a documentación que si teñen aportada.

O primeiro problema da oposición, señorías, é que na Comisión non se incorporan medios informes, senón informes completos, e que cando comparecen os autores destes documentos afirman que non existe ningunha ilegalidade na actuación da Xunta nin na construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, nin nos procesos de contratación menor nin nos de procesos de contratación de emerxencia.

Vostedes aférranse desesperadamente a parágrafos utilizados fóra de contexto, pero as acusacións que fixeron en base á lectura parcial dos informes do Consello de Contas foron desmentidas por dous conselleiros maiores do Consello de Contas, os dous últimos máximos responsables.

E, como son incapaces de asumir esta realidade, pois agora nos acusan de ocultar documentación, cando, por certo, son vostedes os que están ocultando documentación, que din que teñen un informe aí con carimbo, con selo, con data e tal, e non o aportan; non sabemos aínda por que.

O segundo problema da oposición é que esta comisión serviu para coñecer que aqueles que nos acusan de privatizar a sanidade pública pretendían utilizar a colaboración público-privada para construír —non un hospital, non, señorías— dous hospitais, para reformar e ampliar outros sete hospitais e para construír seis centros de alta resolución, creando unha empresa mixta, cun noventa por cento de capital privado e un dez por cento de participación pública da Xunta de Galicia.

E iso hoxe sabémolo; sabémolo grazas aos informes encargados, polo seu Goberno, a PricewaterhouseCoopers e a Garrigues, recoñecendo, no primeiro, que non dispoñían de partida orzamentaria para afrontar eses investimentos e, no segundo, que ou se facía mediante colaboración público-privada ou o hospital simplemente non se podía facer.

E a consecuencia de todo isto é que hoxe os galegos saben que, ademais dunha crise económica sen precedentes, ademais de 4.500 millóns de euros en liquidacións negativas que tiñamos que devolver en cinco anos, a grande herdanza, o gran legado do Bipartito é ocultar o maior intento de privatización da nosa sanidade da historia da Comunidade Autónoma galega, o maior (*Aplausos.*) sen ningunha dúbida, sen ningunha dúbida. (*Aplausos.*) E, claro, pois cando cae o recurso da mentira que levan utilizando tantos anos, pois sabemos hoxe qué pasou: temos o recurso do insulto. Aquí falouse de non cruzar liñas vermellas, de facer unha oposición útil, propositiva e positiva. Insultan o lexítimo Goberno de Galicia, insultan funcionarios acusando —para que non se me acuse, abro comiñas— «de facer un traxe á medida dunha concesionaria modificando un prego de cláusulas administrativas» —pecho comiñas—. Acúsase de conflito de interese a un membro do Consello de Contas, a pesar de que o máximo responsable do Consello de Contas afirmou en sede parlamentaria que non tivo ningunha participación na fiscalización deste expediente. Onte mesmo, señorías, aquí, unha deputada, despois da asegurarnos que respectaban absolutamente a independencia



xudicial e as decisións dos órganos xudiciais, acto seguido, acusou de *lawfare* e de estar vivindo unha situación de *lawfare* porque simplemente os xuíces tomaron a decisión de investigar as presuntas chorizadas de membros con carné do Partido Socialista. E iso non; cando se investiga a corrupción, está ben; cando investigan a corrupción do PSOE, iso é *lawfare*, (*Aplausos.*) iso era é *lawfare*. Iso díxose aquí onte. ¿Está vostede de acordo, señor reitor? (*Murmurios.*) Desculpe. Non, non. Desculpe, señor reitor, pareceume entender que estaba de acordo. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ¡Ah!, non, non, ben, perfecto.

En fin, comprenderán que, con todo isto, a un cáusalle unha certa inquedaanza escoitar as cousas que se escoitan aquí durante toda a sesión. En todo caso, xa sabemos que non imos conseguir que vostedes recoñezan a verdade, e van seguir dicindo os mesmos mantras. Non pasa nada. Nós asumímolo. Vostedes sigan insultando —incluído o insulto á intelixencia dos galegos—, nós seguiremos gobernando a este paso durante outros quince anos máis e Galicia, afortunadamente, seguirá progresando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...iso si, coma sempre, sen vostedes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Iago Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señor presidente.

Realmente, señor Pazos, desculpe que o interrompa. Claro, aquí quen parece que ten as conclusións feitas son vostedes; vostede hoxe estivo realizando o que entende que son as conclusións dos traballos desta comisión, dunha comisión que vostedes crearon, perdón, que nós creamos, na que non aceptaron ningunha proposta nosa, que obviaron totalmente cal é o obxectivo desta comisión, e centrárona exclusivamente en tratar de rebater o informe de fiscalización sobre o Álvaro Cunqueiro realizado polo Consello de Contas, e a verdade é que todas as comparencias, e mesmo a análise do expediente, completo expediente.

Realmente, señor Pazos, a min paréceme vergonzoso que vostede veña aquí pedir explicacións á oposición por un documento que debería constar no expediente e que foi sorprendentemente detraído dese expediente, e non está no expediente do Álvaro Cunqueiro, que debería estar, e, efectivamente, non está e debería estar; xa está solicitado polo artigo 9. A pregunta que nós formulamos, a pregunta que se fai a cidadanía é: ¿cantos máis documentos faltarán dese expediente do Álvaro Cunqueiro? (*Aplausos.*)

Pero, en todo caso, todas as comparencias o que están referendando é non só o acerto dese informe de fiscalización do Álvaro Cunqueiro, senón que o Consello de Contas quedou bas-



tante curto das chapuzas e das ilegalidades que se fixeron na tramitación dese expediente de concesión de obra e explotación tanto do Álvaro Cunqueiro como doutros centros hospitalarios de Vigo.

Hai outra cousa que é real. As normas de funcionamento aprobáronas unilateralmente vostedes, sen ter en conta ningunha proposta dos grupos, nin do propoñente nin dos grupos da oposición. É igualmente certo que esas normas se están incumprindo. Houbo algún comparecente —e non, desde logo, como ningún do resto, a proposta do Bloque Nacionalista Galego— que manifestou expresamente que se enterara do obxecto da Comisión e sobre o que tiña que falar pola prensa; é dicir, ningún, ningún —e corríxame se me equivoco— sabía cal era o obxecto da súa comparecencia.

Pero é máis: o plan de traballo, aprobado unilateralmente por vostedes, está claro que non vai permitir cumprir o obxectivo da Comisión. É que nin o pretenden. Non hai ningún expediente, ningún contrato en materia de contratación menor. ¡Oia!, que durante os últimos anos, 4.000 millóns de euros dos galegos e das galegas foron adxudicados a dedo por esta vía. Pois ben, a Comisión de investigación destes contratos non vai dispor de ningún expediente nin de ningún contrato nin ningún documento sobre a contratación menor. Tampouco vai dispor de ningún expediente sobre os contratos adxudicados á empresa Eulen. ¡Oian!, que nos últimos seis anos, contratos a dedo por uns 7 millóns de euros. Pois esa comisión de investigación, constituída, moi ao seu pesar, para este obxectivo, tampouco vai ter esa documentación. Como tampouco deses macrocontratos de seguridade adxudicados á empresa Eulen. Aquí era unha cousa moi curiosa: cando se adxudican lotes —que é o que marca a Unión Europea e co que facilita as pemes— resulta que Eulen, de trinta contratos, só recibe oito; consecuencia, ou non: cesado o xerente do Sergas, cesado o xerente da área sanitaria; e despois si que hai no 2017, no 2019 e no 2021 macrocontratos que benefician as grandes empresas.

Por certo, ¿saben despois desa manobra quen foi adxudicataria de todos eses contratos? Si, efectivamente, a empresa Eulen. (*Aplausos.*)

Tampouco queremos a posibilidade de realizar contratos adxudicados a alcaldes, 900.000 euros de contratos menores a dedo, nin a deputadas desta Cámara nin a familias de alcaldesas, máis de 1 millón de euros...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...ou doutros altos cargos, como por exemplo a segunda Presidencia da Xunta de Galiza; non comparecerá ela e non comparecerá nin coñeceremos os contratos dos que foi beneficiaria. Tampouco os contratos adxudicados durante a pandemia, que, ¡oh, casualidade!, os principais beneficiarios foron a empresa onde intervén como mediador a parella de Díaz Ayuso, ou ben o cuñado de Núñez Feijóo, ou ben novamente a empresa da irmá de Núñez Feijóo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Seguimos sen entender...



**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non, remate, mire o reloxo.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ... —remato xa— por que se vetara. Si, non, co trato que tivo Candia, a min resultaría igual.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, mire, non, ¿como que lle resulta igual? Por favor, mire o reloxo. *(Aplausos.)*

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Vou rematando. Igualmente, vétase a comparecencia de Núñez Feijóo e de todas as empresas...,

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, remate, señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...curiosamente.

E remato xa, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, porque non lle quero quitar a palabra, non lle quero retirar a palabra, pero mire o reloxo, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Unha frase e despídome. No Senado non fan o mesmo. O que aquí non permiten das empresas, no Senado exíxeno. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(O señor Rodríguez Martínez pide a palabra.)*

Si, señor Rodríguez, ¿para que quere a palabra?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ten un turno, si.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Moi brevemente.

Os que estamos aquí principalmente vivimos de escoller ben as palabras, algúns incluso temos fillos. Eu non sei se algún día terán os meus fillos problemas de insomnio, pero ao mellor, se teñen problemas de insomnio, queren ler o que dicía o seu pai cando era deputado nesta Cámara, e por iso eu poño moito coidado, extremo coidado, no que digo, e pido o mesmo para comigo.

Aquí hoxe tildóuseme de mentireiro, de insultar, de fomentar a lameira. Para todos aqueles deputados e deputadas que non tiveron a sorte de estar presentes na sesión da Comisión de



investigación do día 26 do pasado mes de novembro, voules ler literalmente o que figura na transcripción, palabras ditas pola señora Iglesias: ...*(Murmurios)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non... ¡Silencio!

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** ...«Construíuse un hospital máis pequeno, máis caro e fabricaron un traxe á medida con modificacións sucesivas nos pregos de cláusulas administrativas para entrar ese traxe na concesionaria». A min acúsaseme de insultar por dicir que isto é imputar un delito aos funcionarios públicos da Xunta de Galicia. Dígo e mantéño: esta vergonza, que é o máis grave que se dixo nesa comisión no día de hoxe, non só está sen retirar pola señora Igrexas, senón que ademais foi reiterado polo seu voceiro, o señor Besteiro, en sede da Comisión e tamén aquí hoxe.

Eu sei, señora Iglesias, que, pese á súa formación xurídica, *(Murmurios.)* vostede... Teño tres minutos, por favor, xa é tempo de que lean o Regulamento, xa é tempo, por favor.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Conclúo.

**O señor PRESIDENTE:** Conclúa.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Eu xa sei que, pese á súa formación xurídica, a señora Iglesias non era consciente do que estaba a dicir, e que non lle vai chegar non xa a Comisión, senón a lexislatura, para arrepentirse. Eu volvo ofrecerlle o que xa lle ofrecín. *(Murmurios.)* Se vostede retira esa alusión á modificación de cláusulas administrativas, eu retiro a miña alusión a que vostede estaba a imputar o delito, porque, morto o can, acabouse a rabia. Aplíquese niso e non en vir aquí insultar a outros.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(A señora Iglesias Rey pide a palabra.)*

**O señor PRESIDENTE:** Si, señora Iglesias, ¿para que quere a palabra?

*(A señora Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

Espere, non, por favor, por favor, por favor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* As alusións non teñen réplica, segundo o Regulamento. El formulou unha pregunta, e, como formulou unha pregunta, que se vostede retiraba el tamén retiraría, eu quero saber, pero, cinguíndose a iso: se vostede está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, perdón, imos ver se aceptamos que as alusións —xa llo digo: non aludan vostedes— foron reiterativas sobre esa persoa, ¿que quere que lle faga eu?, reiterativas, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e el agora fai unha pregunta dirixida á señora Iglesias, e eu pregúntolle á señora Iglesias: ¿vostede vai retirar o que el propuxo? Dígame si ou non.





**A señora IGLESIAS REY:** Señor presidente, polo 76.3, en relación coa dignidade desta parlamentaria.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non. ¿Vai retirar o que lle propuxo el ou non, sabendo que non hai réplica nas alusións?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora IGLESIAS REY:** Ben. Evidentemente...,

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, aceptemos o Regulamento para todos.

**A señora IGLESIAS REY:** ...o primeiro de todo, desculpar por dirixirme na réplica da PNL ao señor Rodríguez, porque, como non sabemos que deputado do Partido Popular vai intervir ou non con antelación...

**O señor PRESIDENTE:** Esa é outra historia, por favor.

**A señora IGLESIAS REY:** ...En todo caso, no segundo sabe ben...,

**O señor PRESIDENTE:** ¿Vostede vai aceptar o que el lle propuxo?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora IGLESIAS REY:** ...sabe ben...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Vai aceptar?

**A señora IGLESIAS REY:** Isto xa se discutiu na Comisión de investigación e pódese ver nuns vídeos.

**O señor PRESIDENTE:** Non acepta a proposta. Entón, terminou, señora Iglesias. Vale, grazas, grazas. Non hai réplica. Non ten réplica.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grazas, non ten réplica. Síntoo, é o Regulamento. Grazas.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Procuren vostedes non aludir. É que, claro, complican vostedes mesmos os debates. ¿Que queren que lles faga? Ben, imos votar. *(Murmurios.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro.

Non se acepta a emenda, pero hai unha solicitude de votación por puntos.

*(A señora Castro Rey pide a palabra.)*

Déanlle voz ao escano da señora Castro.



**A señora CASTRO REY:** En aras a acadar un consenso na loita contra a violencia vicaria na protección dos nosos menores, que, como a señora Arias onte no debate dixo que o punto número 2 lle parecía unha inxerencia xudicial, pois eu propoño separar o punto número 2 e votar por unha banda o número 2 e por outra banda o resto do texto.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Señora Arias? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ben, eu preguntolle a ela que lle parece *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, xa sei que hai que facer o que ela di, pero quero saber se está de acordo ou non. Nada máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero interésame a min, porque o debate foi así, non teño outra cousa, porque xa sei como hai que votar. Ela si que ten toda a capacidade para separar os puntos que queira; era unha simple curiosidade, nada máis. *(Murmurios.)* ¿Ou o presidente non ten dereito a ter algunha curiosidade de vez en cando, que eu estou aquí escoitando todos os debates? Un pouco de...¡eh! Imos alá.

Ben, entón, ¿quería vostede separar o punto 2?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois votamos en primeiro lugar o punto número 2 *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, o letrado é o que sabe, si se poden separar...

Imos ver, dime o letrado, que é o que sabe, o seguinte: «Efectivamente, un grupo pode pedir que se separe un punto, e iso é unha decisión da Presidencia». Señor letrado, estallo corrixiendo a vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Acábamo de dicir, acábamo de dicir. Agora ben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, o letrado será o que manexa os artigos. Acábame de dicir iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non. Montse, non é cuestión agora de que ti tamén corrixas os letrados. *(Murmurios.) (Risos.)* Os letrados están aí por algo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, iso é outra cousa, iso é outra cousa, pero imos empezar a entendernos, iso é outra cuestión. O letrado, dito iso, díxome: «Tradicionalmente sempre se aceptou esa separación». Entón, eu tampouco vou romper tradicións, *(Murmurios.)* se aquí tradicionalmente se fixo así. Pero a ver se empezamos a asumir que o Regulamento ten as súas historias e que os señores letrados son os que saben disto.

Con isto quero dicir: ¿vostede quería separar o punto número 2?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos.

*Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, queda rexeitado este punto da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto dos puntos.

*Votación dos puntos non votados da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no ámbito das políticas de loita contra a violencia de xénero.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor López Font.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non foi aceptada.

Votamos.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, perdón, ¿si?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Unha transacción, a min non ma fixeron chegar. ¿Quen a ten? ¿Coñecen todos os grupos esta transacción? ¿Si? Ben, pois votamos a transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha en materia de vivenda de protección pública.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Elena Candia.

Parece ser que hai unha transacción.

*(A señora Méndez López pide a palabra.)*



¿Si, señora Méndez?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O 8 por separado.

¿Señor Castro? Déanlle voz ao escano do señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** No caso do BNG, solicitamos a separación do 3 e do 4.

**O señor PRESIDENTE:** Do 3 e do 4.

¿Señora Candia? Déanlle voz ao escano da señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Como eu creo que as transaccións levan implícito un traballo anterior, respecto e acepto a petición que fixo o Partido Socialista e votamos do 1 ao 7. Como é un acordo moi extenso, de 8 puntos, vou ler o punto que se votaría por separado: «Para o caso de que todas as accións anteriores sexan insuficientes, activar a intervención pública temporal e instrumental de Alcoa para garantir a continuidade da actividade e o mantemento de todos os postos de traballo en San Cibrao, incluído o das auxiliares. Instar dende a Xunta ao Goberno do Estado...». Este punto votaría-se por separado; o resto, votamos conxuntamente; era o acordado antes de someter isto a votación.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Acéptase votar por separado o punto número 8, e o 3 e o 4 do BNG, non.

Entón, votamos, en primeiro lugar, o punto número 8.

Votamos.

*Votación do punto 8 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 8.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este punto da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votamos.



*Votación dos puntos non votados da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Elena Candia López e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central, así como a proposta de resolución que se presenta ante o Pleno do Parlamento, respecto da situación da factoría de alumina e aluminio da Mariña e do seu persoal.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Prado del Río e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de materializar a transferencia competencial e o traspaso efectivo de funcións e medios en materia de servizos meteorolóxicos e estudos oceanográficos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 8.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará.*

*Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista como engádega, como dixo o señor Bará.*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Non, non, eu entendinlle ao señor Bará que a incorporaba como engádega.*

*Votamos.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e un deputados/as máis, sobre a demanda de apoio por parte do Goberno galego á Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia, rexistrada novamente nesta lexislatura polo Grupo Parlamentario do BNG.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que levou o señor Iago Tabarés.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta respecto da capacidade da Comisión de investigación sobre a contratación pública da Administración autonómica de Galicia para o cumprimento dos seus obxectivos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Rematadas as votacións, reanudaremos a sesión ás dezaseis horas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Señoras e señores deputados, reanudamos a sesión.

### ***Alteración da orde do día***

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Como saben, hai unha solicitude, por parte da Xunta de Galicia, de aprazamento da pregunta documento número 13746. Por conseguinte, pasamos á seguinte da orde do día, á 6.4, que é unha pregunta de don Julio Ernesto Abalde Alonso e dona Silvia Longueira Castro, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a titulación de acceso ás prazas de educador ou educadora social da escala de técnicos facultativos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra don Julio Ernesto.

**O señor ABALDE ALONSO:** Boas tardes, conselleiro.





Educación Social non é o nome dunha función xenérica ou abstracta, é unha profesión, a de educador social, que está avalada por unha titulación universitaria que se imparte nas tres universidades galegas desde hai máis de trinta anos: no campus de Santiago, no campus de Ourense e no campus da Coruña. Dende o ano 1994, que é cando se puxo en marcha esta titulación, xa van máis de cinco mil titulados e tituladas e, polo tanto, está dotada esta titulación dun corpo teórico de coñecementos.

O título universitario de Educación Social creouse, precisamente, porque había unha necesidade de especialización profesional que non tiña reflexo idóneo no ámbito académico das titulacións que naquel momento existían. Polo tanto, non ten sentido que, despois de implantados os estudos universitarios, non se adapten ás categorías profesionais da Xunta de Galicia.

O Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia —que nos acompañan desde a tribuna— leva reclamando desde o ano 2002 que se proceda a incluír Educación Social —tanto a diplomatura como o grao— como titulación única de acceso á especialidade de Educación Social da escala técnica de facultativos de administración especial. Isto xa sucede no ámbito privado a través do convenio colectivo de protección e reforma de menores, e, nos servizos sociais comunitarios, a través do Decreto 99/2012, tamén se ten recoñecido o educador social como parte dos equipos multidisciplinares. No ámbito da protección de menores, os equipos deben contar con educadores sociais, segundo a normativa estatal. Varias comunidades autónomas xa teñen regulada esta situación, con prazas específicas onde a única titulación de acceso é a de Educación Social.

É insólito, polo tanto, que a Xunta de Galicia continúe dando cabida a outras titulacións que non sexan Educación Social para esta especialidade. Actualmente admítense mestre e grao en Educación Primaria e licenciado en Pedagogía, Psicoloxía, Psicopedagogía, o primeiro ciclo da titulación de Psicoloxía, Pedagogía, ou graduado nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas, da rama de ciencias da saúde, tamén equivalentes.

Na Lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos do ano 2025, que está neste momento neste Parlamento, modifícase a Lei 2/2015, pero simplemente é por incorporar, dentro de toda esa listaxe de titulacións, a diplomatura ou grao de Educación Social. Esta situación herdada dun tempo no que aínda non existía a titulación universitaria de Educación Social, hoxe en día é unha situación totalmente anómala e anacrónica. A pesar dos avances que xa se produciron no eido privado noutras comunidades autónomas, nos concellos e mesmo na Administración estatal, a Xunta de Galicia continúa ancorada nunha situación que supón un desprezo e menoscabo cara á profesión e aos titulados e tituladas e profesionais de Educación Social.

Por tanto, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿cal é a razón de que Educación Social non sexa a titulación única e de acceso ás novas convocatorias de prazas de especialidades en Educación Social da escala de técnicos facultativos do corpo de grao medio da Xunta de Galicia?

Moitas grazas.



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, señoría.

Señor presidente.

Señoría, sobre a cuestión que me formula, efectivamente, o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para ano 2025 —actualmente en tramitación nesta Cámara— recolle unha modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Polo miúdo, inclúese o grao de Educación Social entre as titulacións precisas para o acceso á escala de técnicos facultativos, especialidade de educador social. Establece, por tanto, que persoas con distintas titulacións poidan acceder a esta escala, como acaba de indicar.

A razón de incluír isto na Lei de medidas é que a profesión dos educadores sociais na actualidade non se corresponde con ningunha profesión regulada, tal e como lles acontece ao persoal mestre en educación infantil, aos mestres en educación primaria, aos terapeutas ocupacionais, aos psicólogos ou aos logopedas, por exemplo.

Unha profesión regrada é aquela que desenvolve unhas funcións para as que son precisas unhas competencias profesionais concretas ao abeiro do marco das cualificacións que dependen da Administración xeral do Estado no exercicio das competencias con respecto á lexislación comunitaria na materia. ¿Por que establecemos distintas titulacións, por tanto, para o acceso a esta escala? Porque, como se indicou anteriormente, se trata dunha profesión non regrada. Ademais, por outra banda, non todas as persoas que pertencen ou ocupan na actualidade postos desta escala, que ten unha certa antigüidade —como sabe—, teñen unha titulación de grao ou son diplomados en Educación Social —acaba de relatar todas as titulacións que habilitan a ocupar un posto nesa escala—, e a administración ten que velar tamén pola defensa dos dereitos dos profesionais.

E, por outra banda, a modificación proposta afectaría tamén as listas de contratación de persoal funcionario interino, de xeito tal que posibilitaría a prestación de servizos por parte do persoal actualmente inscrito que non posúa a titulación de grao en Educación Social, pero que si que ten a titulación nesas outras titulacións que se recollen actualmente para esta escala. Así mesmo, tamén afectaría os procesos selectivos para o acceso a esta escala que actualmente se están a desenvolver: un concurso con 50 prazas da Lei de estabilización 2021, un concurso- oposición con 5 prazas para a Lei 2021, dos que temos 663 solicitudes, e un proceso de acceso libre de 21 prazas, sobre o que temos 833 solicitudes; máis da metade delas de todos os graos que acaba de sinalar vostede.

Por suposto que analizamos a petición do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, pero consideramos que neste intre a regulación máis conveniente é a que lle acabo de referir, e non se considera axeitado, por motivos de eficiencia na xestión, realizar a mo-



dificación da titulación que formulan. Ademais, sería pechar exclusivamente a este grao o acceso á devandita escala.

Tamén quixera salientar que a Administración autonómica está moi satisfeita cos servizos que está a prestar o persoal da escala coa titulación que posúe cada un deles, e o que é máis importante, tamén están moi satisfeitas as persoas usuarias. De feito, non recibimos peticións, por parte dos departamentos autonómicos onde están a prestar servizos estes traballadores e traballadoras, de que se modifique a titulación de acceso á escala.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Abalde

**O señor ABALDE ALONSO:** Señor conselleiro, esta situación vaise dar moi frecuentemente porque a nova estrutura de titulacións establece este tipo de cuestións. Se se forman especialistas, o lóxico é que as prazas de especialistas sexan para esas titulacións, independentemente das competencias profesionais. Como dicía anteriormente, xa hai comunidades autónomas que regularon esta situación e que, polo tanto, teñen prazas específicas ás que se accede desde o punto de vista da educación social. E, ademais, é que o Colexio de Educadores Sociais mantivo unha reunión co anterior director xeral de Función Pública na que o propio director xeral se comprometeu por escrito a que esa modificación si a ía levar a Lei de medidas e, polo tanto, comprometíanse a que na Lei de medidas, nesas escalas especiais, se podería establecer como titulación única de acceso a de educador social.

Posteriormente, coa entrada do novo goberno e a nova dirección xeral, volvéronse manter estas reunións, e enviáronselles documentacións necesarias que xustificaban o feito de que iso é posible legalmente e se pode facer, porque se hai comunidades autónomas que o fan, ¿por que a Xunta de Galicia non o pode facer?

Polo tanto, o que pedimos —o que piden desde o colexio— é que se lle faga, precisamente, caso a ese compromiso ao que inicialmente se comprometera a Xunta de Galicia e que se faga esa modificación.

Perdura, polo tanto, o agravio e a discriminación aos educadores sociais, unha titulación universitaria oficial e creada pola Xunta de Galicia e, polo tanto, un corpo de formación e de especialidade necesaria para levalo a cabo.

Polo tanto, o que lle pedimos, o que lle preguntamos, é se a Xunta pensa cumprir o compromiso de modificar a Lei 2025 para que Educación Social sexa a única titulación de acceso á escala de educadores sociais. Para iso, teñen unha emenda presentada polo Grupo Socialista onde, ademais, tamén hai un apartado dentro desa emenda que garante os dereitos dos traballadores e traballadoras da Administración pública que neste momento están ocupando esas prazas, porque unicamente se abarcan as prazas de nova creación. Polo tanto, teñen



vostedes unha vía, se teñen vontade política de facelo, para incorporar esta nova titulación, de acceso a esas prazas, sen prexuízo para os que neste momento as están ocupando

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Penso que esa modificación non é tan pacífica como di vostede, señor Abalde. Explíquelles ás máis de 750 persoas que optan aos concursos da Lei de estabilización que quedarían fóra por non ter a titulación precisa, se se pecha tan só ao grao, como vostede refire, á titulación de Educador Social.

Como xa lle indiquei, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas —en tramitación nesta Cámara—, quixemos incluír entre as titulacións para o acceso á escala de educador social o grao de educador social. A regulación que existe en Galicia é a máis común entre todas as comunidades autónomas, pois tan só catro teñen en exclusiva a titulación nesta escala; na maioría dos territorios permítense múltiples titulacións. Ademais, na elaboración das relacións de postos de traballo dos distintos departamentos autonómicos que contan con persoal desta escala, non se formulou a necesidade de incluír como requisito indispensable esta titulación específica.

Señoría, esta é unha decisión que tomamos logo de analizar con detemento as diferentes posibilidades, xa que a obriga da Administración autonómica é velar polos dereitos dos profesionais, de todos os empregados públicos.

Como lle indiquei na miña primeira intervención, hai persoas que neste momento pertencen ou ocupan postos desta escala que non posúen a titulación de grao ou diplomado en Educación Social. Ademais, tamén se vería afectado o persoal funcionario interino que estea inscrito nas listas de contratación, pois aquel que non posúe a titulación de grao en Educación Social non podería prestar servizos na Administración autonómica en postos reservados á devandita escala; sen esquecer que están en marcha procesos selectivos —como dicía antes tamén— para que adquira firmeza o persoal temporal que ocupa postos actualmente de persoal temporal nesta escala.

Estas razóns, ademais da satisfacción que existe coa prestación do servizo por parte dos actuais profesionais, fan que o Goberno galego considere axeitado optar por esta regulación, que, reitero, é a máis común entre todas as comunidades autónomas.

Por último, lémbrolle de novo que este título de grao en Educación Social na actualidade non se corresponde con ningunha profesión regrada e que, como sabe, ou debería saber, a consideración dunha profesión regrada é competencia exclusiva, polo artigo 149.1.30 da Constitución española, da Administración xeral do Estado. Polo tanto, non hai máis que se consideren pola Administración xeral do Estado como profesión regrada para habilitar esta exclusividade. (*O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben.*)



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Corgos.

### ***Alteración da orde do día***

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Continuamos coas seguintes preguntas ao Goberno. Neste punto, dado que había dúas preguntas moi coincidentes, acumuláronse para efectos do debate. Entón, as preguntas rexistradas cos números 14465 e 14509, en aplicación do artigo 159.1 do Regulamento, ao referirse ao mesmo tema, débátese —como dicía— de xeito acumulado.

**Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da cobertura das prazas vacantes de pediatras no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras**

**Pregunta de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta terán ambos unha rolda de tres minutos, empezando por don Secundino Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Boa tarde, presidenta.

Señor conselleiro, antes de comezar gustárame, en nome do BNG, recoñecer o gran labor das nais e pais do distrito sanitario de Valdeorras na defensa da Pediatría. Vai por eles esta pregunta.

Primeiro, hai que deixar ben claro que as prazas de pediatras que existen neste centro de saúde do Barco de Valdeorras son para todo o distrito sanitario; non soamente para O Barco, senón para todo o distrito. E a falla de pediatras afecta todas as cativas do distrito, dende Viana do Bolo ata O Barco.

E, segundo, ¿sabe vostede a superficie deste distrito sanitario? Os concellos deste distrito teñen unha superficie de 1.340 quilómetros cadrados. Isto pode dar unha idea da magnitude territorial que representa este distrito do oriente ourensán. As distancias entre os concellos e o centro urbano do Barco son moi importantes; por exemplo, dende Viana, temos preto de 50 quilómetros e non menos de 40 minutos para este traxecto; dende Manzaneda, 45 quilómetros e non menos de 45 minutos; e o tempo de desprazamento á cidade de Ourense está nunha hora e media.

Estamos, polo tanto, ante a tormenta perfecta: únese a falla de Servizo de Pediatría, as distancias e as malas comunicacións.

Señor conselleiro, a situación é a seguinte: no Centro de Saúde do Barco hai tres prazas de Pediatría, como ben sabe. Destas tres prazas, unha delas leva máis de seis anos sen cubrirse;



outra está vacante dende a xubilación do seu titular no ano 2022 —isto indica que xa tiñamos un grave déficit de atención neste campo; o problema, polo tanto, xa vén de vello—; e, por último, outra praza quedou vacante a fins de outubro do ano 2024 por xubilación do seu titular. É dicir, no día de hoxe non hai ningún pediatra. ¿Sabe vostede cantos nenos e nenas ten a Xunta do Partido Popular sen atención de Pediatría en Viana do Bolo? Ten 205 nenos e nenas; na Veiga, 42; no Bolo, 32; en Petín, 68; en Larouco, 22; en Manzaneda, 49; na Rúa, 332; en Vilamartín de Valdeorras, 96; en Rubiá, 104; en Carballeda de Valdeorras, 110; e, por último, no Barco de Valdeorras, 1.566 nenos e nenas. En total, 2.626 nenos e nenas sen pediatra que os atenda.

E as cifras, estes números tan fríos, teñen detrás persoas, familias, nenas e nenos que necesitan esa atención pediátrica. Detrás destes números están tamén as nais e pais desesperados, que ven con moita preocupación a deterioración da asistencia sanitaria. ¿Como pode existir un goberno tan insensíbel que lles negue a asistencia sanitaria aos nosos nenos e nenas? ¿Como se pode castigar deste xeito a poboación do noso rural?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Conselleiro, ¿vai a Xunta de Galiza dar algunha solución a este grave problema de atención sanitaria para as nenas e os nenos de Valdeorras, cubrindo as prazas de Pediatría no Centro de Saúde do Barco?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Conselleiro, boas tardes.

Quero saudar os membros do Grupo Municipal do Barco de Valdeorras que nos acompañan.

Son xa, conselleiro, moitas as veces que a poboación da comarca de Valdeorras tivo que saír ás rúas para reclamar unha sanidade pública digna e solidaria. A discriminación en materia sanitaria que vén padecendo esta comarca é inasumible. Podería hoxe exhibir e dar conta de tantos artigos e notas de prensa como o que dura esta intervención sobre as diferentes reivindicacións nesta materia. Mire: (*A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.*) «Máis de catro mil persoas saen á calle para pedir unha sanidade pública en Valdeorras», ou a manifestación para reclamar máis servizos. (*A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento.*) A Xunta de Persoal anunciaba concentracións semanais no Barco de Valdeorras, na comarca de Valdeorras, e reclamaban cadros para atención primaria, medios humanos para o hospital, cobertura de especialidades; denuncian recortes continuados dende que a comarca deixaba





de ser área sanitaria para converterse nun hospital comarcal, que vostedes queren converter agora nun centro de saúde.

Instaban á recuperación de servizos asistenciais ante un hospital afogado, con máis problemas, con máis dificultades e con menos servizos. E o último episodio, pois iso, é que a comarca de Valdeorras queda sen pediatra; situación que derivou en protestas dos pais e das nais afectados dos concellos do Barco, da Rúa, do Bolo, de Carballeda de Valdeorras, de Laruco, de Petín, da Veiga, de Vilamartín e de Viana do Bolo.

Xa lle preguntaba a vostede esta que lle fala, en sesión plenaria, sobre a situación da Pediatría nesta comarca, dándolles voz aos pais e nais afectados, que están facendo un gran labor. ¿Que fixo vostede, conselleiro, dende aquela? Máis de dous mil quiñentos rapaces, nenos e nenas, hoxe, no distrito de Valdeorras, non teñen garantida a atención pediátrica; un distrito que chegou a contar con tres prazas de Pediatría. Ata o mes de xuño de 2022 contaba con dúas consultas, no ano 2022 xubilábase, como ben sabe, un dos pediatras, e a praza ocupábaa unha médica con formación en Puericultura, e no ano 2023 outra médica trasladábase a Sobradelo. No ano 2024 un único pediatra atendía os nenos e nenas deste distrito e xa advertiamos de que se ía xubilar.

¿É consciente, señoría, dos problemas que ocasiona á poboación de Valdeorras a carencia deste servizo esencial? Alabamos o esforzo das puericultoras, pero necesitamos dous pediatras para que realicen a preceptiva coordinación e as revisións periódicas dos nenos e das nenas.

Por iso, conselleiro, ¿como valora o Goberno galego a situación denunciada polos pais e nais afectados por esta situación e que medidas vai adoptar ao respecto? ¿Cando? ¿Que prazos nos dá para cubrir estas dúas prazas que se necesitan na comarca de Valdeorras, que vostede sabe que está caracterizada por unha problemática de dispersión xeográfica e teñen un problema moi acuciante?

Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Conselleiro, como lle dá resposta, de maneira acumulada, ten vostede seis minutos.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta, señorías, boa tarde.

Señor Fernández, señora Dacosta, teño que darlles as grazas por facerme esta pregunta e así poder contraponer os feitos reais ao alarmismo que empregan nas súas palabras.

O primeiro que quero deixar meridianamente claro é que todas as nenas e os nenos da comarca de Valdeorras teñen a asistencia sanitaria garantida. Iso é así, a pesar do gravísimo problema de falta de médicos, que vostedes non axudan, precisamente, a solucionar. É así porque na Xunta respectamos o dereito dos profesionais a xubilarse cando lles toca ou a elixir outro destino cando se abre un concurso de traslados. Considero que o que se espera



dun responsable político son certezas. E, repito, por tanto, as nenas e os nenos de Valdeorras teñen a asistencia sanitaria completamente garantida. (*Aplausos.*)

Como vostedes ben saben, no ano 2022, no Centro de Saúde do Barco de Valdeorras, tiñamos dous pediatras, ata que un marchou e foi substituído por un médico de familia con formación en Puericultura, cualificado perfectamente para a asistencia aos nenos, algo que, sinceramente, tampouco deberían criticar. En todo caso, dada a importancia que concedemos á Pediatría, na Consellería de Sanidade ofertamos esta praza polo concurso de méritos; unha nova fórmula posta en marcha este ano que busca facer as prazas máis atractivas co obxectivo de garantir a súa cobertura. Por certo, unha medida pioneira en España que nos permitiu ofertar máis de 423 prazas e que en ningún momento contou co apoio nin do Bloque nin do PSOE. Esa foi a grande achega tanto do Bloque como do Partido Socialista á Pediatría do Barco de Valdeorras, polo que agora se rasgan as vestiduras. Agardamos que algún día expliquen a esa poboación por que non queren que se cubran as prazas vacantes.

Cando se reservou o concurso, unha pediatra elixiu a praza no Barco de Valdeorras, pero, á hora de tomar posesión, facendo uso dos seus dereitos —insisto, facendo o uso dos seus dereitos—, decidiu renunciar á praza, que se mantivo así vacante. A pesar diso, o Servizo Galego de Saúde mantivo a asistencia en todo momento mediante unha reordenación da atención cunha puericultora que apoiaba outro pediatra do centro de saúde. Tan garantida estivo a atención que o cento por cento das citas de Pediatría foron atendidas en menos de dous días.

Agora está pendente de resolverse o segundo chamamento para as prazas do concurso de méritos, co que contamos cubrir a praza, e ademais, recentemente, tivemos outros procesos selectivos. O pasado mes levouse a cabo o concurso de traslados e quedan pendentes da resolución tres ofertas de emprego que en cuestión de semanas van quedar solucionadas. A partir de aí poderemos proceder ao segundo chamamento do concurso de méritos, no que temos confianza de que un novo pediatra elixa a praza do Barco de Valdeorras.

Na Consellería de Sanidade podemos dicir coa cabeza alta que garantimos a asistencia sanitaria ás nenas e aos nenos de Valdeorras e que facemos todo o posible por cubrir as prazas de Pediatría, mentres vostedes só poñen paus nas rodas. Como vostedes mesmos sinalaron, este mes de novembro o pediatra titular que quedaba xubilouse, e podemos comprender a incerteza dos pais e nais dos cativos. O que non é lexítimo é o seu alarmismo nin as súas falsidades. ¿Teñen as nenas e os nenos de Valdeorras a atención sanitaria garantida? ¡Por suposto!, en todo momento. Desde a Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco realizouse unha reorganización dos dispositivos sanitarios para continuar prestando en todo momento a atención pediátrica que se viña dando con normalidade. Así pois, os dous cupos de Pediatría do Barco de Valdeorras atópanse cubertos por profesionais sanitarios, que reparten a atención, concretamente, con tres puericultores, que son quen de manter as axendas de Pediatría do Barco de Valdeorras ao día, e todo isto co apoio do pediatra do hospital comarcal, cando é preciso e necesario.

Vostedes isto non o saben, ou simplemente non o queren contar aquí. Datos da semana pasada: o cen por cento dos cativos da comarca teñen cita en menos de dous días. ¿Onde



está a falta de asistencia sanitaria? Neste punto gustaríame pór en valor o traballo realizado polos profesionais sanitarios, que están botando unha man para garantir a atención dos máis pequenos. Non vou consentir que se poña en dúbida, como se fixo, a profesionalidade e a formación de profesionais sanitarios cunha longa experiencia que o único que fan é axudar nunha circunstancia de escaseza xeral de profesionais. Deberían tomar nota e seguir o exemplo. Os profesionais, como son vostedes, son conscientes da situación de escaseza de pediatras que hai na atención primaria. A diferenza é que eles actúan en consecuencia e atenden os cativos dun xeito correcto, porque a súa formación así o acredita. Vostedes, lonxe de pensar en axudar, tentan rascar algún rédito político.

A Consellería de Sanidade sempre fixo unha aposta decidida polos pediatras de atención primaria, xa que aquí contamos cunha das taxas máis baixas de ocupación de prazas de Pediatría por médicos de familia. Somos unha das poucas comunidades onde a atención pediátrica é realizada en case o noventa por cento dos casos por especialistas en Pediatría. Considero que son profesionais válidos aos que, lonxe de cuestionalos, temos que agradecerlles a súa dedicación nesta situación. A voluntariedade e o bo facer destes profesionais merece todo o noso respecto, e considero que as descualificacións feitas por algún dos grupos políticos son totalmente desacertadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Señor conselleiro, atención sanitaria sen pediatras. Iso é o que hai: atención sanitaria sen pediatras. (*Aplausos.*)

Vostedes son o Goberno, son os que teñen que dar as solucións; non poden botarlle a culpa á oposición de non ter pediatras. Supoño que para iso está aí de conselleiro e para iso é o que ten o cargo da sanidade. (*Aplausos.*) Non lle dea máis voltas, non maree a perdid, basta xa de excusas de mal pagador. A situación é insostíbel desde o mes de novembro. Desde o mes de novembro non hai pediatras en Valdeorras. Xa sabemos que hai puericultores, xa o sabemos, pero non hai pediatras. En pleno século XXI, a poboación de Valdeorras non ten pediatras, ¡en pleno século XXI! As 2.626 nenas e nenos do distrito sanitario —datos do INE, por se non os cre— necesitan ter ese facultativo para que os atenda e teñan esa continuidade da atención asistencial. Hai que darlles unha solución. Dende a pasada primavera as nais e pais de Valdeorras están denunciando esta situación da atención pediátrica, veñen facendo mobilizacións, comunicándolle ao Sergas a situación, explicando que esta situación sería insostíbel a partir de outubro. E o Sergas fai ouvidos xordos, dá a calada por resposta e non dá ningunha solución a este grave problema de atención sanitaria. As nais e os pais xa están desesperados e ven con moita preocupación a falla de atención sanitaria pediátrica, un dereito básico e primordial para os cativos e cativas de Valdeorras; e non só as nais e os pais, tamén os concellos afectados empezan a tomar resolucións.



Así, o Concello do Barco de Valdeorras e o de Viana do Bolo tomaran xa senllos acordos por unanimidade para pedir e demandar a atención pediátrica. Si, concelleiros do seu propio partido político, do Partido Popular, tamén votaron a favor; no caso de Viana incluso están no Goberno e votaron a favor da atención pediátrica en Valdeorras, que non existe.

Conselleiro, ¿por que trata desta forma, deste xeito, a poboación do distrito sanitario de Valdeorras? As cativas e cativos de Valdeorras non poden ser tratados... Os pais e nais non queren...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Rematou o seu tempo, señor Fernández.

Moitas grazas.

Réplica da señora Carmen Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Conselleiro, non descualificamos, falamos dunha realidade. A única verdade é que no Barco de Valdeorras, no distrito de Valdeorras, non hai pediatra. Esta é a realidade. Non maree a perdiz botándolle a culpa aos que non gobernamos.

Resulta incuestionable, señor conselleiro, que o mantemento no tempo da situación aquí descrita conculca de maneira flagrante un dereito fundamental, como é o da asistencia sanitaria; un incumprimento da autoridade sanitaria galega que se volve máis grave por afectar, como é o caso, un colectivo tan sensible e desvalido como é o da infancia. Non debera ser preciso engadir máis para que a Xunta de Galicia poña sobre a mesa unha solución pronta e completa.

Piden os afectados a cobertura de, polo menos, dúas prazas de Pediatría, e non é moito pedir. Déase conta, conselleiro, da carencia asistencial e da desigualdade que están sufrindo os nenos e nenas desa comarca, que se caracteriza, como dicía antes, pola dispersión xeográfica.

A responsabilidade, conselleiro, repártese entre os responsables da Área Sanitaria de Ourense, do distrito e da propia consellería, tamén de vostede, que é a cabeza desta consellería. Porque agora tamén temos outros problemas en Valdeorras, que sairán á luz, porque se trasladan máis de quince médicos e resulta que están alargando tres ou catro o seu traslado. E tamén terá que dar conta desta situación, porque a Xunta de Persoal —xa lle dicía— xa lle avisara con antelación de atrasos continuados nos procesos de oposicións. E dígame unha cousa: ¿tamén teñen o Bloque Nacionalista —que preguntou antes— e o PSdeG culpa de que só teñamos en Ourense unha ambulancia do 061, cando Lugo, por exemplo —que tamén é unha zona interior— ten tres, unha en Burela e unha en Monforte? Pois nós temos esa discriminación, señor conselleiro, pero tamén temos agora esta, que é tamén moi grave, a do pediatra, e ten que solucionala, que para iso goberna, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta, para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor Caamaño.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta, señorías.

Como o disco de Jane's Addiction, *O Ritual do Habitual*, nada lles vale. Non lles vale que respectemos o dereito dos profesionais e a mobilidade laboral; non lles vale que os profesionais se xubilen, pero tampouco queren apoiarnos cando pedimos que se lles permita, a aqueles médicos que poden e desexan continuar no exercicio máis alá dos sesenta anos, que poidan facelo; non lles vale con que convoquemos as prazas de Pediatría do rural mediante concursos de méritos para postos de difícil cobertura... Vostedes, iso si, denuncian a falta de cada médico, pero cando propoñemos medidas para solucionar ese problema, poñen obstáculos e votan en contra. Non lles vale que reorganicemos os recursos dispoñibles para garantir a asistencia sanitaria ás nenas e nenos de Valdeorras. Iso non encaixa ben con esa descrición apocalíptica, coa situación que tanto lles gusta repetir. Nin tampouco lles vale que estes nenos teñan cita co médico en menos de dous días. E non lles vale porque non lles importa nada a Pediatría do Barco, o único que queren é alporizar a xente, creando alarmismo con feitos que nin sequera existen. Incluso menten nos datos da poboación en idade pediátrica.

A señora Dacosta reflectía na súa iniciativa que hai máis de 2.000 nenos e o señor Fernández falaba de máis de 2.500 nenos. ¿Sabem cantos son os nenos que teñen asistencia no Barco de Valdeorras? 1.848; unha diferenza de máis de 600 nenos. Deberían explicarlles vostedes ás nais e aos pais da comarca de Valdeorras por que se opoñen a que se cubran cos procesos extraordinarios as prazas de difícil cobertura. Expliquen por que votan sempre en contra das iniciativas debatidas aquí neste Parlamento coas que o Goberno galego busca cubrir as prazas baleiras de médico de familia e de Pediatría. Vostedes poñen trabas a solucións, por iso dubido de que verdadeiramente o que busquen sexa mellorar a atención sanitaria da comarca; máis ben, polo contrario, buscan conseguir un réditto político que non logran nas urnas.

Miren, a situación da Pediatría do Barco é un problema común que non só temos en Galicia. Sabemos moi ben da carencia de pediatras e da escaseza xeneralizada de profesionais da especialidade de Pediatría. Non é só unha problemática galega, senón que se dá no conxunto do Estado. Desde a Consellería de Sanidade levamos sete anos ofertando o cen por cento das prazas formativas en medicina de familia e en Pediatría, e contratamos o cen por cento dos profesionais dispoñibles, instándoos a listas de contratación a cero, ¡a cero! É evidente que o maior reto ao que se están a enfrontar os servizos de saúde en todo o Estado é a dificultade para atopar profesionais en determinadas especialidades.

Por iso, os orzamentos do próximo ano miran cara ao futuro neste aspecto, incrementan un 7,2 por cento o gasto en formación especializada ata alcanzar os 84,5 millóns de euros. Por todo iso, dende o ano 2019 levamos aumentando as prazas ofertadas ata o máximo permitido.

Esas medidas véñse reflectidas, como dixen, na elevada taxa de ocupación das prazas de Pediatría por pediatras, sendo esta cobertura de case o noventa por cento, pero tamén no número de pediatras asignados a atención primaria. No día de hoxe hai máis pediatras asignados a atención primaria que cando vostedes gobernaban, coa única diferenza de que agora Galicia conta con case 30.000 nenos menos.



Nós queremos continuar formando máis médicos de familia e pediatras, pero iso xa non está na nosa man porque chegamos ao noso teito formativo. As competencias para cambiar isto residen no Ministerio de Sanidade, un ministerio que leva seis anos de inacción, con seis ministros distintos, os cales non foron quen de tomar cartas nun asunto que xera consenso ata en comunidades de distinto signo político. A falta de vontade política do Goberno central —ao que vostedes apoian— é a causante de que a situación continúe deteriorándose, sen pór remedio ao verdadeiro problema que todos sufrimos.

Pola nosa parte, asegúrolles que non vai ser. No caso do Barco de Valdeorras podo dicir-lles que a atención estivo, está e estará garantida, polo que os cativos non van ter problemas de atención. Agardamos que a solución dos diferentes procedementos selectivos se vaia esclarecendo e O Barco poida contar máis pronto que tarde cos pediatras que precisa. O noso compromiso coa sanidade da comarca é amplo, e así o demostramos no Hospital público do Barco de Valdeorras, onde nos últimos anos realizamos diferentes intervencións: remodelación das consultas externas, nova área de cirurxía maior ambulatoria, renovación do Hospital de día para os pacientes oncohematolóxicos ou a nova farmacia hospitalaria.

En relación co concurso de traslados do Hospital Comarcal de Valdeorras, o Sergas adopta as medidas necesarias para garantir a axeitada prestación sanitaria aos pacientes do Hospital público do Barco de Valdeorras sen que en ningún momento haxa falla asistencial. Estas medidas teñen unha incidencia mínima —menos do sete por cento do persoal facultativo trasladado—, e están previstas nas bases que regulan estes traslados anuais.

Creemos nos hospitais comarcais como centros fundamentais do Sergas, que aproximan a asistencia e vertebran todo o territorio. Por iso, continuaremos levando a cabo medidas que as modernicen e reforcen as súas plantillas, co obxectivo último de mellorar a atención sanitaria de todas as galegas e galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coa última pregunta desta sesión plenaria.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a posible transferencia en Galicia dos usuarios de Muface á sanidade pública**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta e polo tempo —que sabe— de tres minutos, ten a palabra a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señor conselleiro.





Nas últimas semanas coñecemos que as principais aseguradoras decidiron non presentarse ao concerto da mutualidade dos funcionarios, Muface. Segundo as compañías, isto é consecuencia do infrafinanciamento do sistema. Curiosamente, varias das aseguradoras si se presentaron ás mutualidades dos funcionarios de xustiza, por exemplo, Mugeju, ou do Exército, Isfas. Non entendemos este desprezo do Goberno central por Muface, que máis ben parece algo intencionado e ideolóxico.

A realidade, señor conselleiro, é que máis dun millón e medio de usuarios de Muface neste país —unhas 63.000 persoas na nosa comunidade— quedarían sen prestación sanitaria no caso de que o Goberno de España non poña remedio a esta situación. E despois asistimos á guerra entre ministerios; ministerios xestionados polos diferentes partidos políticos da coalición de Goberno. Por un lado, o Ministerio de Sanidade emite un informe, sendo consciente de que a decisión depende do Ministerio de Función Pública, no que aposta firmemente —ese Ministerio de Sanidade— pola disolución de Muface.

Señorías, pensamos que hai decisións que convén sopesar moito. Estamos falando de saúde, e o peor que lle pode pasar a un doente é que o deixen de atender. Detrás disto hai familias, moitas familias; falamos de persoas con patoloxías en seguimento polos seus profesionais que non teñen certeza de que é o que vai pasar con eles. Hai moita incerteza. Os usuarios xa recibiron cartas co cesamento do concerto a 31 de xaneiro do 2025, canceláronse cirurxías, probas, consultas... Como digo, existe moita incerteza e moita desazón entre os doentes.

É certo que hoxe vemos unha noticia, que o Goberno prorrogará o contrato de Muface, e aquí leo textualmente: «*El Gobierno ultima una reforma para mejorar el modelo. El Ministerio de Función Pública descarta eliminar el mutualismo en contra del criterio de Sanidad*».

Seguimos vendo ese desacordo entre ministerios. A dúbida, desde logo, e a incerteza están creadas. Hai unhas semanas que nós trouxemos, precisamente á Comisión 5ª, de Sanidade, unha PNC para instar a Xunta a dirixirse ao Goberno de España para reclamar que o Executivo central —que é o único responsable nesta materia— puxese as medidas precisas. Curiosamente, o Bloque Nacionalista Galego non nos apoiou nesta proposición. Hoxe, día 4 de decembro, acaba o período de consulta pública ao mercado.

Señor conselleiro, nós, desde o Grupo Popular, estamos preocupados por todas estas familias, por todos estes doentes, e queremos preguntarlle: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia da posible transferencia de usuarios de Muface á sanidade pública? E tamén lle queremos preguntar se recibiron algunha información por parte do Goberno central sobre as previsións neste tema.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Amigo.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor Gómez Camaño.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, presidenta.

Señora deputada, a pregunta que me formula vostede hoxe é especialmente pertinente polo impacto que pode supoñer no sistema sanitario público galego o paso deses asegurados de Muface ao Sergas. No Executivo autonómico estamos francamente preocupados ante esta posibilidade, e máis cando carecemos de calquera información oficial sobre os plans que manexa o Goberno de España para garantir a prestación sanitaria aos mutualistas de Muface. O certo é que desde o pasado 5 de novembro, cando quedou deserta a licitación do concerto para a asistencia sanitaria aos asegurados de Muface, as comunidades autónomas non recibimos ningún tipo de información sobre o que ten pensado facer o Goberno ao respecto. E o máis preocupante é que coñecemos polos medios de comunicación a intención do Ministerio de Sanidade de integrar os mutualistas de Muface no sistema sanitario público de saúde. Isto sen diálogo previo ningún coas comunidades, que somos quen sufriremos nos nosos sistemas públicos o impacto desta decisión, que, sen dúbida, terá nefastas consecuencias na atención dos nosos pacientes, fundamentalmente en termos de listas de espera.

Señorías, estamos desconcertados. Por un lado, vemos como os responsables da función pública do Goberno de España apostan por unha nova licitación do concerto. Por outra banda, a ministra de Sanidade pretende liquidar Muface e pasarlles a pataca quente ás comunidades, que temos as responsabilidades directas da prestación sanitaria.

Vemos esta situación como un debate ideolóxico entre dous ministerios, como unha nova mostra da falta de coordinación no Goberno de España e como unha clara ausencia dun obxectivo común e dun rumbo claro do Executivo central a prol dos intereses xerais. Mire, o informe do Ministerio de Sanidade foi publicado tan só cinco días despois de que a licitación quedase deserta. Este informe límitase a vinte páxinas, que reafirman os delirios ideolóxicos da ministra. Sostén que en nove meses de prórroga do contrato vixente as comunidades autónomas temos que apañarnos para prestar atención sanitaria a todos os mutualistas, e iso, sen nin sequera sentarse a falar con nós, que somos os afectados. O único que demostra ese informe é un descoñecemento absoluto —unha vez máis— da xestión sanitaria real, que reside nas comunidades autónomas. Coido que só alguén totalmente afastado da realidade do que supón a xestión do sistema sanitario e totalmente ausente ante o grave déficit de profesionais sanitarios podería propoñer idea semellante.

Polo tanto, señoría, o que lle pedimos ao Goberno de España é cordura e coordinación; demandámoslle información e transparencia, que explique ás comunidades os seus plans con Muface e as alternativas que baralla para garantir a prestación sanitaria a curto e medio prazo, garantindo asistencia a todos os mutualistas de Muface. O que non é admisible é que o Goberno non achegue solucións e transfira os problemas ás comunidades.

Polo momento, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.



Para a réplica, a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Vemos que a comunicación co Goberno central é nula —nada novo—. Semella que vivimos tempos convulsos, cun presidente do Goberno que está no cargo sustentado por socios que continuamente o retan e ao que non lle queda outro remedio que achantar co que os socios mandan. E no que atinxe á sanidade, xa o dixo vostede antes: desde o ano 2018, seis ministros en seis anos; o último regaloullo a Sumar, e esa ministra está empeñada —obsesionada, podemos dicir— en eliminar Muface. Parece que as dúas correntes do Goberno difiren. Por un lado, Función pública —que xa falamos disto—. O verdadeiro responsable do problema, o señor Óscar López —que estes días ten outros asuntos que parece que lle ocupan máis— propón volver licitar, cun maior importe. Por outro lado, o Ministerio de Sanidade, que propón eliminar Muface e que a sanidade pública absorba todos os seus adscritos, e así o reflectiu nun informe que publicou e que vimos hai uns días.

Pero, señor conselleiro, hai decisións que convén sopesar moito. Como dicía antes, estamos falando de saúde, estamos falando de moitas familias que nestes momentos teñen moitas incertezas, e o peor que lle pode pasar a un doente é que o deixen de atender. En Galicia temos máis de sesenta e tres mil afectados con moita incerteza, que non merecen. Por iso nós traemos esta pregunta.

Aquí, nesta segunda quenda, eu agradeceríalle que, se pode, nos detalle máis concretamente a afección que este desconcerto tería en Galicia. Xa noutras oportunidades tivemos que facernos cargo de cousas que dependen da sanidade do Goberno central, como foi o problema dos cárceres, que recaeu sobre o Sergas en moitas ocasións. Por iso hoxe quería que nos respondese, se pode ser, á afección que o desconcerto tería en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para a réplica do Goberno, o señor Gómez Caamaño.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, señora deputada.

Ante a falta de información por parte do Goberno, desde a Xunta non podemos quedar con brazos cruzados, temos que estar preparados ante calquera eventualidade, e por iso estamos xa avaliando o impacto a nivel asistencial que provocaría o traspaso dos mutualistas ao Servizo Galego de Saúde.

Os datos que manexamos indicánnos que, de materializarse os plans da ministra, máis de 58.000 mutualistas residentes en Galicia serían transferidos ao Sergas, o que significa un incremento de usuarios de máis dun dous por cento. Se ben en cifras relativas isto pode parecer pouco, a realidade é que o impacto na sanidade pública galega sería considerable; suporía a necesidade de contratación de decenas de profesionais nun contexto de déficit acusado de persoal nas especialidades máis demandadas e suporía un incremento notable no tempo medio de espera para os pacientes, tanto en cirurxías como en consultas. Por po-



ñerlle un exemplo cunha aritmética sinxela, as *ratio* máximas recomendadas polo Ministerio de Sanidade para médicos de familia é de 1.500 cartillas. Se dividimos os 58.000 novos asegurados entre 1.500, daríanos que precisaríamos arredor de corenta médicos de familia máis para atender o incremento de demanda asistencial. ¿Onde están eses profesionais sanitarios? Iso só en medicina de familia de atención primaria. Imaxinen se sumamos consultas con especialistas, probas radiolóxicas, intervencións cirúrxicas, a enfermaría, persoal administrativo... Claramente, señoría, non é unha situación que se poida solucionar e adaptar en tan só nove meses, como propón a ministra.

Pero a problemática vai máis alá do incremento das listas de espera e do agravamento do déficit de profesionais. Ese apresurado traspaso dos mutualistas ao sistema sanitario público repercutiría negativamente —que é o importante— nos pacientes das mutuas, xa que non está garantida a súa continuidade asistencial ao carecer o sistema sanitario privado dunha historia clínica similar á nosa, ao Ianus. E esa continuidade asistencial, como vostedes ben saben, é fundamental na asistencia médica dos pacientes, por iso é necesario contar coa súa historia clínica. Hai que ter en conta que eses máis de 58.000 mutualistas non son só un número, son persoas, cada unha coas súas particularidades médicas, coa súa relación de confianza co seu médico de cabeceira e coas súas necesidades específicas e prioridades; circunstancias que o Ministerio de Sanidade parece non ter en conta. Estamos ante un problema grave. Pedímoslle ao Goberno que o aborde con seriedade e coa responsabilidade que merece. Pedímoslle que non dea bandazos e que adopte as medidas necesarias para garantir a plena asistencia sanitaria aos mutualistas, porque, do contrario, ese traspaso agravará a falta de médicos e terá consecuencias para os pacientes en termos de incrementos de listas de espera, tanto en consultas como en intervencións cirúrxicas.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Como lles indiquei, esta era a última pregunta da orde do día.

Por conseguinte, rematou a sesión.

Boa tarde a todas e todos.

*Remata a sesión ás catro e cincuenta e un minutos da tarde.*

